

COLECCIÓN DE ARTE

PARLAMENTO DE GALICIA

EDITA

Parlamento de Galicia

PRODUCCIÓN EDITORIAL

Bolanda, ediciones y marketing

TEXTOS

Francisco Javier Limia Gardón

FOTOGRAFÍA

Per Rueda

ILUMINACIÓN DE FOTOGRAFÍA

Elia Fuentes

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Sebastián Pazos

COLECCIÓN DE ARTE

PARLAMENTO DE GALICIA

© **TODOS OS DEREITOS RESERVADOS**

IMPRESO EN GALICIA



L I M I A R

O Parlamento de Galicia, cerne da autonomía política da Comunidade, atesoura unha das máis valiosas e variadas coleccións públicas de arte galega contemporánea. Un auténtico tesouro froito do talento creativo dos seus autores e autoras e tamén do compromiso inequívoco coa arte galega dos diferentes equipos reitores da Cámara lexislativa. Un tesouro, en suma, que é de todos e para todos, e tamén unha ferramenta poderosa de difusión da nosa cultura, dentro e fóra das nosas fronteiras xeográficas.

A dimensión cuantitativa e cualitativa que esta colección de arte foi adquirindo co paso do tempo, desde aquel arredado 19 de decembro de 1981, cando o Parlamento de Galicia botaba a andar nunha sede que nin sequera era de seu, o arcebispo Pazo de Xelmírez, fai que cada día nos sintamos máis orgullosos dela, ao tempo que redobramos os esforzos para a dar a coñecer, tanto entre os expertos como entre o público en xeral.

Dun tempo a esta parte, o Parlamento de Galicia está inmerso nunha estratexia de apertura á sociedade co obxectivo de que a xente nos coñeza mellor, porque —hai que o recoñecer— o Poder Lexislativo segue a ser, e non só en Galicia, un gran descoñecido.

Con ese obxectivo impulsamos diferentes iniciativas orientadas a facilitar as visitas á nosa sede, o Pazo do Hórreo, durante as cales os seus protagonistas teñen ocasión de se achegaren ao universo creativo galego do século XX e de comezos do XXI.

Este rico patrimonio artístico, sempre ao dispor da sociedade, tanto a través das visitas guiadas como do programa de préstamos e intercambios con outras institucións e entidades, estaba pendente de ser recompilado nunha publicación de gran formato como a que o lector ten nas súas mans. Coidadas reproducións fotográficas acompañadas do texto erudito do doutor en Historia da Arte e profesor Francisco Javier Limia Gardón conforman este volume.

Trátase dun catálogo da colección de arte do Parlamento de Galicia, pero non é menos certo que podería ser utilizado como manual a través do que aproximarse, desde o rigor e a pluralidade, ao extenso universo da creación artística galega contemporánea.

No seu célebre discurso *Alba de Gloria*, do que neste 2018 se celebra o seu 70 aniversario, Castelao afirmou que «os escultores Moure e Ferreiro, xunto cos arquitectos Andrade e Casas e Nóvoa, ceibaron de cadeas a nosa orixinalidade oprimida».

Por fortuna, desde hai máis de catro décadas, España e Galicia viven e exprésanse en liberdade, ceibes de cadeas en virtude da Constitución e o Estatuto de Autonomía. A orixinalidade artística de Galicia pode tamén parabenizarse, pois protagoniza un rexurdimento vizoso, e a todos os seus creadores —pasados, actuais e futuros— rendemos tributo neste libro.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia

COLECCIÓN DE ARTE











P.4.

Casas



Arturo Cifuentes
1993






Detalle













1. Ladys coruñesas II 50x170 cm
2. Ladys coruñesas III 50x170 cm



1



2






























BLINDFOLDED ARCHER I P. A. II/V

Roberto González Fernández 1995




CÓMEME P. A. VI/X

Roberto González Fernández 1995













1



2



1. Sen título Serigrafía 31/125 / 29x38 cm
2. Sen título Serigrafía 31/125 / 29x38 cm
3. Sen título Serigrafía 31/125 / 29x38 cm
4. Sen título Serigrafía 31/125 / 29x38 cm

1



2



3



4





1. Sen título Serigrafía 59/150 / 29x22 cm
2. Sen título Serigrafía 59/150 / 29x22 cm

1




2















1. Exterior lado izquierdo
2. Exterior lado derecho



1. Interior lado izquierdo
3. Interior lado derecho



2. Interior centro Técnica mixta / 138x510 cm 2012





1. *Sima n°1*
2. *Sima n°2*

1



2









1. Retrato da Raiña Sofía / 130x195 cm 1994
2. Retrato do Rei Xoán Carlos / 130x195 cm 1992

1




2












































































































































- 1. Muiño de Melide / 68x84 cm
- 2. Añoranzas de Portugal / 62x74 cm
- 3. Barco varado / 65x80 cm

- 4. Dársena / 100x80 cm
- 5. Marina sosiego / 100x80 cm

1



2



3



4



5



- 1. Sen título / 28x21 cm
- 2. Sen título / 36x42 cm
- 3. Sen título / 20x28 cm
- 4. Sen título / 20x27 cm

1



2




3



4





COLECCIÓN DE ARTE








1. Maternidade / 173x46x28 cm 1993
2. Venus / 106x22x13 cm 1994

1



2
























1. Peza principal / 250x55x50 cm
2. Elemento mural I / 260x120x36 cm
3. Elemento mural II / 260x120x36 cm

1



2



3



COLECCIÓN DE ARTE







COLECCIÓN DE ARTE

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na cidade de Santiago de Compostela, pazo de Raxoi a 25 de xullo de 1977.
 Hoxe, Día de Galicia, reuníuse o parlamentarios galegos:
 Diputados por La Coruña; Diputados por Lugo; Diputados por Ourense; Diputados por Pontevedra. Senadores por La Coruña; Senadores por Lugo; Senadores por Ourense; Senadores por Pontevedra e Senadores por designación real.
 Aberto o acto e ~~comparación~~, os parlamentarios compareceron, no seu propio nome e no dos ausentes, a os que, por diversas causas, non puideron

imponible a sua ^{presencia}, proceden a declarar constituída formalmente a Asamblea de Parlamentarios de Galicia coa tarefa primordial de recabar, na defensa dos intereses e arelas do pobo, o Estatuto de Autonomía. Para iso proceden a crear unha comisión encargada de xestionar co Goberno o Reximén Provisional de Autonomía, cuos membros serán designados na xuntanza que a propia Asamblea propoñese celebrar o proximo día 30.
 Despois, e na morribra, se procede á aprobación do Regulamento de Reximén Interior e acorda nomear coordinador a Dr. Enrique Roca Roca.
 Seguinte a Dr. Perfecto Vázquez Andueza renovado o acto suscribiu a presente

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

José Luis Méndez Gil
 Domingo Fontán Domínguez
 José Manuel Cuevas Taboada
 Manuel Quiñones
 Víctor M. Quiñones
 Francisco Coqueiro Barba
 Fermín Zelada de Badoño Morera
 José Luis Fontán
 Antonio Vázquez Ciller

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gerardo Harguierán Bonet. Senador (P.P.)
 Nona Inés Vilarinho Salgado. Diputado (Cda Coruña)
 Juan González Vázquez. Diputado por Lugo
 José Quiroga Suárez. Senador (Ourense)
 José Manuel Cuevas Taboada (Lugo) Diputado
 Manuel Quiñones, Senador - Lugo
 Víctor M. Quiñones, Senador - Pontevedra
 José Manuel Cuevas Taboada, Senador - Lugo
 Manuel Quiñones, Senador - Ourense
 Fernando Barba Barba, Senador - Pontevedra
 Estanislao Roca Roca











COLECCIÓN DE ARTE

- 1. Galicia **U.T.E Lepina - Peña internacional** / 200x150 cm 1999
- 2. Galicia **Monxas Clarisas** / 230x160 cm 1993
- 3. Galicia **Monxas Clarisas** / 220x140 cm Sen datar
- 4. Ourense **Monxas Clarisas** / 230x160 cm 1998

- 5. Mondoñedo **Monxas Clarisas** / 230x160 cm 2000
- 6. Lugo **Monxas Clarisas** / 230x160 cm 2000
- 7. Santiago **Monxas Clarisas** / 230x160 cm 1998
- 8. Tui **Monxas Clarisas** / 230x160 cm 2000

1



3



5



7



2



4



6



8



- 1. Betanzos **Monxas Clarisas** / 230x160 cm 2000
- 2. A Coruña **Monxas Clarisas** / 230x160 cm 2000
- 3. Galicia **Xabier Rodríguez Gómez** / 165x150 cm 2002
- 4. Gondomar **Xabier Rodríguez Gómez** / 190x180 cm 2004

1



2



3






4



COLECCIÓN DE ARTE



1. Vidreira tribuna hemiciclo / 2,40x0,695 m
2. Vidreira principal hemiciclo / 12,85x2,60x14,82 m
3. Vidreira tribuna hemiciclo / 2,40x0,683 m
4. Vidreira principal hemiciclo / 12,85x2,60x14,82 m



1. Vidreira esquerda na entrada á tribuna do hemiciclo / 2,24x2,58 m

2. Vidreira vestíbulo / 10,70x5,60 m

3. Vidreira direita na entrada da tribuna do hemiciclo / 2,24x2,58 m



COLECCIÓN DE ARTE

- 1963 Rosalía de Castro (1837 - 1885)
- 1964 Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886 - 1950)
- 1965 Eduardo Pondal Abente (1835 - 1917)
- 1966 Francisco Añón Paz (1812 - 1878)

- 1967 Manuel Curros Enríquez (1851 - 1908)
- 1968 Florentino López-Alonso Cuevillas (1886 - 1958)
- 1969 Antonio Noriega Varela (1869 - 1947)

1963



1964



1965



1966



1967



1968



1969



- 1970 **Marcial Valladares Núñez** (1821 - 1903)
- 1971 **Gonzalo López Abente** (1878 - 1963)
- 1972 **Valentín Lamas Carvajal** (1849 - 1906)
- 1973 **Manuel Lago González** (1865 - 1925)

- 1974 **Xoán Vicente Viqueira** (1886 - 1924)
- 1975 **Xoán Manuel Pintos** (1811 - 1876)
- 1976 **Ramón Cabanillas Enríquez** (1876 - 1959)
- 1977 **Antón Villar Ponte** (1881 - 1936)

- 1978 **Antonio López Ferreiro** (1837 - 1910)
- 1979 **Manuel Antonio Pérez Sánchez** (1900 - 1930)
- 1980 **Alfonso X O Sabio** (1252 - 1284)
- 1981 **Vicente Martínez Risco y Agüero** (1884 - 1963)

1970



1971



1976



1977



1972



1973



1978




1979



1974



1975



1980



1981



- 1982 **Luis Amado Carballo** (1901 - 1927)
- 1983 **Manuel Leiras Pulpeiro** (1854 - 1912)
- 1984 **Armando Cotarelo Valledor** (1879 - 1950)
- 1985 **Antón Lousada Diéguez** (1884 - 1929)

- 1986 **Aquilino Iglesias Alvariño** (1909 - 1961)
- 1987 **Francisca Herrera Garrido** (1869 - 1950)
- 1988 **Ramón Otero Pedrayo** (1888 - 1976)
- 1989 **Celso Emilio Ferreiro** (1913 - 1979)

- 1990 **Luis Vázquez Fernández Pimentel** (1897 - 1958)
- 1991 **Alvaro Cunqueiro Mora** (1911 - 1981)
- 1992 **Fermin Bouza Brey** (1901 - 1973)
- 1993 **Eduardo Blanco Amor** (1897 - 1979)

1982




1983



1988



1989



1984



1985



1990



1991



1986



1987



1992



1993



- 1994 **Luis Seoane López** (1910 - 1979)
- 1995 **Rafael Dieste Gonçalves** (1898 - 1981)
- 1996 **Xesús Ferro Couselo** (1906 - 1975)
- 1997 **Ánxel Fole Sánchez** (1903 - 1986)

- 1998 **Martín Codax | Mendiño | Xoán de Cangas** (S. XIII - XIV)
- 1999 **Roberto Blanco Torres** (1880 - 1936)
- 2000 **Manuel Martínez Murguía** (1833 - 1923)
- 2001 **Eladio Rodríguez González** (1864 - 1949)

- 2002 **Frei Martín Sarmiento** (1695 - 1772)
- 2003 **Antón Avilés de Taramancos** (1935 - 1992)
- 2004 **Xaquín Lorenzo Fernández** (1907 - 1989)
- 2005 **Lorenzo Varela Vázquez** (1916 - 1978)

1994



1995



2000



2001



1996



1997



2002



2003



1998



1999



2004



2005



- 2006 **Manuel Lugo Freire** (1863 - 1940)
- 2007 **María Mariño Carou** (1907 - 1967)
- 2008 **Xosé María Álvarez Blázquez** (1915 - 1985)
- 2009 **Ramón Piñeiro López** (1915 - 1990)

- 2010 **Uxío Novoneyra** (1930 - 1999)
- 2011 **Lois Pereiro** (1958 - 1996)
- 2012 **Valentín Paz Andrade** (1898 - 1987)
- 2013 **Roberto Vidal Bolaño** (1950 - 2002)

- 2014 **Xosé María Díaz Castro** (1914 - 1990)
- 2015 **Xosé Filgueira Valverde** (1906 - 1996)
- 2016 **Manuel María Fernández Teixeira** (1929 - 2004)
- 2017 **Carlos Casares Mourino** (1941 - 2002)

2006



2007



2012



2013



2008



2009



2014



2015



2010



2011



2016



2017



2018 **María Victoria Moreno** (1939 - 2005)

2018



Contido

PINTURA

Abelenda Escudero, Alfonso Pedro “Alfonso Abelenda”		Fernández Sánchez, José		Matas García, Manuel		Prego de Oliver, Manuel	
<i>A Coruña</i>	10	<i>Unha anciá</i>	43	<i>Retrato de Rosalía de Castro</i>	104	<i>A Barca</i>	138
Barbé, Michèle		Frau y Ruíz, José María Isidro “José Frau”		<i>Retrato de Castelao coa</i>		Prieto López, Fernando José	
<i>Flux-Inflùx 74</i>	12	<i>Bodegón de flores</i>	193	<i>Catedral de Compostela ó fondo</i>	105	<i>Se nos escapa la paz</i>	140
Barreiro Gómez, Xosé María		García Mourón, Carlos		<i>Retrato da Raiña Sofía</i>	106	Puente Díaz de la Rocha, Rogelio	
<i>Faro da Illa de Ons</i>	14	<i>Cruceiro de las cinco calles</i>	44	<i>Retrato do Rei Xoán Carlos</i>	106	<i>Retrato de D. Tomás Pérez Vidal</i>	141
<i>O gaiteiro</i>	15	García Patiño, Antonio		<i>As SS. MM. Os Reis de España</i>	107	Pulido Novoa, Antón	
<i>Santiago 2000 Capital Europea</i>	16	<i>Santiago a cabalo</i>	45	<i>Retrato de D. Jose María García Leira</i>	108	<i>Camiñante VII</i>	142
Borrajo Domarco, Ramón “Moncho Borrajo”		García Rivas, Xulio		<i>Retrato de D. Víctorino Núñez Rodríguez</i>	109	<i>Músico</i>	143
<i>Cadro n°35</i>	13	<i>Paixase 7. 10</i>	46	<i>Santiago desde O Pedroso</i>	110	Quesada Blanco, Jaime José	
Caamaño Fernández, Rosa Elvira		González Aller, Nicolás		Mejuto Seoane, Víctor		<i>Win Zip XXI</i>	146
<i>Niña con gato</i>	17	<i>A lenda de Triacastela Vª dimensión</i>	48	<i>El lavatorio de Tintoretto</i>	96	Quesada Porto, Antonio	
Casas Julián, Víctor		González Caporale, Alejandro		Moreiras Blanco, Baldomero “Moreiras”		<i>Gaiteiros no camiño</i>	144
<i>Veladores I</i>	18	<i>Bitá</i>	50	<i>Vía da Prata</i>	113	Quesada Porto, Jaime “Xaime Quesada”	
Cifuentes Pérez, Arturo		González Cruz, Alejandro “Alexandro”		Muntaner Pedrosa, Ernesto		<i>A Bandeira</i>	148
<i>Carballeiras</i>	19	<i>Sen título</i>	51	<i>Recordando el mar</i>	114	<i>A danza máxica</i>	149
Colmeiro Guimarás, Manuel		<i>O home con paraugas</i>	52	Murguía de Castro, Ovidio		<i>A música III</i>	150
<i>Feira</i>	20	<i>Persoa con paraugas</i>	53	<i>Retrato masculino</i>	115	<i>A nena e o mar</i>	151
<i>Paisaxe con figuras</i>	21	<i>Na praia</i>	54	<i>Retrato feminino</i>	116	<i>Antroido I</i>	152
Correa Corredoira, Javier		<i>Os peixes</i>	56	Novo Carreira, María Esther		<i>Antroido II</i>	153
<i>A Rosa Selaví</i>	22	<i>Retratos anónimos</i>	57	<i>Mariña</i>	200	<i>Antroido III</i>	154
Costa Beiro, Alfonso		González del Blanco, Roberto		Otamendi Corrales, Noemí		<i>Bailarina</i>	155
<i>Zapato roxo</i>	24	<i>O Carro</i>	58	<i>Sistema de zonas (análise dunha paisaxe natural)</i>	117	<i>Esculptopintura (con Acisclo Manzano Freire)</i>	156
Crego Rodríguez, Carlos		González Fernández, Roberto		Otero Abeledo, José “Laxeiro”		<i>Interior laranxa</i>	157
<i>Accións de guerra</i>	25	<i>Blindfolded archer I P. A. II/V</i>	60	<i>Figuras</i>	72	<i>Interior vermello</i>	158
Criado Martín, Felipe		<i>Cómeme P. A. VI/X</i>	61	<i>Sen título</i>	73	<i>Materia e espazo</i>	159
<i>A propósito de una ducha encontrada en la mar atlántica</i>		Grandío López, Constantino		<i>Sen título</i>	73	<i>Metamorfose máxica</i>	160
<i>A propósito de una antena, una mujer... y otras cosas</i>	27	<i>Pintura abstracta</i>	62	<i>Sen título</i>	74	<i>Nena tocando o piano</i>	161
<i>A través de la puerta</i>	28	<i>Rúa</i>	63	<i>Sen título</i>	74	<i>O Cabalo vermello</i>	162
<i>Envolvente para un ritmo praxitélico</i>	29	Lago Rivera, Antonio		<i>Sen título</i>	75	<i>O Can Azul</i>	163
<i>Vía Láctea</i>	30	<i>Desnudos en el Pardo</i>	64	<i>Sen título</i>	75	<i>O castiñeiro</i>	164
<i>Nena diante dun mural</i>	31	Lamas Perez, Carmen “Menchu Lamas”		<i>Sen título</i>	76	<i>O dragón</i>	165
<i>Wridner: partitura para concierto en piano azul</i>	32	<i>Esfera cromática</i>	65	<i>Sen título</i>	77	<i>O ensaio</i>	166
Del Palacio Solá, Purificación “Puri del Palacio”		Lamazares Silva, Antonio Manuel “Antón Lamazares”		<i>Sen título</i>	78	<i>O estudio</i>	167
<i>Manzanas y uvas</i>	33	<i>Bés de Santa Baía</i>	66	Otero Becerra, Xosé Luís		<i>O gramófono</i>	168
<i>Retrato Dolores Villarino</i>	34	<i>Domus Omnia Maceira XXIII</i>	68	<i>Negra sombra</i>	118	<i>O neno de Siríux</i>	170
Feal Romero, Mario		<i>Galicia pequeniña/sola cousa de todos</i>	69	<i>Viúvas dos vivos</i>	119	<i>O paraugas xeolóxico</i>	171
<i>Ladys coruñesas II</i>	35	Lloréns Díaz, Francisco		Parada Justel, Ramón – atribuído a –		<i>O sono</i>	172
<i>Ladys coruñesas III</i>	35	<i>Escea de xénero</i>	79	<i>Figura de muller</i>	120	<i>O sono de moucho máxico</i>	173
Fernández Alonso, Federico		Lodeiro Fernández, José Telmo “Lodeiro”		Pereira Carballo, Aurora		<i>O unicornio</i>	174
<i>Tecnoloxía arcaica</i>	36	<i>Galaxia</i>	228	<i>O paxaro de fogo</i>	121	<i>Érguete Galicia</i>	175
Fernández Cañedo, Virxilio		López García, Juan Luis		Pérez Penín, José Manuel		<i>Tempo e moda</i>	176
<i>Bodegón de membrillos</i>	37	<i>Mañana de domingo</i>	80	<i>Luz de bajada. El descenso</i>	122	<i>En Galicia un día</i>	177
<i>Bodegón</i>	38	López Guntín, José		Peteiro Vázquez, Jorge Serafín		<i>Expresión abstracta</i>	178
<i>Bosque</i>	39	<i>Deuses en loita</i>	81	<i>O Parlamento de Galicia</i>	124	<i>Xignografía</i>	179
<i>Vendima de Monterrei</i>	40	<i>Festa na aldea</i>	82	Pousa Carrera, Xavier		Quintana Martelo, Manuel “Quintana Martelo”	
<i>Vendima</i>	41	López-Rúa Martínez, Víctor “Víctor López-Rúa”		<i>Camiño de Carrasquedo</i>	126	<i>MARaVIÑAS</i>	180
<i>Fruteiros</i>	42	<i>O xogo do escondite</i>	83	<i>Campos de outono</i>	127	Quiroga Bouzo, Teresa	
Fdez. Contente Magalhães, Francisco Xavier “X. Magalhães”		Lorenzo Cabanas, Xaime Francisco		<i>Retrato do Prof. Carballo Calero</i>	128	<i>Bodegón floral</i>	182
<i>Argonautas</i>	88	<i>La retranca</i>	84	<i>Retrato de D. Antonio Rosón Pérez</i>	129	<i>Flores</i>	183
<i>Argonautas del sur</i>	89	Lugrís González, Urbano		<i>Castrelo de Miño</i>	130	<i>Bodegón floral</i>	184
<i>Los argonautas del sur - Retablo pechado</i>	90	<i>Paisaxe metafísico</i>	86	<i>Castiñeiros</i>	131	<i>Paisaxe Leiro</i>	185
<i>Los argonautas del sur - Retablo aberto</i>	92	Mariño Pazó, Paula		<i>Dunas de Camposancos</i>	132	Redondo Sayáns, Marisa	
<i>Los argonautas del sur - Retablo aberto</i>	94	<i>Díptico - Sima</i>	98	<i>Mimosas</i>	133	<i>Calma al ocase 2017</i>	186
		<i>Sen título / serie “A Sima”</i>	100	<i>Almendros</i>	134	Rodríguez de Legisima, Carmen	
		Maside García, Carlos		<i>Primavera</i>	135	<i>Flores</i>	188
		<i>Catedral</i>	101	<i>Retrato do Príncipe de Asturias, D. Felipe de Borbón</i>	136	<i>Pastora</i>	189
		<i>Flores</i>	102	<i>Retrato da Raiña Dona Sofía</i>	137	Rodríguez Martínez, Francisco	
		<i>Calles de Vigo</i>	103			<i>O orgullo do condado</i>	190

Rodríguez Moldes, Manuel “Manuel Moldes”	
<i>Electric – man – link – 01</i>	112
Rodríguez Tascón, Isidro	
<i>Neurome</i>	227
Ruibal Argibay, Mercedes	
<i>Vietnam</i>	191
<i>Medea</i>	192
Saavedra Fernández, Raquel Laura “Rakel Laura”	
<i>Primaveira no Miño</i>	70
<i>Muiños no Miño</i>	71
Sánchez Gallego, Jesús	
<i>Catedral vista desde el Paseo de la Herradura</i>	194
<i>Valeiros</i>	196
<i>Fachada Obradoiro</i>	197
<i>Gamela en Cambados</i>	198
Segura Torrella, Ricardo	
<i>Muller galega</i>	202
Seoane López, Luis	
<i>Figura feminina sentada</i>	203
<i>Mujer con corsé</i>	204
<i>Mujer sentada</i>	205
Sobral Iglesias, Antón	
<i>Maruxía</i>	206
Sobrino Buhigas, Carlos	
<i>A corredoira</i>	207
<i>No peirao</i>	208
Solveira Collazo, Pedro “Pedro Solveira”	
<i>Contrabajista</i>	210
Souto Feijoo, Arturo	
<i>Catro figuras</i>	211
<i>Desnudos femininos</i>	212
Sucasas Guerra, Alfonso	
<i>Antroido</i>	214
<i>Entroido</i>	215
<i>Follas</i>	216
<i>Follas</i>	217
<i>Follas</i>	218
<i>Magdalena</i>	219
<i>Tríptico da árbore</i>	220
<i>Tríptico das follas</i>	222
Taboada Varela, César	
<i>CNH 2006</i>	224
<i>THRN 2006</i>	225
<i>GTRR</i>	226
Tenreiro Brochón, Antonio Ramón	
<i>Aldea de Trevinca</i>	229
Torres de Benito, Marisa	
<i>Bocas</i>	230
<i>Ollos</i>	231
Varela Guillot, Javier	
<i>Muiño de Melide</i>	232
<i>Añoranzas de Portugal</i>	232
<i>Barco varado</i>	233
<i>Dársena</i>	233
<i>Marina sosiego</i>	233
Vázquez Castro, José	
<i>Sen título</i>	234
<i>Sen título</i>	235

<i>Sen título</i>	235
<i>Sen título</i>	235

Vieito Fuentes, Juan Manuel “Xan Vieito”	
<i>Universo de papel XI</i>	236

Viñas Pena, María	
<i>Renacemento</i>	237

ESCULTURA

Colmeiro González, Elena	
<i>Sen título</i>	240

Conde Bermúdez, Ramón	
<i>El resurgir del capital humano de Galicia</i>	241

Corral Castro, Víctor Raimundo	
<i>Pomba da paz</i>	242
<i>Simboloxía de Galicia</i>	243

Fondevila García, José Antonio “Fondevila”	
<i>Realidade mutante</i>	244

García Patiño, Antonio	
<i>Escultura en pedra, Santiago Apóstolo</i>	248

García Vázquez, Manuel “Manuel Bucíños”	
<i>Nenos con pombas</i>	245
<i>Maternidade</i>	246
<i>Venus</i>	246

Leiro Lois, Francisco	
<i>Sara</i>	247

Manzano Freire, Acisclo	
<i>Dona dos oito</i>	249
<i>As baleas</i>	250
<i>Cabeza de portavoces</i>	252
<i>Cabeza tumbada</i>	254
<i>Jano</i>	256
<i>Ondina</i>	258
<i>Victoria</i>	260
<i>Torso</i>	262
<i>Xeitavo</i>	263
<i>Lalín</i>	264
<i>Ninfa das cobas</i>	265

Paz Mouta, Manuel	
<i>Capela</i>	266

Pestana Díaz, Francisco “Paco Pestana”	
<i>Xoguete soñado para un monicreque sen nenos</i>	267

Rivas Alonso, Silveiro	
<i>Eloxio da convivencia</i>	268

© Casa de S.M. el Rey	
<i>S.M. el Rey Felipe VI</i>	272
<i>SS.MM. los Reyes</i>	273
Dopazo Vieites, Sabela	
<i>Entomofilia II</i>	276
<i>Entomofilia III</i>	275
<i>Dª Pilar Rojo Noguera</i>	274

FOTOGRAFÍA

© Casa de S.M. el Rey	
<i>S.M. el Rey Felipe VI</i>	272
<i>SS.MM. los Reyes</i>	273

Rivas Alonso, Silveiro	
<i>Eloxio da convivencia</i>	268

CARTELERÍA

<i>Acta Sesión Constitutiva Asamblea Parlamentarios de Galicia</i>	280
--	-----

Díaz Balaño, Camilo	
<i>Estatuto de Autonomía si</i>	285

Fontán Domínguez, Domingo	
<i>Carta geométrica de Galicia</i>	281

López Bouza, José (fillo) – atribuído a –	
<i>Vota por unha Galiza ceibe</i>	288

Pixiñas, Paco	
<i>Grupo de teatro O Facho</i>	282

Quesada Porto, Jaime “Xaime Quessada”	
<i>Cartel da Autonomía</i>	286

Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel Manuel	
<i>Para que remate esta vergonza vota o Estatuto</i>	283
<i>Para que a nosa terra sexa nosa vota o Estatuto</i>	284

Seoane López, Luis	
<i>Presencia de Galicia, galería Sargadelos</i>	287

REPOSTEIROS

Monxas Clarisas	
<i>Galicia</i>	292
<i>Galicia</i>	292
<i>Ourense</i>	292
<i>Mondoñedo</i>	293
<i>Lugo</i>	293
<i>Santiago</i>	293
<i>Tuí</i>	293
<i>Betanzos</i>	294
<i>A Coruña</i>	294

Rodríguez Gómez, Xabier	
<i>Galicia</i>	294
<i>Gondomar</i>	295

U.T.E Lepina - Peña internacional	
<i>Galicia</i>	292

VIDREIRAS

Díaz Pardo, Isaac	
<i>Vidrieira tribuna hemiciclo</i>	298
<i>Vidrieira tribuna hemiciclo</i>	299
<i>Vidrieira principal hemiciclo</i>	298
<i>Vidrieira principal hemiciclo</i>	298

Otero Abeledo, José “Laxeiro”	
<i>Vidrieira esquerda na entrada á tribuna do hemiciclo</i>	300
<i>Vidrieira vestíbulo</i>	300
<i>Vidrieira dereita na entrada da tribuna do hemiciclo</i>	301

Colección LETRAS GALEGAS

Siro López Lorenzo e Manuel Ferreiro Badía	
<i>1963 Rosalía de Castro</i>	304
<i>1964 Alfonso Daniel Rodríguez Castelao</i>	305

<i>1965 Eduardo Pondal Abente</i>	305
<i>1966 Francisco Añón Paz</i>	305
<i>1967 Manuel Curros Enríquez</i>	305

<i>1968 Florentino López-Alonso Cuevillas</i>	305
<i>1969 Antonio Noriega Varela</i>	305
<i>1970 Marcial Valladares Núñez</i>	306

<i>1971 Gonzalo López Abente</i>	306
<i>1972 Valentín Lamas Carvajal</i>	306
<i>1973 Manuel Lago González</i>	306

<i>1974 Xoán Vicente Viqueira</i>	306
<i>1975 Xoán Manuel Pintos</i>	306
<i>1976 Ramón Cabanillas Enríquez</i>	307

<i>1977 Antón Villar Ponte</i>	307
<i>1978 Antonio López Ferreiro</i>	307
<i>1979 Manuel Antonio Pérez Sánchez</i>	307

<i>1980 Alfonso X O Sabio</i>	307
<i>1981 Vicente Martínez Risco y Agüero</i>	307
<i>1982 Luis Amado Carballo</i>	308

<i>1983 Manuel Leiras Pulpeiro</i>	308
<i>1984 Armando Cotarelo Valledor</i>	308
<i>1985 Antón Lousada Diéguez</i>	308

<i>1986 Aquilino Iglesias Alvariño</i>	308
<i>1987 Francisca Herrera Garrido</i>	308
<i>1988 Ramón Otero Pedrayo</i>	309

<i>1989 Celso Emilio Ferreiro</i>	309
<i>1990 Luis Vázquez Fernández Pimentel</i>	309
<i>1991 Alvaro Cunqueiro Mora</i>	309

<i>1992 Fermín Bouza Brey</i>	309
<i>1993 Eduardo Blanco Amor</i>	309
<i>1994 Luis Seoane López</i>	310

<i>1995 Rafael Dieste Gonçalves</i>	310
<i>1996 Xesús Ferro Couselo</i>	310
<i>1997 Ánxel Fole Sánchez</i>	310

<i>1998 Martín Codax Mendiño Xoán de Cangas</i>	310
<i>1999 Roberto Blanco Torres</i>	310
<i>2000 Manuel Martínez Murguía</i>	311

<i>2001 Eladio Rodríguez González</i>	311
<i>2002 Frei Martín Sarmiento</i>	311
<i>2003 Antón Avilés de Taramancos</i>	311

<i>2004 Xaquín Lorenzo Fernández</i>	311
<i>2005 Lorenzo Varela Vázquez</i>	311
<i>2006 Manuel Lugrís Freire</i>	312

<i>2007 María Mariño Carou</i>	312
<i>2008 Xosé María Álvarez Blázquez</i>	312
<i>2009 Ramón Piñeiro López</i>	312

<i>2010 Uxío Novoneyra</i>	312
<i>2011 Lois Pereiro</i>	312
<i>2012 Valentín Paz Andrade</i>	313

<i>2013 Roberto Vidal Bolaño</i>	313
<i>2014 Xosé María Díaz Castro</i>	313
<i>2015 Xosé Filgueira Valverde</i>	313

<i>2016 Manuel María Fernández Teixeira</i>	313
<i>2017 Carlos Casares Mourinho</i>	313
<i>2018 María Victoria Moreno</i>	314

ARTE GALEGA NO
PARLAMENTO DE GALICIA

FRANCISCO JAVIER LIMIA GARDÓN

I N T R O D U C I Ó N

É un desexo da Presidencia do Parlamento de Galicia achegar esta senlleira institución da Comunidade Autónoma, xurdida nos tempos da democracia constitucional, á sociedade. Neste desexo orixínase este texto. A arte, espello patrimonial dunha terra e dun tempo, na estratexia de apertura, dende a paixón dos creadores e a escolla dos responsables, supón unha aposta decidida pola importancia da representación, e ao mesmo tempo un abano da propia sociedade.

Trátase dun valor histórico-cultural que é ao mesmo tempo de uso, pois serve de elemento decorativo de primeira orde, co desexo de que a súa validez formal, dende o seu coñecemento, destaque a súa calidade e relevancia; e finalmente, o seu valor como signo comunicativo e simbólico, unha mensaxe histórica que parte dos creadores para falarlles aos receptores a través do tempo. Disto resulta unha dimensión inmaterial que é a que prevalece.

A posta en valor deste patrimonio é un compromiso co legado do pasado histórico recente e unha aposta polo futuro dende o presente, cunha transformación en cultura e coñecemento. Da súa importancia é elocuente testemuña o feito de que varias das súas obras teñan formado parte de exposicións en espazos expositivos de Galicia.

Contribuímos a divulgar a pintura e a escultura galegas dos séculos XX e primeiras décadas do XXI, a riqueza artística da Comunidade, con esta colección para coñecer e comprender Galicia..., que *«a alma de Galicia non se esconde a quen busca con amor e sinceridade, aínda que é tímida, saudosa,¹ nostálgica...»*. Este libro está inspirado polo ambicioso desexo do amante de Galicia —e da arte—, creado dende un espírito de *comensalidade*, de compartir, cun sentido transcendente e fundamente democrático. Está dedicado a ti, visitante interesado, de espírito aberto e talante espelido, que gusta da beleza expresada dende humanas técnicas e variados materiais como espectador atento á psicoloxía dun país singular, con personalidade de seu, diferente doutras terras de España.

¹ Así no orixinal escrito en español. Cf. Ramón Otero Pedrayo: *Guía de Galicia*, 1926, 5-6: «El alma de Galicia no se esconde a quien busca con amor y sinceridad; pero es tímida, saudosa, nostálgica...».



Escultura en pedra, Santiago Apóstolo Antonio García Patiño

1. O EXTERIOR DO PARLAMENTO DE GALICIA, UNHA BENVIDA DENDE AS ICONAS REFERENCIAIS DUNHA TERRA E DUNHA AUTONOMÍA

Todos os que até aquí dirixan os seus pasos pretendemos que se acheguen ao edificio dende as artes, guiándoos dende o exterior até o eixe desta institución representativa. Queremos amosarlles, dende a fachada e o seu xardín dianteiro, as mostras escultóricas escollidas polo seu significado simbólico. E acompañalos dende os primeiros pasos no interior, pisando a alfombra coa heráldica da Comunidade Autónoma, á porta do hemiciclo, e, logo de traspasala, xa dentro, contemplando a vidreira da Cámara parlamentaria e, detrás dela, os persoeiros máis relevantes desta terra no eido da literatura e da cultura. Con eles, e as outras sinaladas esculturas do acceso cotián ao edificio, facemos este primeiro capítulo. Acompáñenos.

1.1. ANTE A FACHADA PRINCIPAL

No máis alto dela coroa o gran edificio o noso escudo. Cando estamos ollando para el miramos cara ao leste... O *Escudo de Galicia*, bronce de **Manuel de Bucíños**, é a obra icónica da Comunidade Autónoma pola súa especial situación, o seu coroamento na barbacá da fachada principal. Debaixo dela, no friso, vai unha inscrición en letras capitais, PARLAMENTO DE GALICIA, no eixe coa porta de entrada. É o escudo coas súas cores heráldicas, «no campo en azur un cáliz de ouro no eixe sumado dunha hostia de prata, acompañado de sete cruces recortadas do mesmo metal, tres de cada lado, e unha no centro do xefe, sur montado por unha coroa real pechada». Dende a historia, o Escudo do Antigo Reino de Galicia vaise formando na Baixa Idade Media, como se constata polos Armorial de Bergshanmar, recompilado en 1436, ou o de Gymnich (ca. 1440-1450), no que se sinalan xa as cores, que referenciamos máis arriba.² Un dos primeiros exemplos áchase en Betanzos, que se data arredor do ano 1470; e hai outro tamén en Viveiro, a vila da Mariña lucense, de mediados do século XVI, que leva os cálices que máis adiante se converteron nun copón. Deste mesmo século é a aparición das cruces, que fan referencia ás capitais das sete antigas provincias do Antigo Reino: Mondoñedo, Lugo, Betanzos, A Coruña, Tui e Ourense, e ademais Santiago.

Bucíños, o mestre escultor lucense-ourensán, completa a imaxe simbólica colocando aos lados do campo heráldico as figuras dunha parella de mozos, a muller á dereita e o home á esquerda, que fan un paso de baile a carón do símbolo, que sosteñen, amosando co seu xesto a ledicia e ao mesmo tempo a implicación alegórica da cidadanía na tarefa común. Eles amosan, dende as características formas onduladas que adoita facer o mestre da graza e a lixeireza, un «aire sutilísimo de poesía, de ternura humana, de fuerza, de preocupación sin declamación y de solidaridad natural», nas acaídas palabras do escritor Eduardo Blanco Amor. A obra escultórica é unha forma limpa na liña do ceo da autoría de **Manuel García Vázquez**, nado en 1938 en Bucíños (Carballo, Lugo) e con fundición na Barrela, localización central na xeografía de Galicia, de onde procede a obra do eixe frontal do Parlamento.

Diante deste gran edificio histórico da rúa do Hórreo compostelá, e nos dous laterais, hai uns espazos axardinados con esculturas. Os lados oeste e sur, é dicir, a fachada principal de honra e mais a do acceso cotián para parlamentarios, funcionarios e visitantes, son os dous espazos que conforman o *continuum* representativo do pazo da soberanía popular dende o exterior. Nos coidados xardíns, entre quinteiros de flores, algunhas árbores ornamentais e céspede, hai unha serie de estatuas alegóricas.

Na entrada principal levántase a primeira delas. Preto da escaleira, no lado da esquerda está a *Pomba da paz*, obra de **Víctor Raimundo Corral Castro**, nacida do contexto do ano 2000, declarado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas como Ano Internacional dunha Cultura pola Paz, no que houbo un manifesto e unha mensaxe do papa Xoán Paulo II na XXXIIIª Xornada Mundial da Paz. O doutor Federico Mayor Zaragoza, director da UNESCO até 1999 logo de ter sido deputado no Parlamento español, impulsou coa súa xestión nesta organización mundial a idea de «construir los baluartes de la paz en la mente de los hombres». De aquí vén a inspiración desta escultura alegórica en bronce. No seu gran pedestal de granito, en forma de paralelepípedo e dunhas dimensións semellantes á peza escultórica, érguese unha poderosa figura masculina espida e de pé cos brazos sobre a cabeza e as mans en uve, improvisado asento para a pomba, que abre as ás. Na placa de bronce inserida na pedra pódese ler un texto seu que é todo un manifesto. Di na inscrición: «Non pode haber / sociedade sen xustiza, / espírito sen conciencia / e paz sen humanidade. / Víctor Corral Castro / Parlamento de Galicia, 2002». Este *home da paz* pode ser cada un dos deputados e funcionarios da institución parlamentaria, este *home da paz* somos e debemos ser cada un de nós. A pomba, antigo símbolo do amor para Roma, é dende o mundo da cultura cristiá a mensaxe de que non hai perigo, baseándose no Antigo Testamento (Xén. 8:8-12). É a pomba que envía Noé logo do Dioivo fóra da arca para coñecer se o castigo finalizara, e que volve coa póliña verde escura da oliveira, un recurso este coñecido xa de antigo en Mesopotamia, e utilizado polos mariñeiros. A imaxe divúlgase até outros ámbitos, como cando Pablo R. Picasso, o universal artista español-francés de orixe malagueña, que comezara a pintar na cidade da Coruña, onde vivira coa súa familia de neno, a debuxara para o cartel do Congreso Mundial pola Paz convocado en 1949 tras a finalización da Segunda Guerra Mundial.

O artífice da obra do Parlamento é **Víctor Corral**, de Baamonde, Lugo (n. 1937), que aprendeu o oficio na Escola de Artes da Coruña. Pasou logo pola barcelonesa da Lonxa (Escola de la Llotja) e comezou a expoñer en 1966. Traballa coa pedra granítica formas de raizame popular que se achegan ao concepto de artesanía, como tamén é doado ver nas súas obras de talla. Ten feito numerosas exposicións e monumentos por Galicia, como en Parga, e Zamora. Defensor da súa terra e tradicións, home de respecto e amor pola vida, é categoría do seu proceder a súa intervención no vello castiñeiro a carón da igrexa parroquial de Santiago de Baamonde, que ía ser cortado en 1971 malia ter oito metros de circunferencia. O artista colleu as gubias, mazos e formóns e meteuse a tallar varias pezas no interior do seu gran tronco vivo: unha Virxe do Rosario, que é a padroeira, uns anxos, unha donicela e uns paxaros, e conseguiu coa súa acción evitar que fose cortado pola proximidade da estrada e convertelo nunha obra de arte viva. Pola estrada pasa o Camiño de peregrinación

² MARTÍNEZ [2013], 17 ss.

cara á tumba do Señor Sant-Iago. Moito máis que un valor engadido deste xeito para o Camiño Xacobeo, dende o amor ás árbores e á terra nai.

No espazo central dianteiro asenta unha senlleira figura, o Señor Sant-Iago, escultura ecuestre monumental de **Antón García Patiño**. Esculpido en pedra clara nun poderoso pedestal, máis escuro, vai o Apóstolo de a cabalo. Podería pensarse que se trata por iso dunha representación de Santiago como *matamouros*, figura militante e de guerreiro fronte das xentes do Islam que viviron nos reinos de Taifas, de almorábides ou almohades, do centro e sur da península. Unir o santo co cabalo baséase en códices e tímpanos de igrexas, segundo se coñece dende a historiografía histórica medieval, forma artística que se foi estendendo entre nós na época do estilo barroco coa piedade contrarreformista, vixente nos séculos XVII e XVIII. Este é un tema belixerante propio da Reconquista, de resistencia e vitoria militar, propio do estamento social dos aristocráticos cabaleiros, e fomentado polo outro estamento, o do clero, emparentado con aqueles por lazos de sangue. Así está fronte á propia fachada catedralicia, na praza do Obradoiro, no alto do pazo de Raxoi. Mais é dende as outras representacións canónicas de Sant-Iago Apóstolo como se chega a entender a riqueza desta do xardín. En efecto, está a do discípulo predilecto do Señor na que vai vestido e descalzo, de pé e co libro, como corresponde, xa que logo hai unha da súa autoría entre as cartas conservadas no canon cristián. Esta iconografía, coa *contaminatio* da *peregrinatio*, evoluciona engadíndolles as cunchas de vieira á vestimenta e ao sombreiro, ademais do bordón de peregrino, coa bolsa e a cabaciña da auga para o camiño. Así están no pazo de San Xerome e no Hostal dos Reis Católicos, diante da propia catedral. Unha variante é representalo tamén sentado, nunha gran cadeira ou cátedra, coma se dun patriarca se tratase, tal como o Mestre Mateo fixo no Pórtico da Gloria na segunda metade do século XII, ou tamén no de pedra do altar maior, venerada peza escultórica á que os peregrinos abrazamos de xeito cerimonial e fraterno no momento de nos achegar á tumba do Señor Sant-Iago:

Galiza representou ao Apostolo Sant-Iago a semellanza dos Patriarcas: sentado en maxestade, (...) os ollos enfiados cara o ñoto Oucidente e os beizos a repetiren aquel psalmo de David: 'no mar están os teus camiños e nas moitas augas túas sendas'. Así o representou o mestre Mateo e así o esculpiu no Pórtico da Gloria, con réplica no altar maior, para recibir aos antigos visitantes da súa Catedral e decirlles que o mundo non acaba en Galiza, que Galiza non era un Fisterra senón un peirán avanzado de Europa cara o continente que aínda estaba por descubrir. (Libro IV.I).

Alfonso D. Rodríguez Castelao así o escribira en *Sempre en Galiza* (edic. crítica, Parlamento Galego, 2000),³ e parece terse reflectido na composición da obra polos artistas que a firman: dende o cabalo, sentado nel a través, coma se dunha cátedra se tratase, e descalzo, cunha vestimenta de hábito e na esclavina senllas cunchas xacobeas moi esquemáticas, que parecen galóns, brazo cruzado nas pernas e co outro levantado, man pechada e levantando o polgar. O rostro barbado e con ampla melena simétrica leva por tras a coroa-nimbo con seis buratos que semellan as pedras preciosas do Sant-Iago do camarín da capela maior da catedral. Así vai no anverso, mais non no reverso, lado este que amosa unha simetría inversa con respecto á faciana principal. Velaquí unha das características que emanan da colaboración dos dous artistas, o coruñés Patiño e o ferrolán Feal. E debaixo do bandullo do cabalo engaden unhas ondas mariño-fluviais, que son unha culta maneira de referir como chegaran polo mar de Arousa os restos do Apóstolo nunha barca de pedra, subindo polo río Ulla até Padrón. Hai, pois, baixo a expresión inxenua, un estudo da súa rica iconografía que fai desta unha obra culta. Pois como dixera o gran escritor Ramón Otero Pedrayo, «Santiago é a fe no mapa da conciencia moderna», sendo «Roma, a forza, París, a escola, Florencia, a graza e Londres a orde», unha comparanza que cae ben para a nosa terra. Emerxendo do céspede, serve de benvida a cantos se achegan ao Parlamento.

Antonio García Patiño (1930-2010) foi máis un artista do pincel ca escultor, actividade esta para a que precisou de colaboración, polo que adoita traballar con David dos Santos Feal, asinando xuntos no pedestal como Patiño-Feal. Patiño era militar de profesión, mais sentíase pintor. Estivo destinado en Melilla e xa daquela, en 1957, lle deran un premio pictórico. Viaxou coa súa obra até Montecarlo, Francia, Suíza, Italia, Dinamarca e tamén a Nova York. Expresouse asemade co debuxo e o gravado, e colaborou con Sargadelos e coa editorial de Manuel Moleiro, especializada en libros medievais, para a que ilustrou unha edición das *Cantigas de Amigo*, un dos seus temas preferidos, como tamén o foi o das mulleres e os touros. Mais foi dende unha serie dedicada aos santos e aos milagres de Santiago como se achegou ao tema da escultura do Parlamento. En canto ao artista ferrolán David dos Santos Feal, está especializado na faciana relixiosa, que ten traballado nos pasos procesionais, en madeira, para a súa terra natal, onde a Semana Santa ten gran predicamento. Recentemente realizou un conxunto monumental desta temática en Navalcarnero (Madrid), en pedra, de énfase teatral. Nos fondos do Parlamento hai un debuxo en papel do mestre, datado en 1993, ano do que será a estatua, e que coincidiu cun relevante Ano Santo compostelán.

³ É un capítulo que non vai na edición príncipes, Buenos Aires, Edit. As Burgas, 1940. É en realidade da 2ª edición, en 1961, pois o autor redactou entre 1947 e 1948 os textos.

1.2. POLAS PORTAS DE HONRA, ATÉ O VESTÍBULO, A ESCALEIRA PRINCIPAL E O HEMICICLO

Tras a entrada polas grandes portas, que se abren en sinaladas ocasións, penetramos no eixe do nobre edificio. O espazo, moi regular, está ornado por unha gran alfombra representativa de simboloxía heráldica, consonte o lugar. Dende a súa vermella cor, con ornamentada greca de follas douradas sobre un xeométrico fondo azul alterada por sete emblemas parlantes, camiñamos enriba da vieira cara ao gran brasón de Galicia, illado no centro, para saírmos polo escudo de Santiago.⁴ Aos lados van os da Coruña e Ourense, Mondoñedo e Betanzos, Tui e Lugo, respectivamente,⁵ sendo un relevante conxunto en campo dourado e azul celeste con finas follas douradas de ornamentada disposición, imaxinativo e simétrico.

Hai aquí, hoxe en día, nun dos ángulos do espazo exterior unha estatua, *Sara*, da autoría de **Francisco Leiro Lois** (Cambados-Pontevedra, n. 1957), obra de madeira, asinada e datada (*Leiro 85*), que representa unha muller de pé, espida e embarazada, dun canon que supera os tres metros, que camiña cun bastón baixo e voltea a súa cara con xeito interrogante. Está feita con serra mecánica e a machadazos, gubias e maza, ferramentas coas que deixa a súa pegada na madeira, un exo-esqueleto a modo de escamas, *modus operandi* co que lle confire textura e animación á superficie do corpo. A isto engádelle pintura, nos elementos pilosos do corpo, ademais dos ollos e o caxato. Hai aquí algo da lección aprendida do pintor Marino Silva. Mais no mundo da arte internacional, Georg Baselitz facía algo semellante por estes anos. Esta obra, da primeira época do célebre artista internacional galego, contén xa todos os trazos do seu estilo, co que traballa a madeira, e o uso da policromía, coa utilización do xesto nunha actitude hierática na que hai dinamismo. Esta figura feminina fértil, e soa, é unha *magna mater* dos nosos días, serodia e forte, coa súa biface vital, dende o ventre a do non nato, e a mirada dura e retardora cara atrás da nai. Dende o ámbito do seu avó paterno, nun taller no que facía mobles e talla en madeira, deu os seus primeiros pasos o futuro escultor, que se formou entre 1974 e 1976 na Escola de Artes e Oficios de Santiago de Compostela, e na de Belas Artes de Madrid, facendo entón xa unha exposición en Cambados.

Tivo a sorte de se achegar aos do Grupo Atlántica, xurdido en 1980 en Baiona, nacido cun desexo vangardista e de universalidade, consonte os alicerces de identidade galega proposta polo Grupo dos Novos, anterior á Guerra Civil. E así, no contexto dunhas amplas propostas artísticas renovadoras, participa na que sería a última das súas exposicións colectivas, en 1983, e no ano a seguir, en Madrid, participará noutras colectivas, *En tres dimensiones* en La Caixa, e *Seis escultores*, no Palacio

de Cristal, consideradas como de referencia nos anos seguintes. Deste momento creativo é a peza do Parlamento. Foi o ano en que comezou a traballar para a galería madrileña Montenegro, á vangarda dos movementos artísticos españois. En 1985 participou na XVIIIª Bienal de São Paulo (Brasil), representando a España, foi seleccionado na VIª Bienal de Sydney (Australia) e participa en *Correspondentie Europa*, no Stedelijk Museum de Ámsterdam (Países Baixos). Trasládouse a Nova York cunha bolsa da Fundación Fullbright en 1988 e aquí se asentou dende entón, para comezar a traballar coa Marlborough no ano seguinte, galería que amosa, alí e en Madrid, as súas novas obras. Participa na Expo 92, en Sevilla, no Pavillón de Galicia, e fará intervencións públicas de impacto en Galicia, caso das portas da Torre de Hércules na Coruña e da Porta Santa da Catedral compostelá. En 1994 tamén está presente na exposición inaugural do Centro Galego de Arte Contemporánea. Algunhas das súas obras son *Balboa III*, en Ferrol; *Sireno*, en Vigo, de 1991; *Homenaxe a Castelao*, na Alameda de Santiago, de 1995; *Atlante*, en Sanxenxo. Ten outras na Illa das Esculturas de Pontevedra, e en Navalcarnero, Segovia e Madrid. A Xunta de Galicia concedeulle a medalla Castelao no ano 2000, e ten levado outros premios e recoñecementos, caso do das Belas Artes da CEOE en 2003, o Nacional da Cultura Galega en 2008, e a Medalla de Ouro de Galicia en 2016, ano do que é a exposición de Abanca en Pontevedra. É tamén deste ano a película documental *Sísifo confuso*, de Aser Álvarez, sobre o seu día a día en Tribeca, barrio no que vive en Manhattan, Nova York, e ademais en Madrid e Cambados. En 2017 o Centro de Arte Contemporánea de Málaga organizalle unha retrospectiva dos seus últimos doce anos a este artista que dende sempre traballou co corpo humano dende a praxe do debuxo, cunha figuración de corte ás veces expresionista, outras simbólica, mais sempre co desexo de reflectir emocións, ás veces dramáticas, outras irónicas e humorísticas.

Ata aquí mesmo, na entrada, a luz do sol trae o rastro da **gran vidreira cenital** do piso alto, rectangular, obra de **Laxeiro**, alcume polo que foi coñecido, e que así a asina en letras capitais no lado inferior dereito. A elas engádense outras máis pequenas e irregulares. Estas **dúas vidreiras pequenas** áchanse no espazo a seguir da escaleira, cara á entrada do hemiciclo parlamentario. Estas obras de **José Otero Abeledo Laxeiro** (Lalín, Pontevedra, 1908-Vigo, 1996), datadas en 1989, están feitas coa técnica do soprado a boca, e as pezas van esmaltadas a lume e gravadas con ácido. Levan unha ancha banda azul con doce figuras abstractas de cor clara e perfís amarelos, que enmarcan o conxunto central, composto de tres figuras masculinas das que se ten dito que son gaiteros, mais nin o fol nin o roncón se amosan nos seus corpos e vestimentas, cubertos de azul, vermello e marrón, ademais dalgún toque amarelo. O artista é un dos grandes da plástica galega. Nos anos anteriores á Guerra Civil formou parte do Movemento Renovador xunto con Maside, Souto, Torres, Virxilio Blanco, Colmeiro e Seoane, que con-

⁴ Cunha variante no cuartel sinistro, que amosa un motivo iconográfico sorprendente, non identificable facilmente, quizais debido ao seu desgaste. Escudo de armas de Santiago de Compostela: Escudo partido: 1º de azul, un cáliz de ouro sumado dunha hostia de prata, e acompañado de sete cruces recortadas do mesmo metal, tres de cadanseu lado e unha no centro do xefe; 2º de azul, o sepulcro do Apóstolo Sant-Iago con forma de arqueta de prata sostido por nubes de prata e surmontado por unha estrela de ouro de seis puntas.

⁵ De dereita a esquerda, do oeste ao leste, respectivamente.

segue para a arte galega unha linguaxe propia. Este último e mais Díaz Pardo foron decisivos no eido cultural e empresarial nos anos sesenta con Sargadelos e a súa rede de tendas, que espallou, xunto co Ediciós do Castro e as exposicións, unha idea integral de país dende a cultura. De aí a súa escolla relevante das vidreiras, completada cunha serie de obras en serigrafía sobre papel que, ademais dun óleo, forman parte do patrimonio do Parlamento.

A súa pintura está baseada no mundo rural da súa terra natal, Lalín, centro xeográfico de Galicia, ao que hai que engadir a arte do románico e do barroco, os dous estilos que prenderon na nosa terra dende as Idades Media e Moderna, respectivamente. Así se aprecia en varias das obras no debuxo do artista, caso dunha imaxe de dous xoves frautistas cun frade franciscano, e unha mociña. Son obras próximas á estética do granito, anchas e de canon pequeno, que o relacionan co escultor Xosé Eiroa (1892-1935), ao que coñeceu na súa xuventude.

O artista, logo de iniciar os seus estudos na Escola de Artes e Oficios de Vigo, viaxou coa súa familia á illa de Cuba en 1921, para regresar catro anos máis tarde. Daquela comeza a traballar de barbeiro polas feiras, debuxando os tipos populares. De aquí tiraría moito do seu imaxinario posterior. En 1931 vai, cunha pensión do seu concello, ademais da da Deputación de Pontevedra, a Madrid, á Academia de San Fernando, e completa a súa fase de aprendizaxe. Realiza visitas formativas ao Museo do Prado, onde se fixa especialmente nas pinturas de Goya, e coñece ademais as obras de Gutiérrez Solana (1886-1945), sobre todo as de carnavais, que tanto lle influíron. A esta temática do mundo do rural engádese a das fábulas e lendas, de sátiros, faunos e demos, que por veces pinta en composicións de innumerables figuras. A isto sumaranse as maternidades, as mulleres sensuais e os nenos.

A comezos dos anos cincuenta viaxa a Buenos Aires co gallo dunha exposición de *Artistas Gallegos* que organizou a Centro Galego na Galería Velázquez, e ficará alí até 1970. O pouso da súa terra, na distancia, a linguaxe moderna de Picasso, e a pintura do informalismo, coas cores planas, farán del un camaleón pictórico, cunha pintura que é sempre un canto á vida, con ledicia e imaxinación desbordantes, moi lonxe dos resaibos académicos, ou daquela estética primeira d'Os Novos. De todo isto hai aquí mostras en varias serigrafías, con mulleres espidas, con flores e homes. Con todo, as súas obras, de simplificación expresionista e síntese das formas próximas á vertente abstracta, terán sempre un ar figurativo. Nas derradeiras décadas da súa vida, alternando a residencia en Madrid, fai grandes exposicións, e retoma o mundo dos faldoiros no Café Gijón, como fixera nalgún tempo no Savoy en Vigo. En 1981 os novos artistas de Atlántica dedícanlle unha gran antoloxía de homenaxe ao consideralo un faro; en 1983 a cidade de Vigo dedícalle

un museo; na VIIIª Bienal de Pontevedra de 1985 outórganlle a Medalla de Honor; e fanlle retrospectivas no Centro Cultural Conde-Duque de Madrid, e en 1996 no Centro Galego de Arte Contemporánea, pouco tempo antes de morrer. O óleo que posúe o Parlamento, datado trinta anos antes, con espátula e grandes pinceladas, amosa moito da arte e do xenio sen par deste gran artista.

E chegamos á porta situada antes do hemiciclo pola entrada dos deputados. Nela está, *latu senso*, aínda que máis ben é no friso superior, un amplo **relevo** en madeira, de grandes dimensións, coa *Simbología de Galicia*, tallado en 2003 por **Victor Corral** (asina coas iniciais; a data, na parte inferior esquerda), autor tamén, como deixamos dito, do monumento da *Pomba da paz*. Trátase dunha paisaxe con orografía de montes, na que van dúas pontes de arcos góticos na parte inferior que, malia non seren realistas, aludirán ás provincias de Ourense e Pontevedra. Enriba delas, o mestre tallista coloca, respectivamente, a Torre de Hércules e mais o cubo da muralla romana de Lugo coñecido como a Mosqueira. No centro da liña montuosa do horizonte, un sol, do que sae unha morea de raios, a modo de coroa. E no que sería o ceo, flotando, o Escudo de Galicia, surmontado da coroa real pechada. No eixe deles, nunhas rochas, insírese a forma dunha vieira, e máis abaixo, un cruceiro. Aquela é un símbolo oficioso tanto do mar como, dende el, do Camiño Xacobeo, mentres que o segundo elemento nos fala da relixiosidade do territorio galego. As cruces e os petos de ánimas que están ao seu carón están presentes na inmensa rede de camiños que inzan o territorio e reflecten as devocións piadosas do pobo.

Atravesando o lintel das portas, baixo o relevo, entran os deputados e a Mesa da Cámara no espazo do hemiciclo parlamentario. O noso acceso como ouvintes, logo de sermos acreditados como visitantes, realízase polas escaleiras paralelas colaterais do acceso até as bancadas do palco do anfiteatro. En dúas das súas fiestras hai cadansúa **vidreira** anepígrafa: dous **anxos músicos**, louros e descalzos, un deles tocando unha gaita dun roncón, e o outro cantando mentres toca unha zanfona. Son unhas figuras que semellan flotar sobre un fondo branco e en cuarteis, ambos os dous enmarcados por bandas azuis.

Todo isto predisponnos cara á Presidencia da Cámara e a parede posterior, na que está a gran *Vidreira do Hemiciclo*, da autoría de **Isaac Díaz Pardo** (Santiago de Compostela, 1920 / 2012). Este foi un encargo co gallo da conmemoración do Aniversario do Parlamento, o día 19 do mes do Nadal de 2007, que é cando se incorporou a obra. O lugar senlleiro no que está fai que teña un máis que evidente contido simbólico e alegórico. Posúe unhas características que se deben salientar poñéndooas en contexto cos datos biográficos do artista, un dos grandes intelectuais contemporáneos de Galicia.

O artista santiagués Díaz Pardo comezou a ver o mundo na Casa da Tumbona da rúa compostelá das Hortas. Dende neno medraría nun ambiente artístico e cultural privilexiado arredor das amizades e o traballo do seu pai, Camilo Díaz Baliño. Este traballaba no eido cultural e artístico, como escenógrafo teatral, escritor comprometido co ser da terra galega dende a defensa da fala e a súa cultura, con actividade na pintura e no deseño gráfico no seu obradoiro de arte. Alí o neno Isaac escoitou falar de arte e de Galicia con paixón, vendo e escoitando a Castelao, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo ou Ramón Cabanillas e Eduardo Blanco Amor, entre outros, ademais de José Silva ou Constantino Candeira. Camilo foi autor dun significado cartel para a campaña do Estatuto de Autonomía de Galicia plebiscitado en 1936, cunha figura feminina que levaba unha estrela branca na fronte. É cando estoura a Guerra Civil e o seu pai, no momento de ir ser fusilado, mándalle a Isaac unha nota que en diante lembrará para sempre e influirá na súa arte: «Prendinlle na cabeza do meu fillo, unha estreliña forxada na irmandá e quero ver brilar a lus d'esa estreliña hasta chegar cegar. Que vexan os demais n'esa estreliña a lus da libertá...».

Súa nai acabará morrendo ao pouco. Son sucesos que afectarán decisivamente a Isaac, quen tamén fixera dous carteis para aquela campaña, polo que fuxirá á Coruña. Cando remata a guerra pon rumbo cara a Madrid, coa bolsa da Deputación coruñesa, para ser arquitecto seguindo o seu pai, que fora delineante.

Díaz Pardo acabará ingresando en 1940 na Academia de San Fernando, onde amosará as súas extraordinarias calidades nos estudos, pois en dous anos tiña acabado, facendo ademais a súa primeira exposición na Asociación de Artistas da Coruña. En 1942 gaña outra bolsa, a do Conde de Cartagena, o que lle permitiu facer unha viaxe por Italia, onde coñece de primeira man o Renacemento italiano, o que influirá na futura concepción da súa arte. En 1943 está en Barcelona como profesor auxiliar de debuxo da Escola Superior de Belas Artes San Jordi. En 1945 casa con Carmen Arias Montero, artista coruñesa. En 1947 expón con éxito e grandes formatos en Madrid e Vigo, e tamén en Londres, onde cambia algo a súa temática. En 1948 triunfa en Madrid coas maternidades e as mulleres espidas, polo gran dominio da cor. Tiziano e Giorgione, e tamén Goya, son a súa inspiración directa nestes anos e nos vindeiros tamén Botticelli, Rubens, Durero ou Picasso. Deixa de expoñer logo dun lustro pintando con éxito, e é nesta altura cando Álvarez de Sotomayor, galego de Ferrol, director do Museo do Prado, lle pide que participe na decoración mural en Cuelgamuros, o gran proxecto do réxime do xeneral Franco,⁶ onde se está facendo dende 1941 o *Valle de los Caídos*, mais o artista rexeita participar.

Dende 1949, na súa faceta de ceramista industrial, seguirá a fábrica de cerámicas do Castro. E tras o silencio expositivo de anos, abre unha nova mostra en 1954 en Ferrol, clausurada aos poucos días pola censura en relación coas figuras de nus, co que deixará as exposicións por décadas. Así, participará nas Porcelanas da Magdalena, en Arxentina, en 1955, nas inmediacións de Buenos Aires, e cando volve, en 1963, seguirá co Laboratorio de Formas de Galicia, coa indispensable colaboración do arquitecto Andrés Fernández-Albalat e asociado ao artista Luís Seoane, con Edicións do Castro, e co nacemento da Sociedade Limitada Sargadelos na vella factoría siderúrxica de Antonio Raimundo Ibáñez, que fora o empresario decimonónico que creou Sargadelos, inaugurando o edificio en 1970, data na que comeza a expansión por Galicia e diversas cidades do Estado, cun concepto de Galicia dende a mestizaxe cultural, coa porcelana como bandeira, acompañada da galería de arte e da librería. O Novo Seminario de Estudos Galegos, en 1979, no que participa, preludia o regreso da súa pintura, que se inicia co gallo do seu recoñecemento como Fillo Predilecto de Santiago e coa concesión da Medalla de Ouro da cidade en 1988, en tempos xa da democracia. Organízase unha mostra retrospectiva no Auditorio de Galicia, co que a súa pintura será redescuberta. O seu preciso debuxo dos comezos é agora máis esquemático, con perfís temáticos de reivindicación social. As seguintes exposicións teñen lugar xa nos seus anos derradeiros: en 2011, na compostelá Casa da Parra; e no ano seguinte, nas salas da Coruña e Lugo da Fundación Nova Caixagalicia.⁷ Pouco a pouco sucederanse os recoñecementos públicos dende a mencionada data de 1988: Premio Otero Pedrayo en Traslaba en 1990; Doutor Honoris Causa das Universidades de Santiago e da Coruña; presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego; premio das Artes e das Letras da Xunta de Galicia en 2003. Concederáselle a Medalla do Mérito do Traballo en 2007, o ano precisamente da vidreira do Parlamento, e tamén a Asociación de Escritores en Lingua Galega, a este galego *bo e xeneroso*, como se di no himno galego, concédelle o premio así instituído. No ano seguinte seguirá a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes, facendo nesa altura o monumento de Rianxo. Isaac Díaz Pardo, que como escritor ten traxedias e varios libros de ensaio, cos seus oitenta e sete anos aceptou o encargo do Parlamento e dispúxose a elaborar esta imaxe de imaxes, que explicou así:

O que deseñei eu nesta vidrieira (sic) de medio punto rebaixado é unha de tantas elucubracións significativas: un pergameo, que desenvolven uns seres amorfos, no que hai un dolmen como principio da nosa cultura e a palabra GALLAECIA marcando a antigüidade da nosa identidade... No arco unha serie de formas semellan paxaros voando

⁶ Cfr. Xabier Limia de Gardón: *Raigame*, 2012, n° 37, Ourense: «O que revela o espido na pintura de Isaac Díaz Pardo (evidencia dun sentir nos tempos do Franquismo)», 50-59, na p. 55.

⁷ *Ibid.*, 51.

significando o imaxinario ideal, e na 'carda' outras formas semellantes a caracois que se arrastran lentamente pegados á terra por babas significa a realidade que nos limita.

A obra dálle así á parede frontal do hemicycle unha nova dimensión. Dende a súa preferente visibilidade, é unha imaxe de concepción heráldica co escudo cortado de azur, dolmen de prata no centro; e de sinople, a palabra *Gallaecia* de prata, en letras capitais, sostido todo por dúas figuras espidas, do estilo do mestre santiagués, e axeonlladas en reverencia. Fóra, nos extremos, turiferarios espidos que anuncian o conxunto, e que son, sen dúbida, unha alusión ao inmarcescible Pórtico mateano da catedral compostelá, alcumado da Gloria con todo merecemento. Recórtase toda a composición nun fondo de prata que pecha a orla do tímpano semicircular de azur. E onde engade o artista os mencionados caracois, pois van amodiño, mentres que as formas da imaxinación as sitúa no arco.

Péchase así o eixe iniciado no Escudo autonómico cos nenos na cima da fachada, obra de Manuel de Buciños, e a vidreira de Laxeiro á entrada, da que deixou dixo Díaz Pardo que é «a alma románica galega».

1.3. A SALA DAS LETRAS GALEGAS

A carón do hemicycle está esta Sala das Letras Galegas, a única monográfica do edificio dende o punto de vista da arte. Nas súas paredes expónse a Colección das Letras Galegas, rechamante alfaia de seu entre a colección de arte do Parlamento. Este é un encargo que vai medrando nunha cadencia dunha obra por ano, que depende da escolla da personalidade seleccionada pola Real Academia Galega. Os persoeiros son elixidos polos seus académicos dende 1963, cando nace o Día das Letras Galegas, a partir da proposta de Francisco Fernández del Riego, que tamén asinan Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo, ao propoñeren que, co gallo de coincidir aquel ano o centenario da publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro (1837-1885), «a primeira obra maestra coa que contou a literatura galega contemporánea», a Academia debía conmemorar con carácter anual este «fito decisivo na historia da renacemento cultural de Galicia». E propuxeron o 17 de maio por ser nese día a dedicatoria de Rosalía á súa colega *Fernán Caballero*, alcume tras do que se agochaba Cecilia Böhl de Faber y Ruiz de Larrea (1796-1877).

As obras son relevos realizados por **Manuel Ferreiro Badía** (A Coruña, 1944), unhas reproducións tipo medalla gran formato, e anepígrafas. O escultor ten feito obras públicas dedicadas a Rosalía, a Torrente Ballester, a Castelao, a Pablo Iglesias, a Camilo José Cela (en Padrón, en 2003), ou aos trobadores, no ano 1998, na Illa de San Simón, no mar de Vigo e Redondela. Ten amosado a súa obra dende Perth e Sidney, en Australia, a Dinamarca, ou na Bienal internacional de Cerveira (Portugal), e tamén en Montevideo, Buenos Aires, Porto, Zaragoza ou Ávila. Recentemente foi premiado no Festival de Arte Abstracta en Moscova, e na Soho Sculpture Prize, en 2014, en Londres. Nese ano representou a España na exposición de medallas en Sofía, Bulgaria, e presentou neste mesmo ano en curso a medalla da matemática coruñesa María Josefa Wonenburger Planells en Ottawa, Canadá. Os seus traballos medallísticos están feitos dende os retratos caricaturizados creados por **Siro López Lorenzo** (Ferrol, 1943), coa cara dos distintos homenaxeados. Este artista, que foi humorista gráfico e caricaturista político nos xornais galegos dende os anos oitenta até mediados da primeira década deste século, ten desenvolvido en paralelo unha actividade como artista e ensaísta, con libros dedicados ao humor, a Castelao e a Cervantes, e colaborado co escritor Carlos Casares en *Con ista lupa*, de política internacional no xornal *La Región* de Ourense, unha sección pioneira na prensa en lingua galega. En 1990 proxectou a praza do Humor na antiga praza dos Ovos da cidade vella da Coruña, á que lle puxeron volume diversos escultores, principalmente Xosé Castiñeiras, e tamén Francisco Escudero, Ramón Conde e o propio Ferreiro Badía. López Lorenzo aborda os retratos non coa vis cómica que adoita cos temas de actualidade na prensa, mais sempre cunha chiscadela humorística a fin de achegar os seus rostros á cidadanía, cunha faciana amable.

A peza que inicia esta rexesta de honra é a homenaxeada primeira, en 1963, a propia Rosalía de Castro. E todos os que están, até o día de hoxe, son, nos anos a seguir, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Eduardo Pondal, Francisco Añón, Manuel Curros Enríquez, Florentino López Cuevillas, Antonio Noriega Varela, Marcial Valladares, Gonzalo López Abente, Valentín Lamas Carvajal e Manuel Lago. En 1974 o elixido foi Xoán Vicente Viqueira. Dende entón, os seguintes até 1983 foron, respectivamente, Xoán Manuel Pintos, Ramón Cabanillas, Antón Villar Ponte, Antonio López Ferreiro, Manuel Antonio, Afonso X o Sabio, Vicente Risco, Luís Amado Carballo e Manuel Leiras Pulpeiro. Dende 1984, nos dez anos seguintes: Armando Cotarelo, Antón Losada Diéguez, Aquilino Iglesia Alvariño, Francisca Herrera Garrido, Ramón Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro, Fermín Bouza Brey e, en 1993, Eduardo Blanco Amor. En 1994 o elixido foi Luís Seoane, artista primordialmente, e ao ano seguinte Rafael Dieste. Ao chegar 1996 foi o elixido Xesús Ferro Couselo, un dos impulsores do premio,

quen morrera había dúas décadas. Homes e mulleres, indistintamente, mais sempre xa falecidos. En 1997, Ánxel Fole, e no ano de 1998, Xoán de Cangas, Martín Códax e Mendinho, os poetas medievais; e no ano seguinte Roberto Blanco Torres.

Para o ano 2000, cifra ben simbólica, foi elixido Manuel Murguía e, nos anos seguintes, Eladio Rodríguez, Frei Martín Sarmiento, Antón Avilés de Taramancos, Xoaquín Lorenzo Xocas, Lorenzo Varela e, no ano 2006, Manuel LUGRÍS. Os seguintes foron María Mariño, en 2007, terceira muller en acadalo, Xosé M^o Álvarez Blázquez, Ramón Piñeiro e o poeta Uxío Novoneira xa en 2010. En 2011, o elixido foi Lois Pereiro; e nos anos seguintes, Valentín Paz Andrade, Roberto Vidal Bolaño, Xosé María Díaz Castro e Xosé Filgueira Valverde, que foi o elixido en 2015. Os tres últimos en seren colocados na parede foron Manuel María, Carlos Casares —o pasado ano— e María Victoria Moreno, neste ano en curso de 2018. O Parlamento dispuxo en 2014 que unha selección, co título de *51 páxinas das nosas letras*, fixese rolda por Galicia, polas cidades e as vilas máis importantes, e foi levada ademais á Casa de Galicia en Madrid, ao Centro Galego de Barcelona e á sede do Comité das Rexións en Bruxelas, capital da UE, á que España pertence dende 1986, ou a Montevideo (Uruguai). As pezas dos homenaxeados elixidos acompañáronse do seu perfil biográfico. E así, a inmorrente Rosalía, autora de «*Campanas de Bastabales, / cando vos oíu tocar, / mórrome de soidades, 'miña casiña, meu lar, / ¡cántas onciñas / de ouro me vals!*», ou «*...Non me olvides, queridiña, / si morro de soidás... / tantas légoas mar adentro... / ¡Miña casiña!, ¡meu lar!*», acadou que a lingua falada se convertese na idade contemporánea en lingua con literatura, un valor que xa coetáneos relevantes recoñecen, coma no caso de Curros Enríquez nun poema de 1885, escrito co gallo da súa morte: «*Do mar pola orela / mireina pasar, / na fronte unha estrela, / no bico un cantar*».

1.4. ATÉ A ENTRADA COTIÁ...

Logo de deixarmos a rúa do Hórreo e de atravesarmos o acceso externo da entrada, encamiñámonos ao acceso cotián. Aquí, no xardín, en paralelo á fachada sur, está unha singular peza escultórica cerámica da artista **Elena Colmeiro**. Áchase a carón dunha simbólica oliveira e das bandeiras de España e Galicia, nos seus mastros, destacada como un enigmático tótem. Esta **obra sen nome**, de cerámica refractaria e óxidos, fálanos, co seu simbolismo, da tarefa común no labor de construción da nosa identidade. Foi feita en 1991 por **Elena Colmeiro González** (Silleda, Pontevedra, 1932), artista de singular biografía e traxectoria. Cando nena, tivo que marchar coa súa nai Emilia e cos seus irmáns para a Arxentina, na procura do pai, o artista Manuel Colmeiro Guimarás, que

alí se exiliara dende 1936. En Buenos Aires vivían os seus pais e irmáns e alí criárase el mesmo. Alí pasou Elena a adolescencia e a primeira xuventude, unha época, como é sabido, tan decisiva nas nosas vidas, e estudou a carreira de mestra, que compaxinou cos estudos na Escuela Nacional de Cerámica durante seis anos. Regresou en 1955 a Galicia, batendo de xeito brusco coa realidade dende o seu traslado da gran capital bonaerense. De 1960 é a súa primeira exposición en Madrid, e Gabriel Celaya dedicalle un poema («*...objetos / en que tierra y fuego se aman / con resplandores secretos / de materia consagrada*»). En 1966 vai coa súa obra á Bienal de Uruguai e acada o primeiro premio; e ao ano seguinte concédennlle a medalla de ouro de Faenza, na rexión da Emilia-Romaña (Italia), a cidade da cerámica *par excellence*, un galardón de prestixio. Varias bolsas de estudos da Fundación March lévana a California, e dende 1964 expón na Haia (Países Baixos) e na Dirección Xeral de Belas Artes, en Madrid.

Daquelas obras de ceramista de volumes puros pasa, nos anos setenta, a outras formas expresivas, abrindo as pezas, rompendo o seu núcleo, escuro e silencioso. Nos oitenta experimenta coas texturas e comeza a construír estruturas, linguaxe que é a empregada na obra do Parlamento. Neste contexto a artista comeza a engadirlles outros materiais aos clásicos cerámicos, como o carburo de silicio, de produción industrial, que logo traballa e transforma no seu taller. Dende o emprego sabio do torno e as ensinanzas dos seus mestres bonaerenses, como o español Fernando Arranz, traballa unindo as formas externas coas internas da peza cilíndrica que medraron coa axuda dos dedos no torno, para, unha vez cortada co arame, darlles ás pezas un novo desenvolvemento plástico, un proceder decisivo, que é o porqué da súa praxe conceptual. Engádelle entón á cerámica madeira, cemento ou ferro, en tramas de arame, co que lle achega riqueza expresiva, e variantes. Isto é tanto como dicir que a artista busca fuxir da repetición. É este para ela un aspecto central, dándolle moita importancia á intuición dende o traballo diario: unha explicación para entendermos mellor esta gran escultura abstracta.

O mural cerámico do aeroporto de Santiago, de 1980, e a escultura na autopista do Atlántico, de 1989, preto da saída de Ferrol, obra construtiva na que varios aros de cinco metros de diámetro e esmalte se abren cara á natureza, pódense poñer en relación coa nosa obra, ambas as dúas en cerámica e esmalte. No catálogo da súa recente exposición, en 2014, no Museo de Pontevedra, a peza do Parlamento reproducése con aquela. As súas mostras no Kiosko Alfonso da Coruña, en 1984, no Palau Nacional de Mont Juïc, de Barcelona, en 1987, e outras ben significadas en Praga, en 1994, e no Centro Cultural Caixavigo no mesmo ano, xunto coa do Museo Barjola de Gijón o ano seguinte, teñen balizado as súas pegadas vitais desta «construtora no tempo», como se define na

exposición de 2007 na santiaguesa Casa da Parra. Unha escultora ceramista nada convencional, gran creadora de formas dende unha imaxinativa concepción. Esta peza, un todo de forma e cores, remite a un amoreamento de restos arqueolóxicos, dispostos en xiros centrífugos, heliocéntricos e en espiral, cunha aparencia como a da natureza tras o movemento de masas tectónicas, con cores de óxidos. Son restos e fragmentos, ergueitos e aínda en pé, con dignidade...

E mesmo á dereita da entrada está a escultura, realizada en 2017, de **Ramón Conde Bermúdez** (Ourense, 1951), *El resurgir del capital humano de Galicia*, obra colectiva na que un grupo de homes avanza en falanxe, todos xuntos, mais sen as armas do exército macedonio de Filipo II e Alexandre Magno, temibles e poderosos, que venceran as forzas militares do Imperio persa, tan superiores en cantidade... Eles camiñan en compacta formación, sen espada na dereita e escudo na esquerda, como facían os espartanos de Leónidas no paso das Termópilas, no afastado Hesponto... Van ombreiro contra ombreiro, brazos paralelos ás cadeiras, pé esquerdo adiantado á vez en marcial marcha, vestidos con pantalóns e chaquetas, traxes civís, sen insignias, cruces nin xarreteiras..., tres diante, dous máis nos espazos intermedios, bloque compacto que se fai pequeno cara a atrás, pois o grupo acaba de acadar o cumio, logo da camiñada, pero tras deles veñen multitude. Son homes, mais son homes-masa, nunha arela común, todos á vez! Pisan unha terra que en silueta semella o noso noroeste, Galicia, eles son a súa xente, somos nós, que o artista así amosa conceptualmente, nesta pequena escultura, enriba dunha peaña pétreo, de distinta cor. Son unha emoción, máis alá da que emanan os *Redeiros*, monumental obra bronceada súa da Gran Vía de Vigo, de 1991: sete mariñeiros que, todos a unha, sacan do mar os peixes turrando da rede. Eles son o traballo, estes son a representación da forza da razón, outros conceptos que o artista ourensán con taller en Santiago utilizou na súa recente exposición na Cidade da Cultura, en 2013, na explanada exterior e no interior das Torres Hejduk. A obra do Parlamento, asinada e datada (Ramon (sic)/ Conde/ 2017, parte esquerda), é reveladora do seu proceder plástico, ben dúctil, máis alá da súa coñecida praxe plástica, na que sempre lle dá unha gran importancia á expresión do rostro. Mais aquí os homes van sen facianas individualizadas, pois non teñen rostro, do que resulta unha mirada sobre as actitudes humanas, dende o grupo.

O artista buscou sempre que os corpos falen, dende unhas mórbidas aparencias, esaxeradas deformacións nas que agocha o seu xénero, nun efecto buscado, para centrarse na masa corpórea, e facendo que todo o cabelo e os elementos pilosos desaparezan tamén..., quedando así, tan só, a actitude e o xesto, cos que falan as súas obras. Dende os anos oitenta colocará obras en prazas e espazos públicos por toda Galicia: *Despertar*, no centro comercial Cuatro Caminos da Coruña, emparentado co *Gran Inquisidor* do centro comercial das Camelias, de

Vigo; *Paternidad*, na Reitoría da Universidade da Coruña, e, cun ar semellante, o *Guardián*, que está nas inmediacións da Torre de Hércules; ou *Ariadna*, duns anos antes, na escola politécnica superior de Lugo, O *Columpio*, en Culleredo, ou unha obra en Cangas. Así callou esta forma do seu discurso que o fai tan recoñecible. Outras son a do home hiper-musculado e vigoréxico dende *La Cueva*, nunha praza coruñesa, que son un pai co fillo; *Arco*, no polígono industrial do Pereiro de Aguiar, Ourense, *Fiel Contraste*, en Pontevedra, ou *El Titán*, de 2017, no hospital Álvaro Cunqueiro, de Beade-Vigo, todo un mundo hercúleo derivado da súa recoñecida admiración polo Hércules Farnesio. En todos eles, as súas caras, sen melena, son un traslado da propia imaxe do artista. Outra das súas liñas, dentro dos parámetros mencionados, é a expresión do músculo e a sexualidade, dende os anos noventa, con *Hombre de pié*, no Parque Miño, Ourense, ou máis aínda nas recentes instalacións nas prazas do Obradoiro e das Praterías, arredor do concepto do poder, en 2014, que amosara xa no Hedjuk, ás que antes nos referimos. Con elas, o artista ourensán apunta outra das súas constantes, a do traballo con conceptos filosóficos e psicolóxicos, dende os seus homes-montaña aos homes-colectividade galega no cumio do outeiro de Galicia. Así se amosa nesta obra do Parlamento de Galicia.

1.5. E NO COMEZO...

Un conxunto escultórico, *Eloxio da convivencia*, recibe a parlamentarios e visitantes no espazo de entrada. Realizada en 2008, é obra de **Silverio Rivas Alonso** (Ponteareas, 1942). A tripartita obra semella unha aparición, dende a súa luminosa cor azul verdosa que disfraz a dureza metálica do bronce. As pezas dos lados son semellantes e teñen un ar complementario, como de cofres da central, sendo así un tríptico. Os perfís externos daquelas, rectos e limpos, gardan nas súas formas internas, como de altorrelevo, no seu interior, os ocos de ter sido moldes de flexibles e orgánicas figuras de cadenciosos e contidos movementos. Estas son a face e o envés de dous simbólicos corpos que se aproximan, co ar entre eles, para tocarse nun bico: é a reveladora unión de contrarios, tan necesaria para a convivencia. Trátase dunha polaridade dende a bipolaridade e as tres dimensións, coas que crea unha alegoría dende a unión de contrarios, cos puntos que acheguen as persoas e as súas ideas, onde está a necesaria solubidade relacionada coa polaridade das moléculas, a da tolerancia. O artista fixo así, dende o encargo, unha obra dende o seu vocabulario plástico, e preocupacións, pois en numerosas ocasións tense centrado en temas de forzas entre contrarios, para buscar o equilibrio, dende os espazos baleiros e a materia en diálogo constante. Trátase de acadar a harmonía entre as calculadas tensións entre as forzas que tiran unhas doutras, proposta que emana desta peza en tres partes, como un todo.

É esta unha cor coa que o mestre de Ponteareas, con taller en Paramos-Tui, traballa de xeito expresivo dende hai anos, caso da súa coñecida obra *Sementar herba na leira*, en madeira de samba policromada, daquela na colección Caixanova, de Vigo. Silverio Rivas deu a comezar a traballar o bronce no taller de Xoán Piñeiro, mais antes xa estudara na Escola de Artes e Oficios da cidade olívica, onde tivo como mestre, entre outros, o escultor Camilo Nogueira, e anos máis tarde marcharía a Madrid para seguir estudos no Círculo de Bellas Artes. Dende finais dos anos setenta vive en París, onde casa e pon *atelier*. A súa linguaxe plástica está cos postulados próximos ao sentir da abstracción, mais é de xénese contemplativa, con obras que dende o baleiro estimulan a imaxinación, o que é consubstancial a un artista que ten anovado con ideas sobre a escultura modular, e articulada, achegándose ao gres, e tamén á madeira, por máis que sexan o granito e o bronce os seus materiais preferidos.

Dende o seu monumental traballo en formigón armado *Proa ó mar*, en Corrubedo- Ribeira, as súas grandes obras son traballos co granito, tanto rosa como claro: na *Porta do Atlántico*, na viguesa praza América, unha década despois, tres pezas da que a do arco co trílito da Idade do Ferro como inspiración é a única que se adoita coñecer; a *Ara Solis*, no parque escultórico da Torre de Hércules; a *Capela Solis*, en Marín; o *Dolmen do novo milenio*, no Parque da Música de Santiago, co gallo de ser declarada Compostela a cidade europea da cultura ese ano; o *Horizonte para o sol*, no campus da Cidade Universitaria de Vigo, nas Lagoas, Marcosende; e outros máis modestos, caso de *A Pía*, diante do CGAC, en Santiago, pasando polo conceptual monumento ás vítimas da represión na Alameda de Tui; e o monumento ao Bicentenario de Vigo, de 2010, obra xa de aceiro e pedra, baseada no símbolo heráldico do concello. Fixo outras como *Equus 70*, para a cidade alemá de Versmold, coa que está irmandada Tui, e foi un dos autores seleccionados para a exposición Gallaecia Pétreo, unha colectiva institucional da Xunta de Galicia, naquel mesmo ano na cidade da Cultura. A comezos da década do setenta comeza a expoñer en Caixavigo, e pasa despois á Toison de Madrid, e outras cidades como Oviedo, Xixón, León, A Coruña ou Lugo, para centrarse dende 1979 en París e outros países de Europa. Leva, pois, décadas con esta linguaxe conceptual, coa obra do escultor Brancusi como luz, e guiándose dende os seus achados e a súa propia intuición, coas que ten ido amosando as súas obras en exposicións dende München, Frankfurt, en Alemaña, na suíza Friburgo, Dublín, Ostende e Bruxelas, en Bélxica, até Porto e Lisboa, pasando por París e Montpellier. En 2005 Caixanova-Vigo dedicoulle unha exposición antolóxica, e no ano 2015 levou o Premio Laxeiro. Ultimamente anda a traballar pezas de formato reducido, co concepto do livián e o fráxil.

2. ANTES DA DEMOCRACIA, AS ARTES NA COLECCIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA



Figura de muller Ramón Parada Justel

Comezamos aquí o percorrido do patrimonio artístico que acubillan os muros deste edificio. En todos os corredores, salas de reunións conxuntas, espazos da Presidencia, áreas de funcionarios da institución, e nas que ocupan os distintos partidos políticos, ademais de nas variadas salas intermedias, hai obras de arte dos autores que imos tratar aquí. Para iso utilizaremos un criterio histórico máis que de artistas, escolas ou técnicas artísticas.

Damos comezo á análise dos fondos artísticos con Domingo Fontán, Ovidio Murguía de Castro e Ramón Parada Justel, tres personalidades do século XIX. Nun segundo momento tratamos dos alicerces da nosa pintura con artistas nados no derradeiro cuarto dese século e cuxa vida transcorre até o segundo terzo do século XX. En terceiro lugar tratamos duns artistas que formaron grupo con conciencia de país e desenvolveron as súas traxectorias con esta idea, malia os acontecementos da Guerra Civil e Mundial, que os afectaron decisivamente. É o movemento d'Os Novos, que se relacionou coa Xeración Nós, pola significada revista cultural e artística xurdida dende os anos vinte. Por último, uns artistas que traballaron durante a longa etapa da ditadura do xeneral Francisco Franco.

2.1. DOMINGO FONTÁN COMO SÍMBOLO, TERMINUS ANTE QUEM DUN PAÍS DENDE UNHA TERRA DE SEU

A figura deste ilustre científico pode e debe ser tomada como símbolo auroral de Galicia e desta colección do Parlamento, sendo a *Carta de Galicia* a presenza histórica máis antiga entre as penduradas das paredes⁸ e despachos. A obra de Fontán non é un cadro, certamente, ou unha escultura, mais é moito máis ca iso, que no liso da súa superficie aboian as medidas xeodésicas do relevo, como 640 m no Pico Sagro ou 579 m no monte Pedroso, na contorna de Compostela. O pontevedrés **Domingo Fontán Domínguez**, nado en 1788 no lugar de Porta do Conde, parroquia de Santa María de Portas, concello de Portas, é o autor da *Carta Geométrica*, que está «*dividida en sus Provincias de Coruña, Lugo, Orense, Pontevedra y subdividida en Partidos y Ayuntamientos*», como se titula na parte superior dereita das súas doce follas. Con escala 1:100.000, aparecen no mapa polo miúdo unhas 10.000 aldeas, miles de igrexas e capelas, e as pontes, de pedra ou madeira, cos seus nomes. Foi Fontán unha verdadeira esponxa que absorbeu, ademais dos aspectos físicos máis relevantes e significados da terra galega, o idioma e a toponimia, e con iso púxolle face ao territorio galego. A súa precisión é tal que apenas puido ser superada até o século XX, no Mapa Topográfico Nacional 1:50.000, finalizado en 1955, e a cartografía por satélite.

Durante dezasete anos fixo viaxes polo territorio a cabalo e en burro, cos seus instrumentos de medición. Cun ímprobo traballo de campo, coloca 467 estacións xeodésicas en Galicia, 3 en Portugal e 43 nas terras lindes das provincias de Asturias, León e Zamora e, tomando as medidas de latitude, lonxitude e acimut *in situ*, engadíalle a altitude. Todo isto para acadar un instrumento práctico para a posterior realización do trazado das vías de comunicación dun país como o noso, bastante illado. Unha obra arquitectónica senlleira, a Torre do Reloxo da catedral compostelá, da autoría de Domingo Antonio de Andrade, mestre arquitecto e tratadista do Barroco, outro grande desta terra, de quen dixo Gonzalo Torrente Ballester «*en cuyo espíritu debía sonreír un ángel*», foi o punto cero desta aventura científica. A revolucionaria empresa, realizada con método científico, anticipouse á implantación no Reino do sistema métrico decimal, e levouna a cabo coa técnica da triangulación xeométrica, dende os anos 1817 a 1834, en plena transición dos réximes políticos do Absolutismo e o Liberalismo. Dúas pequenas chiscadelas fano entrañable: no lugar de Melias (*Sta. M^o*) de Ourense engade «*Patria del Ilmo. Feijó*», e en *Porta do Conde* pon entre parénteses «*Patria del autor*». A magna obra foi finalmente gravada en 1845 por Louis Bouffard, e levada ás pranchas, a fin de imprimilo, por M. Lémecier et Cie. en París. Unha obra magna que iniciou a partir das ensinanzas de José Rodríguez González, profesor seu na Universidade de Santiago.

Como consta na Carta, Fontán era daquela *Director do Observatorio Astronómico de Madrid, Deputado a Cortes e Individuo de la Academia de la Historia y de la Sociedad de Geografía de París*, e ademais *ex-profesor de Matemáticas sublimes y de Mecánica Industrial en la ciudad de Santiago*. Precoz nos estudos, tiña as carreiras de Filosofía e Letras e Teoloxía. Foi un serodio home da Ilustración en pleno século XIX, con fábrica de papel en Noia, un home culto que dominaba o latín, o francés e tamén o inglés, e que, sen ter o predicamento dun Alexander von Humboldt no campo das ciencias da terra, pódese dicir que foi, dende o seu traballo, moi recoñecido, do que é proba o mapa de Francisco Coello de Portugal y Quesada. Foi deputado en Cortes dende 1836 e durante oito lexislaturas por Pontevedra e Lugo até 1843. A súa adscripción ao Partido Liberal supúxolle algúns atrancos para amosar o seu traballo durante o reinado absolutista de Fernando VII, motivo polo que llo presentou en 1834 á raíña rexente María Cristina de Borbón.

Faleceu, en 1866, nas Caldas de Cuntis, até onde se desprazara doente para tomar as augas buscando remedio dos seus males. Foi enterrado en Santiago, onde vivía, mais nun segundo momento os seus restos foron trasladados solemnemente o 30 do mes do Nadal de 1988 ao Panteón de Galegos Ilustres sito na igrexa compostelá de San Domingos de Bonaval. Alí repousa con Rosalía de Castro, e ademais na compañía de Alfredo Brañas, Francisco Asorey, Ramón Cabanillas e Alfonso D. Rodríguez Castelao. Ramón Otero Pedrayo, o gran polígrafo das letras galegas, tiña pendurado no Pazo de Trasalba (Amoeiro) un dos exemplares, e de sempre considerou a Carta como «*o rostro do país*». Catedrático de Xeografía, publicou en 1926 unha *Guía de Galicia* co fundamento no mapa, dependencia que se aprecia en *Arredor de sí*, novela súa de 1930 publicada pola Editorial Nós, na que Adrián Solovio, o protagonista, «*lía nomes de montes, de ríos, de pobiños, de ermidas. A luz ía seguindo o trazado dos camiños...*», esclarecedora cita. Alcumado en vida o Patriarca das Letras Galegas, escribiu en 1974 o prólogo da edición facsimilar que fixo a Asociación del Cuerpo de Topógrafos. A Carta foi exhibida por primeira vez en 2010 no pazo de Fonseca, segunda sede histórica do Parlamento, tras a fase constituínte no pazo de Xelmírez. A Real Academia Galega de Ciencias dedícalle este ano 2018 o Ano da Ciencia ao ilustrado Fontán, astrónomo, deputado, empresario, científico, e promotor do ferrocarril.

No eido da pintura, por estes anos en que Domingo Fontán viviu comeza un tempo novo, o alborear das artes do pincel. José Couso Bouzas (1869-1962) constatouno xa dende a época do reinado de Fernando VII, dende as súas pescudas sistemáticas nos arquivos. Cos datos de primeira man dos que era coñecedor o crego e investigador de Valga, dábase conta de como a pintura de cabaleta aumenta, sinalando que iso era debido «*al incremento de nuestras ciudades, la*

⁸ Os libros que garda e conserva a institución parlamentaria nas dependencias da súa biblioteca histórica son máis antigos no tempo, ben valiosos e significados, mais a divulgación desta riqueza non é deste lugar, que se centra desta volta na pinacoteca e esculturas asociadas.

mayor independencia y bienestar de las clases agrícolas y mayor desarrollo comercial y cultural».⁹ Son os tempos estilísticos do Romanticismo, primeiro, que comparte protagonismo co Realismo un tempo, para imporse despois, é dicir, dende Jenaro Pérez Villamil (†1854) a Serafín Avendaño, respectivamente. E na segunda metade do século, precisamente, mudan as cousas co auxe da burguesía e a súa implicación na estimulación do ensino, dende as Sociedades Económicas, un estímulo docente que explica en gran medida o labor dos mestres artistas José María Fenollera, Modesto Brocos (†1936), quen desenvolveu parte da súa vida, dende 1890, en Brasil, e Mariano Tito Vázquez (†1952) en Santiago; Navarro, Pardo Reguera ou José Ruiz Blasco (†1913), o pai de Picasso, na Coruña, do que sería ou seu mestre Isidoro Brocos (†1914); ou Eduardo de la Vega en Ferrol. O que pintan vai dende aqueles estilos, en resabios, até a pintura de historia, o costumismo e o academicismo, nunha época tan proclive ao xustillo e aos xeitos arrogantes como a da Restauración monárquica.

Mais será nos anos finais do século XIX cando comecen a despuntar as liñas de modernidade en diversos autores que, nados todos na década dos setenta, terán o seu florecemento nas primeiras décadas do novo século. Eles son **Joaquín Vaamonde Cornide** (A Coruña, 1871-Pazo de Meirás, A Coruña, 1900) e **Jenaro Carrero Fernández** (Noia, 1874-Santiago, 1902), que, con **Ovidio Murguía de Castro** e **Ramón Parada Justel**, conforman o que se deu en chamar na historiografía artística a *Xeración Doente*, denominación que lles deu o tamén artista Felipe Bello Piñeiro (†1952), ao que nos referiremos máis adiante. Na súa honra, e na de todos eles, deberíamos «*esfollar a camelia dos soños*», como dixo Manuel Rivas na inauguración dunha exposición conmemorativa súa. A temperá morte de todos eles fará que queden cortados os seus periplos vitais cando apenas tiñan percorrido trinta anos, mais non así o impulso da súa influencia.

Esta lutuosa coincidencia de fin de século ten, non obstante, a luz auroral dun rexurdimento, aínda que feble, que se relacionou coas dúas grandes figuras literarias da nosa terra, Rosalía de Castro (†1885) e Emilia Pardo-Bazán y de la Rúa-Figueroa (†1921). A condesa, que casara nas Torres de Meirás, unha das casas que tiña a familia, é a celebrada autora de *Los Pazos de Ulloa* e *La Madre naturaleza*, coñecidas obras de estilo naturalista na liña de Émile Zola ou Guy de Maupassant, mais no campo da arte ten máis importancia para nós unha obra posterior, de comezos de século, *La Quimera*, baseada na vida de Vaamonde, figurado como Silvio Lago, a quen protexe a compositora Minia Dumbria, que vive na Alborada, Meirás, sendo aquela a escritora.

2.2. OVIDIO MURGUÍA DE CASTRO E RAMÓN PARADA JUSTEL, DENDE A XERACIÓN DOENTE

⁹ COUSELO BOUZAS [1950].

Son estes dous malogrados artistas, de curtas vidas, tronzadas polas doenzas e as enfermidades, intérpretes das correntes à la page madrileñas, principalmente, mais tamén romanas, no caso do ourensán. E, sen formaren realmente un grupo, os dous artistas tiveron amizade con Jenaro Carrero, e ideais parecidos.

Ovidio Murguía de Castro (1871-1900). Pintor nado no pazo de Lestrove, Padrón (A Coruña), onde vivía a familia —Rosalía de Castro, nai súa e *nai nutricia* como poeta do Rexurdimento Galego en literatura, Manuel Murguía, o pai... —, formouse en Santiago, na Sociedad Económica, onde impartían clases Juan José Cancela del Río e José Fenollera, actividade formativa na que coincide con Jenaro Carrero. Vivirá na cidade até o ano de 1885, en que morre a súa nai. Comezaba entón a pintar vistas e paisaxes da contorna, temática que non abandonará nos anos seguintes. Trasladarase para A Coruña en 1895, onde coñecerá a arte de Serafín Avendaño, pintor paisaxista, mais Ovidio gustou tamén da visión que del tiña o pintor cántabro Casimiro Sainz y Saiz, con sona neses anos. Foi entón cando se deu a coñecer, amosando as súas obras nos escaparates comerciais.

En 1897 trasládase a Madrid para ampliar contactos e horizontes, e vive na casa de Alejandro Pérez Lugín (1870-A Coruña, 1926), co que estaba emparentado, nun ambiente propicio para iso, mais tamén inmerso nun mundo relacionado coa literatura, un *continuum* do que deixaba na casa familiar. Pérez Lugín estudara en Compostela e retratou o ambiente universitario en 1915 na famosa obra *La casa de la Troya*, nome dunha pensión das inmediacións do vello mosteiro de San Martiño Pinarío. A súa actividade de copia no Museo del Prado faino aproximarse a Claude Lorrain, un grande da paisaxe do Barroco, ademais de a Carlos de Haes, que morreu en 1898, Velázquez ou Fortuny, dos que capta a esencia do retrato, como apreciamos nas obras do Parlamento. O contacto con Eugenio M^a Montero Ríos axudarlle a traballar no Ministerio de Ultramar, ademais de lle encargar a decoración do seu pazo en Galicia, en Lourizán (Pontevedra), inconcluso pola súa prematura morte. Aquel persoeiro compostelán, avogado e xurisculto con cátedra, no desempeño político levou carteiras nos gobernos da liña liberal con Sargata, sendo dende 1898 presidente do Senado, posto dende onde foi tamén valedor de Parada Justel.

Os dous óleos deste artista que ten o Parlamento son un *Retrato feminino*, de 1897 (*O. Murguía* (subliñado) / 1897), e un *Retrato masculino*, de 1898 (no lado inferior esquerdo da obra, en vermello, *O. Murguía*

(subliñado) / 1898'), obras dos anos en que vive en Madrid. Aquela viste un blusón escuro que se pecha con presilla de tea simple abotoada no pescozo, con ombreiras altas, e pregamentos no corpo, peiteada cara atrás, raia ao medio, e mirada cara ao alto, decidida; o home ten os ollos mirando baixo e un xesto cos beizos como de asubiar, quizais un labio leporino, ou ben ricto de seu do rostro, que disimula co bigote curvo. A luz que ilumina ambas as dúas figuras vén da dereita, e permite apreciar a calidade do artista no volume da cabeza do alfinete sobre a branca camisa, que reflicte a sombra, unha boa técnica nun adobío elegante masculino, de chaqueta e fino lazo negro no colo da camisa; sendo no caso da muller un pequeno pendente.

Ramón Parada Justel, artista nado en Esgos (Ourense) en 1871, é o máis dotado de todos os da Xeración Doente, o de formación máis ampla e de historial máis brillante,¹⁰ pois, tras os estudos na capital provincial, marcha a Madrid en 1888 e aproba co número un o ingreso na Academia de Bellas Artes de San Fernando, na que acadará premios en diversas materias. As ensinanzas de Silvio Fernández na cidade das Burgas foron ben aproveitadas. Aquí vivirá cinco anos, e do seu paso polo Museo do Prado consérvase unha copia d'*A serpe de bronce* de Van Dyck, ao tempo que comeza a facer retratos de empeño, empezando polos seus pais. Cunha bolsa da Deputación de Ourense viaxa en 1893 a Roma, á Academia Española de Belas Artes, onde comparte cos directores Alejo Vera, Francisco Pradilla e José Villegas unha atmosfera estimulante e creativa, coa liberdade que desexaba no persoal, e pola que debeceu, mais non conseguiría regresar. *La esclava de Nerón* e *Otra Elena pompeyana* son deste tempo, na liña arqueoloxista de Alma-Tadema, da que se afastará decontado coa súa imaxinación. Dende esta personalidade, e gran preparación, que completa con copias velazqueñas feitas no seu estudo nas Vistillas (Madrid), presentárase ás Exposicións Nacionais. *Los satélites* (xantar) acada en 1899 o premio Medalla 3ª clase. A obra, que pertenceu ao político Montero Ríos, é hoxe propiedade do Museo de Ourense, no que se conserva o maior conxunto de obras que realizou, ademais de apuntamentos e bosquejos, ou efectos persoais de relevancia, doazón da súa irmá.

Para o exame de Roma, e dende o tema obrigatorio, *La familia del anarquista en el día de su ejecución*, foi suspendido ao considerar o xurado que Parada Justel xustificaba a acción, segundo a composición realizada, e non lle serviron as explicacións dadas da súa escolla para esta dura temática social e tan ideolóxica dende o punto de vista do canon relixioso; mais acadaría recoñecemento na bienal de 1900 do Círculo de Bellas Artes. A medalla de 3ª clase por *Recuerdo de las joyas*, na exposición de 1901, foi o seu derradeiro triunfo, antes de morrer en 1902, a consecuencia da tuberculose, enfermidade que arrastraba dende había

anos.¹¹ En Ourense era profesor dende aquel ano da Escola de Artes e Oficios, e con anterioridade tíñase encargado de decoracións murais en edificios relixiosos, e retratos burgueses e de amigos, por máis que a paisaxe e as composicións de invención semellan ser aspectos de empeño no seu camiñar plástico.

A obra do patrimonio parlamentario está inconclusa, polo que non pode estrañar que estea sen sinatura. É un *Retrato de muller*, relativamente nova e que semella estar sentada. O artista, ao que se atribúe este óleo sobre tea, tiña moi avanzado o rostro, e bosquejado o corpo, os cales se achan limitados polo fondo base, que lle aplica como fase intermedia, polo que resulta corpo, vestimenta e tocado sobre a cabeleira unha silueta, dándonos a sensación de estar a figura feminina diante dunha parede clara. Dispón con pericia a luz, sobre a disposición do corpo nun cinematográfico plano americano, *avant la lettre*, que a ilumina pola dereita e dende arriba, co que consegue un acaído relevo da figura retratada en dous planos, o iluminado e o penumbroso. Un xesto como de tristura hai na súa mirada, cos ollos semientornados que miran para a súa dereita. A modelo posa levando un gran aro na orella dereita, e cobre a cabeza cun pano asimétrico, que lle cae sobre o ombreiro daquel lado, dándolle volume á cabeza, na que se adiviña unha ampla melena recollida por tras co pano, e na parte alta dela leva unha gran flor vermella coa que o artista equilibra a pose da figura, reforzando a mirada dela.¹²

2.3. NOS ALICERCES DA PINTURA GALEGA

E ao lado da Xeración Doente nestes anos de comezos do século XX hai outros artistas que, ademais de traballaren para a burguesía, tiveron tempo de afondar nos seus camiños plásticos persoais. Serafín Avendaño (Vigo, 1838-Valladolid, 1916), recoñecido e de prestixio, foi un deles, dende o cultivo da paisaxe de carácter realista, mais con carreira fóra da nosa terra. Viviu en Bélxica e Italia, aquí até 1891, e foi amigo de Giuseppe Verdi. Unha ampla e interesante vida de éxito, que tiña dende un debuxo rigoroso paixón polos efectos luminosos, nuns anos nos que en París comeza a gran aventura da arte contemporánea co Impresionismo, primeira fenda nos estilos que se viñan sucedendo na arte occidental dende o final do Gótico e comezos do Renacemento italiano. O seu son os efectos luministas na vexetación e na auga, e as escenas rurais, interpretadas con frescura e sen academicismos. Cando en 1899 se presente unha vez máis ao concurso da Exposición Nacional de Bellas Artes, acadará a terceira medalla, *ex aequo* co malogrado e bo artista daquela xeración Jenaro Carrero.

¹⁰ Sobrino Manzanares [1982].

¹¹ LIMIA GARDÓN [2014, I]. «Ramón Parada Justel (1871-1902). No marco da Restauración borbónica afonsina», *Galegos de Ourense 2* (Juana López, J. de, Prada Rodríguez, J., Rodríguez Teijeiro, D., coord.), 93-106.

¹² A obra debe ser tomada como unha atribución.

Moi influente foi o relevante artista Fernando Álvarez de Sotomayor (1875-Madrid, 1960), nacido en Ferrol e que, aínda que apenas viviu en Galicia, estivo moitas veces nela dende os seus pinceis. Ocupou unha relevante posición de escala no réxime franquista, apoiándose nas súas notables calidades plásticas pictóricas. Representante eximio da pintura academicista, con estancia na Academia de Bellas Artes de Roma, fixo viaxes por Europa e levou premios nas exposicións nacionais, vinculándose ao Museo do Prado dende 1919, en que foi o seu director, cargo que desempeñou até comezos da IIª República e que recuperará en 1939, ocupando a praza até a súa morte. Dende 1953 foi tamén director da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. Fixo principalmente pintura figurativa, dende o manexo do luminismo sorollista, técnica coa que bosqueja as súas figuras. No outono de 1905, como escribe o Marqués de Lozoya nunha monografía que lle dedica pouco despois da súa morte,¹³ dera en pensar na súa mocidade, e ao lembrar as *kermeses* de Flandres, preguntouse: «¿no eran nuestras foliadas? *El blanco lechoso de nuestras paisanas contrastando con el encendido tono de los pómulos y el barniz ligeramente amarillento de la piel dorada por el sol, ¿no eran gemelos de los modelos de Franz Hals y de Rembrandt?*». A resposta foi *Los abuelos*, de 1906, co que obtén a primeira medalla. E dende entón cambia os motivos anecdóticos e epiteliais en pintorescos, é dicir, fai nunha proposta que vai do rexional até o universal, converténdose no principal divulgador costumista de Galicia, unha forma de vela que callou, con variantes, na primeira metade do século XX. Foi a súa maneira de achegarse ao neotrobadorismo e ao celtismo cultivados por escritores e artistas no primeiro terzo do século.

No seu ronsel estivo o artista pontevedrés **Carlos Sobrino Buhigas** (1885-Vigo, 1978), representado nos fondos parlamentarios por *No peirao*, obra de 1940 firmada e datada na parte inferior esquerda, un óleo sobre lenzo de grandes dimensións no que as figuras se achegan entre si formando grupos, enmarcadas nunha paisaxe sempre convencional, que noutras das súas obras será un fondo arquitectónico, co urbanismo típico das vilas mariñeiras. Dende un preciso debuxo e formas sólidas, detense nas faenas do porto mariñeiro da ría, coa chegada do peixe e a súa venda, sendo aquí o transporte das redes polos homes ás lanchas e barcos, que descargan outros dun carro de bois marelos. A sensación de dinamismo complétana os nubeiros e as gaviotas en voo sobre a ría. Coloca Sobrino un grupo de mulleres redeiras de diferentes idades na esquerda, en primeiro termo, sendo a máis vella delas a que está a coser. O artista asina e data a obra sobre a rede. E con sabedoría compositiva crea ritmos curvos coas redes e algunhas das figuras, que reforza con acentos cromáticos, do pano marelo da redeira de peirao á picariña da falda marela até o mariñeiro co chufasqueiro, da mesma cor. E introduce acenos, como o da muller que axuda e que olla para nós, e por tras dela veñen outras mulleres coa patela na cabeza. Eis, en

suma, un plasmar figuras emblemáticas de traballo, que noutros cadros é a figura que leva o balde coa auga encima da cabeza. E todo isto con ricas cores nas vestimentas. Con anterioridade, o artista tiña feito desta temática o tríptico *Gentes del mar*, que contrapuxo a *Gentes del campo*, arredor de 1931, exaltacións da vida popular.

¹³ Cfr. Sotomayor, Madrid, 1968.

Sobrino Buhigas obtivo na súa traxectoria diversos premios, como a medalla de ouro na Exposición Rexional de Santiago en 1909, logo de ter superado as dificultades que a súa familia lle puxo, pois opoñíase ao seu ingreso na Academia de San Fernando en Madrid, para facer estudos de Comercio, mais acabará por entrar na profesión logo de aprobar a oposición a cátedras de debuxo e composición. En 1915 acada a terceira medalla na exposición nacional de Bellas Artes, e a 2ª na Exposición Universal de Panamá por unha paisaxe dunha rúa dunha cidade galega. Dunha *Corredoira* é a outra obra súa no Parlamento, óleo sobre lenzo asinado na parte inferior dereita, fragmento dun rueiro do rural de tema oposto á outra descrita e analizada, pois nesta o ollo do artista céntrase nos contrastes da penumbra baixo a parra, e da casa, que protexen a veciños e camiñantes do forte sol que ilumina o fondo do predio e casa do outro lado da corredeira. E faino cunhas grandes pinceladas de proxenie impresionista que nos dan a visión dunha Arcadia preto de nós. O lonxevo artista, que fora amigo do gran Castelao, co que fixo unha exposición conxunta en Pontevedra en 1917, no estudio fotográfico de Sáez-Mon, impartirá docencia en Vigo na Escola de Artes e Oficios, e fai ilustracións para revistas e diarios, tiradas dos seus apuntamentos tomados nas súas viaxes documentais por Galicia; mais é na acuarela, á que se dedica nos seus derradeiros anos, onde podemos seguir a súa traxectoria até o final.

Algo maior ca Carlos Sobrino era o coruñés **Francisco Lloréns Díaz** (1874-Madrid, 1960), polifacético artista que gustou da bohemia e foi un animoso divulgador da paisaxe galega, á que pinta cunha escenografía que ten moito de teatral, dándolle un ar sentimental e romántico. Moi precoz, dende a Escola de Artes e Oficios, con quince anos ingresa na Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, e é compañeiro de Gutiérrez Solana, sendo alumnos de Carlos de Haes. Nestes anos pinta no Museo del Prado, do que foi copista, especializándose en Murillo e Velázquez, da escola española, e Rubens, da flamenca, todos artistas da época do Barroco. A influencia de Sorolla, no taller do cal traballou, dálle unha técnica con grandes recursos, sendo a luz e o seu tratamento unha das súas características. En 1899 gaña o concurso para ter a bolsa da Academia de España en Roma, e alí estará catro anos, para pasar a Bruxas (Bélxica), onde vive un ano; en 1906 regresa á Coruña.

Desta fase da súa vida é *Escea de xénero*, óleo sobre lenzo firmado na parte inferior dereita, e datado entre 1903-1904. Trátase dunha escena nunha praza, con mulleres vendedoras de peixe sentadas ante

grandes cestos cilíndricos co produto, e outras mulleres de pé que miran con movementos calmos. O artista ocupa o espazo coas figuras e os elementos deste especializado mercado protagonizado por mulleres, que foi o que lle chamaría a atención, coas súas vestimentas escuras, abrindo a escena cara ao fondo, e a casa de cores cálidas. Esta escena de xénero é un campo formativo no que non persevera, pois implicarase no concreto da súa terra, pintándoa, espallando o seu encanto e calidades, as súas cores, luces e horizontes, e aproximándose aos recunchos elixidos cunha sinxeleza propia dunha persoa que a ama fundamente. E nas súas estadias na Coruña pinta con paixón a ría do Burgo, as brañas, o río Eume, o val de Samoedo, a ponte romana, Mera, *Mañana en las Mariñas...* O artista, de nai galega e pai catalán, gustou do impresionismo e os post-impresionistas, como Cézanne, e foi influenciado polos artistas cataláns Anglada Camarasa, Ramón Casas, Santiago Rusiñol ou Santiago Mir. Viviu en Valencia dende a Guerra Civil, pois a división de España coincidiu coa súa estadia en Madrid, cidade na que fixará unha das súas residencias. Foi académico numerario da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. Un cadro seu dedicado ás Rías Baixas foi medalla de honra no Salón de 1922. A súa pincelada ampla, da que xa falamos, de características cálidas e untuosas, de brillante cromatismo case sensual, pola súa riqueza, entróncano cos estilos do Modernismo e o Simbolismo.

E tamén nesta xeira temática e estilística de Sobrino e Sotomayor, áchase **Roberto Daniel González del Blanco**. Leonés de berce (1887), vinculouse a Galicia dende moi novo cando, orfo de pai, chega coa súa nai a Compostela para vivir á beira dun tío materno, Eugenio del Blanco Álvarez, que era chanceler na curia diocesana. Na cidade medra e estuda, no tempo do arcebispo José María Martín de Herrera (1889-1922), e neste ambiente eclesiástico que o acubilla na cidade vivirá até a fin dos seus días, en 1959. Do seu estudio saíron as obras que espallaron a imaxe de *Galego*, como tipo iconográfico canónico popular do imaxinario, na primeira metade do século XX, concepto de seu que se prolonga coas fotos das postais practicamente até finais daquel. Compaxina o bacharelato coas clases con José Fenollera, ademais das de Mariano Tito Vázquez, e é encamiñado a Madrid para estudar Ciencias Exactas, en 1905, carreira na que non persevera. Pasa a estudar Medicina, até licenciarse, sen deixar nunca a pintura, tomando clases nocturnas no Círculo de Bellas Artes. O seu non era capricho, pois xa en 1908 se presentara á Exposición Hispano-Francesa de Zaragoza e acadara unha terceira medalla, galardón que tamén consegue no Nacional de Artes Decorativas de 1911. Fai viaxes por Oriente próximo, e vive un ano en Florencia con outros artistas. A *Grande Guerre* sorpréndeo de viaxe por Turquía e Grecia, e cando regresa a Madrid, en 1917, consegue unha terceira medalla no Nacional de Bellas Artes. Vivirá en Cuba e pasará a EE.UU. para residir en Boston e Nova York durante cinco anos. Xa en Santiago en 1924, trasladarase a Cádiz tres anos despois en calidade de catedrático de Anatomía Pic-

tórica da Escola de Artes y Oficios. En 1932 volve a Compostela para ser o director de Artes e Oficios, mais marchará dous anos despois para Madrid como profesor de debuxo na Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, da que era académico numerario dende a época gaditana. Mais ao pouco volve para Compostela, onde xa residirá até a fin dos seus días, e exerce de profesor de debuxo na Escuela de Trabajo e pinta, asentándose entre a burguesía, e ademais dende a decoración, asociado a Enrique Meyer. Nos seus cadros, moitos de gran formato, a temática campesiña é grandilocuente, con algo de ampulosidade, dende casos menores, sucedidos, recreando ambientes cos personaxes, sendo a súa técnica apropiada, mais deixando un resaibo a ficción. Morreu en 1959.

A obra da colección do Parlamento, *O carro* (ca. 1934-1935), está pintada na época de director de Artes e Oficios. Trátase dun óleo sobre lenzo, de gran porte, que leva unha inscrición na parte inferior dereita, «R. GONZÁLEZ del BLANCO / AGÜEIROS». As tres mulleres novas do cadro visten vestimentas de campesiñas e levan mantóns de cores vivas que cruzan sobre as camisas. Traen un carro de bois cheo de palla, e unha delas está deitada enriba, cos estadullos á man, sorrindo, mentres outra delas detén a xugada e colle a vaca dos cornos, e malia que a que leva o carro coa carga ten a aguillada, o transporte detense. Unha escena amable, de anécdota, nun camiño sen valados e preto dunhas maceiras, cunhas mulleres vizosas, case repoludas, co que quere transmitir un ambiente de ledicia no traballo, a idea dende o bucólico do mundo rural. Un episodio anecdótico da vida do campo, lonxe da realidade, dende as leccións aprendidas de Tito Vázquez, e Álvarez de Sotomayor. Agüeiros, variante de Augueiros, será o lugar do sucedido, un microtopónimo en realidade.

Carmen Rodríguez de Legísima foi unha *rara avis* no mundo da arte, á que chegou como filla dunha familia pacega de terratenentes rurais en Lousado-Piñor (Ourense), onde naceu en 1896. Estudou maxisterio, carreira que non exerceu, e dedicouse á pintura como afección, ao igual que a súa irmá Matilde, que sempre estará a carón dela, nun segundo plano. Logo da serodia primeira exposición que fai en 1943 na galería madrileña Macarrón, presentouse á Exposición Nacional de Bellas Artes, co cadro de Obdulía titulado *Retrato de mi hermana*, acadando a primeira medalla de prata. O concurso era a terceira vez que se convocaba e era unha porta que parecía ter aberto o triunfo dous anos antes a lucense Julia Minguillón. A súa familia, co seu irmán franciscano á fronte, unha alta xerarquía da Obra Pía de los Santos Lugares de Jerusalén, da Real Basílica de San Francisco el Grande de Madrid, e o guipuscoano Elías Salaverría, pintor decorador que aquí morrería en 1952 restaurando pinturas, impulsárona. Segue pintando, acada outra medalla no concurso de 1948 e vai presentando a súa obra en exposicións colectivas en Lisboa, París, Roma ou Londres, sempre moi esquiva, facendo outra individual de novo na Sala Macarrón en 1965, e contra a fin dos seus días convencera-

na para facer unha individual en Vigo, onde vivía. Realizouse en 1979 e resultou todo un descubrimento, mais a autora morre no ano seguinte. As influencias de Cézanne e Van Gogh na pincelada e nas cores vense en certo modo en *Flores*, obra da colección do Parlamento, datada en 1943, un óleo sobre lenzo. A natureza morta, asinada na parte inferior esquerda como «C. de Legisima», é unha obra de acaída factura, composición fresca que semella estar sen definir na parte superior, mais o bouquet desas miúdas baías laranxas da *Piracantha coccinea*, coñecido arbusto de xardín con follas de cor verde intensa, pequenas e algo elípticas, dispostas nun alto xerro de cristal, está colocado nun indeterminado lugar exterior. A luz misteriosa que emana do fuste do cristal, nun espazo de densas sombras, e o reflexo dentro dos talos na auga, son un fragmento que pondera a calidade acadada pola discreta artista.

Moi lonxe daquela intimista obra hai outra coñecida como *Pastora*, óleo sobre lenzo de 1944,¹⁴ firmada na parte inferior dereita «C. de Legisima», que, malia o título, é unha *Santa Inés*, título que propoñemos dende a análise iconográfica. A figura da moza loira leva o inconfundible nimbo dourado da santidad rodeando a súa cabeza, que se xira para ollar cara á súa esquerda. Cando comezaba a achegarse á adolescencia a santa morre martirizada, polo que leva a palma na destra, elemento falante alusivo de defensa da súa virxindade, polo que a artista lle coloca unha branca flor de lirio na outra man. Hai no cadro un fermoso año que camiña cara a nós e nos fita, animal co que se relaciona a carda tradicional cun vélaro que leva apoiado no ombreiro esquerdo, na dirección da mencionada ovella. Unha obra relixiosa de seguro con perfil no seu contorno e círculo de amizades, consonte coa época na que viviu, a súa educación cristiá e circunstancias, con varios dos seus irmáns curas e monxas, como tantas familias en Galicia dende finais dos anos trinta.

Juan Luis López García é un artista compostelán, cidade onde nace en 1894, que adoitaba asinar sempre como «Juan Luis», e así tamén está na obra que posúe o Parlamento, *Mañana de domingo*, óleo sobre lenzo sen datar. Dende picariño axudaba no taller artístico do seu pai e pasou pronto pola Escola de Artes e Oficios da súa cidade natal, onde recibiu ensino de Mariano Tito Vázquez. Ten que poñerse a traballar pronto e faino na catedral de Mondoñedo, na que pinta a súa ábsida, e restaura retablos, caso do da igrexa de Arcos de Furcos, en Cuntis, temática de tipo relixioso que sempre practicará, como no exemplo que nos ocupa. Pasou a Madrid en 1913, onde fará copias no Museo del Prado. Fai viaxes por Italia e Suíza e achégase tamén a París. Concorre ás Exposicións Nacionais de Belas Artes: é premiado en 1917 coa terceira medalla, obtén a segunda en 1922 e unha primeira, cun tema mariñeiro, no ano 1941, ano no que tamén fora premiada Carmen de Legisima. Mais o forte seu son os temas de costumes con escenas de xénero, e os da paisaxe. Este destacado pintor é representativo dunha Galicia

tradicional, e a súa obra é un espello do mundo rural, cos seus protagonistas, destacando a omnipresenza da Igrexa. Así foi até os anos da Guerra Civil, para ir mudando a temática e a técnica, cezanniana cada vez máis, entre os anos corenta e sesenta, época barcelonesa, e retomar a temática rexionalista e tradicional dos tipos e temas galegos logo da súa xubilación. Así, é da primeira época *Exvoto* (ou *Romeiros*), do museo Quiñones de León, Vigo (ca.1925), no que as figuras son un pretexto para pintar a fachada do santuario. Na obra da pinacoteca parlamentaria, posiblemente dos últimos tempos do artista pola pincelada un tanto esvaída, vai tamén a igrexa, esta con alta torre barroca, na cima do outeiro e da composición, ocupando o grupo de tipos populares rurais a maior parte do lenzo, como un friso escultórico, cunha pincelada debedora do primitivismo granítico dende a cor, estética da esencia galega preto de Francisco Asorey, amigo seu. O máis significativo da obra é a importancia da muller e os fillos, que enchen o cadro dende o primeiro plano, escaseza de homes novos do que cabe inferir que estean lonxe, na emigración. Trátase dun día de domingo, pois as mulleres locen nas cabezas e aos ombros vizosos panos de cores. Malia traballar moitos anos en Barcelona, e vivir en Madrid, o santiagués Juan Luis mantivo constante contacto con Galicia. Pasou tempadas na súa casa-taller da Anllada-Cuntis (Pontevedra) e faleceu en 1984 en Santiago.

Outros dous artistas con obra nos fondos foron Camilo Díaz Baliño e Alfonso Rodríguez Castelao. Ambos deixaron pegada de seu, dende as súas propias vidas, no caso do primeiro, ou tendo que afastarse de Galicia, para acabar morrendo lonxe dela, o segundo. O primeiro, **Camilo Buenaventura Díaz Baliño** (Ferrol, 1889-Cerceda, A Coruña, 1936), foi un intelectual galeguista, membro das Irmandades da Fala dende 1918, para as que deseñou a súa bandeira. Escribiu artigos na prensa e da súa autoría é un libro, *Conto de guerra*, de 1928. Colaborou ademais nas revistas *Lar*, *A Nosa Terra* e *Nós*. Outra actividade súa, pola que acadou recoñecemento, foi como escenógrafo teatral, primeiro nunha compañía de zarzuela e despois coa empresa cinematográfica Fraga, de Vigo, para a que fixo ademais carteis. Este artista multidisciplinar, dende os estudos iniciais na Escola de Artes e Oficios, acadou o posto de delineante na Deputación da Coruña. Posteriormente pasou a ser en Santiago funcionario municipal e asesor artístico, e no seu obradoiro de arte fará tarefas de artista gráfico. Da súa man é o famoso cartel da Coral de Ruada, de Ourense, para a súa xira por Sudamérica.

Para a propaganda da campaña do Estatuto de Autonomía de Galicia, plebiscitado o 28 de xuño de 1936, fixo un dos máis coñecidos carteis da campaña, que se acha nunha das estancias do Parlamento, o *cartel do Estatuto*: sobre fondo claro vai unha muller vestida de azul que se apoia nunha gran roda dentada, alusiva ao progreso, e levanta coa esquerda a póliña de oliveira, símbolo da vitoria. No peito leva o

¹⁴ Na parte superior esquerda semella ter un pequeno sete, fragmento triangular ben visible que fai necesaria unha intervención restauradora.

Escudo de Galicia, e a súa cabeza vai cuberta por un amplo pano, que lle tapa os ollos, coma unha sacerdotisa, levando na cima unha estrela. Na diagonal destra coloca o artista os textos en negro, «ESTATUTO / DE / GALICIA», tapando a muller-Galicia parcialmente a última vogal, e no extremo oposto, na parte inferior esquerda «SI» cunha tipografía de maior tamaño ca aquela.¹⁵ Neste ano de 2018 foille dedicado o Día da Ilustración, cunha exposición na Biblioteca de Galicia, celebrado o trinta de xaneiro, por ser a data no nacemento de Castelao.

Este é o segundo artista mencionado, unha das grandes figuras de Galicia, cuxo nome é a denominación da máis alta condecoración civil da Xunta de Galicia dende 1984, insignia que reproduce a cruz aspada coa que ilustrou Castelao o seu libro, *As cruces de pedra na Galiza*, de 1950, coa inscrición *Deus fratesque Gallaeciae*. **Alfonso Daniel Rodríguez Castelao** (Rianxo, A Coruña, 1886-Buenos Aires, 1950) foi, no contexto da Xeración Nós e a primeira Vangarda na pintura e o gravado, un dos grandes do galeguismo, ademais dunha figura relevante no pensamento político e na literatura. Nas artes plásticas xa pintara os grandes óleos do Nuevo Café de Vigo na década dos anos dez, nos que este polígrafo, a partir do costumismo e da estética modernista, fixo unha sabia e requintada síntese de arte coa sensibilidade do pobo. Así foi tamén o caso das imaxes expostas en 1920, no álbum *Nós*, viñetas satíricas realizadas os anos anteriores para *A Nosa Terra* e *El Sol*, de Madrid, ademais de *Cousas*, e *Cousas da Vida*, máis dun milleiro de viñetas que viron a luz en diarios galegos, madrileños e arxentinos até 1936. Participou activamente en política co Partido Galeguista, e foi elixido a Cortes en 1936. Mais co estoupido da guerra civil ten que marchar, e viviu refuxiado na Habana e en Nova York un tempo, aínda que a estadía maior no exilio será en Buenos Aires, na Arxentina, onde vivirá, escribirá e concluirá *Sempre en Galiza*, libro comezado na década dos anos trinta que é considerado a biblia do galeguismo, pois contén ademais o famoso discurso *Alba de Gloria*. Anos despois da súa morte, acaecida en 1950, será trasladado a Galicia e enterrado no Panteón de Galegos Ilustres, na igrexa de San Domingos de Bonaval, en Santiago. É considerado un facho político e cultural, e un persoeiro no ámbito das artes.

Fixo, ademais das viñetas, diversos carteis. O Parlamento posúe o seu cartel do estatuto. Nel vai a imaxe dun home tocado de amplo chapéu e vestimenta que leva unha gran machada apoiada no ombreiro, mentres dous picariños se acubillan ao pé del, e un terceiro, con cara triste, mira para nós e levanta unha cruz cunha bandeirola. No terzo inferior, en letras cursivas, *Para que a nosa / Terra sexa nosa / Vota O Estatuto*, esta última xa en letras capitais e tamaño maior.¹⁶ E ademais outros dous; un deles dese momento e temática é máis famoso: o señorito vestido de frac munguindo a vaca de Galicia que alimenta unha campesiña, co texto *Para que remate / esta vergonza / VOTA O ESTATU-*

TO; sendo o outro de 1922, co gallo do seu libro *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete*, publicado ese ano pola editorial Céltiga, de Ferrol. Na rica colección do Parlamento hai outro cartel de interese, atribuído a José López Fernández, (1918-1996), coñecido por López Bouza, no que se pide o voto *por unha Galiza ceibe* en 1936.

2.4. OS NOVOS E A XERACIÓN NÓS, NA CERNA DE GALICIA

A seguinte xeración de Castelao será a do movemento renovador da plástica. O ensaio do artista e escritor Luís Seoane *Un arte da terra*, en 1934, centrouse en Maside e Colmeiro, por seren ambos os dous artistas nesta altura que estaban a facer, dende o respecto á identidade galega, unha arte nova nos aspectos formais. O grupo formábanos os pintores Carlos Maside, Manuel Colmeiro e Arturo Souto, con Manuel Torres (1901-1995) e o escultor Gabriel Xosé Eiroa Barral (1892-1935), e Luís Seoane e Laxeiro, os máis novos do grupo. E tamén, sen dúbida, nesta onda estaba Cándido Fernández Mazas (Ourense, 1902-Castro Caldelas, 1942), personalidade independente.

Carlos Maside García (Pontecesures-Pontevedra, 1897-Santiago de Compostela, 1958) é non só o primeiro do grupo senón a gran figura deste, o fundamento deles, acubillándoos baixo as súas pólas, coma se dunha árbore-nai se tratase, para impulsar coa súa decisiva achega a nosa pintura cara á vangarda europea. Comeza a publicar debuxos en *Vida Gallega* en 1918, cando cumpría co servizo militar en Madrid, faceta, a de caricaturista, que seguiu a cultivar en *El Faro de Vigo*. Viviu entre Compostela e a cidade olívica e deixouse influír polo Castelao viñetista. Deste contexto xurdirá a vista de Santiago que leva por título *Catedral*, unha pequena gran obra en *gouache* sobre papel, asinada por un gran M. e sen datar, obra que non é unha das vistas ao uso dende o parque da Ferradura, senón unha *vedutta* de síntese de Compostela, coa catedral e as súas torres, a fachada da facultade de Medicina, e os tellados de san Martiño Pinarío detrás, facendo desaparecer a mole do Concello-Pazo de Raxoi, para colocar diante do conxunto catedralicio casas baixas, con hortas e árbores, murada a primeira por alta cerca, co que crea unha arcádica visión lonxe da tiranía do topográfico e fotográfico, coa terra en primeiro termo e o ceo enriba.

En 1925, en Vigo, a traballar para *El Pueblo Gallego*, está con Manuel Antonio, correspondente en Rianxo, e Rafael Dieste, tamén rianxeiro. Cando viaxe a París entre 1926 e 1927, cunha bolsa de estudos da Deputación pontevedresa para estudar pintura e gravado, coñecerá a pintura dos expresionistas e neocubistas, e ademais a arte de Gauguin e Van Gogh, dous dos pais da pintura moderna, mais identificarase coa

¹⁵ Firmado na parte inferior dereita e impreso a offset por Roel en Vigo.

¹⁶ Tamén impreso no mesmo lugar que o de Camilo Díaz Balaño. A firma do artista na parte superior esquerda, en maiúsculas. Falta nesta colección outro dos famosos carteis, un do propio Castelao, e o de Seoane, co que se acadaría así un cuarteto histórico de gran forza.

arte dos novos realistas dentro das vangardas: Soutine, de Chirico e o primeiro Balthus. Posteriormente, con outra bolsa vai a Madrid e vive alí catro anos. Relaciónase con Dieste e cos artistas Souto e Laxeiro. De volta en Compostela, impartirá clases dende 1933 na Escola Elemental de Traballo, mais, comprometido por Galicia, co Partido Socialista e co Galeguista, será destituído en 1937, e vivirá dende entón nun exilio interior en Compostela, agravado pola mala saúde, o falecemento de familiares e a ruptura sentimental. Deixará a súa casa-taller na santiaguesa Rúa do Vilar por Vigo, onde abre un novo. Deste momento é a obra do Parlamento *Calles de Vigo*, pequeno óleo sobre lenzo feito arredor de 1948, e asinado co seu característico trazo (MAS IDE).¹⁷ Está centrado nun cruzamento das vellas rúas de Vigo, como as que baixan cara á do Príncipe, estreitas e en pendente, que pinta con mulleres nas fiestras e nos balcóns, e unha gran planta nun balcón dos altos, elementos e figuras que, por máis causais que nos parezan, nel nunca o son. A obra está construída dende o peso das estruturas arquitectónicas amoreadas no exiguo espazo, que medran en altura, creando o sol os contrastes da luz e penumbra nas fachadas e as contras pintadas, nunha linguaxe realista cun emprego da mancha de síntese expresionista. Co nacemento da Editorial Galaxia en Vigo, en 1950, Maside comprométese nela como director artístico. Participará, con dúas obras, na exposición *Artistas Galegos* en 1951, en Buenos Aires. A súa enfermidade agrávase nos anos seguintes e morre finalmente na súa amada Compostela.

O artista de Pontecesures fai unha aposta con criterio e rigor para achar a esencia das imaxes que superen os tópicos costumistas, sen importarlle que se trate da paisaxe de Samil, dun grupo de mulleres nun lavadoiro público ou un bodegón, como na terceira obra súa que posúe o Parlamento, de rotundos perfís que teñen a estética do granito na base: *Flores*, asinado (MASIDE)¹⁸ sen datar, óleo sobre lenzo. Eis un xerro cristalino con forma de copa, no que vai un *bouquet* composto de roseiras, de cor rosa a central, douradas aos lados, amarela clara detrás, e outra da mesma cor, xa vencida e comezando a esfolarse, debaixo, todas entre follas verdes e sen espiñas..., que se recortan contra unha luminosa parede, composición que se asenta no bordo dunha mesa con cristal, que ten unha caixa de mistos, para que acendamos nosoutros a luz de Galicia, que o artista fai entrar aquí pola dereita, dende unha fiestra invisible. Unha obra que é, na súa esencia, a nova pintura galega en clave de auténtico manifesto.

Morreu cedo, mais o seu labor non foi esquecido. Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo danlle o seu nome ao Museo de Arte Contemporánea, xurdido en 1970 no Castro de Samoedo, Sada (A Coruña), no complexo arquitectónico onde están as Cerámicas O Castro, e que contén, na súa singular estrutura de módulos hexagonais arredor do central, as súas obras; e ademais as de Castelao, xermolo do movemento renovador, e

as doutros artistas como Francisco Lloréns, Xesús Corredoira, Maruja Mallo, Francisco Asorey, Arturo Souto e a dos renovadores, Colmeiro, Seoane e Laxeiro, e con eles as de Eugenio Granell e Urbano Lugrís, figuras tamén senlleiras da nosa arte. Un conxunto que fala de nós, e das imaxes da arte contemporánea nosas.

Manuel Colmeiro Guimarás (Chapa-Silleda, Pontevedra, 1901-Salvaterra de Miño, 1999) é un artista cimeiro da primeira arte galega, que absorbeu as influencias dos movementos das vangardas dos anos vinte e trinta. Coa súa filla, Elena Colmeiro González, da que xa falamos, son un senlleiro *continuum* das artes nas coleccións do Parlamento. Foi moi novo para a Arxentina, para vivir co seu pai e os tíos que xa levaban anos emigrados en Buenos Aires, e alí fíxose pintor. Xa de volta en Galicia, e co contacto con Maside, dará un xiro á súa forma de pintar construindo os cadros de temática campesiña, coa aldea e as súas xentes nos traballos cotiáns no centro, mais dun xeito máis rústico e primitivo que aquel, rexeitando os elementos anecdóticos e o folclorismo imperante na pintura rexionalista. Tense dito del como o espírito dos estilos do Románico e do Barroco se fan carne nos seus lenzos, e nas tarefas do gando ou a sega, facendo que as hieráticas xentes se fundan coa terra. Pinta os grandes pans na feira de Bandeira, onde eran vendidos polas mulleres, pans que tamén inclúe nos seus celebrados bodegóns. Cunha bolsa da Deputación de Pontevedra vai en 1928 a Madrid para estudar na Academia de San Fernando. Mais o artista andará por libre, aprendendo da vida e das visitas ao Museo do Prado, sendo entón cando fará a súa primeira exposición en Vigo. Relacionouse cos persoeiros da súa época en Galicia, aínda que naquel ambiente de polarizacións, tan politizado, Colmeiro nunca se afiliou a ningún partido. Coa Guerra Civil marcha para Buenos Aires, onde seguía tendo familia, e ao pouco xuntáranse con el a súa muller e os tres fillos. Aquí estará en contacto cos artistas e intelectuais, e seguirá pintando. Finalizada a guerra mundial instalárase en París en 1948, e expoñerá as súas obras aquí, en Londres, en Lisboa e en Madrid, na Galería Biosca, á que se vincula, e tamén en Vigo. É ponderado como parte dos artistas da Escola de París e Picasso é o amigo seu, mais devece por Galicia, a onde pouco a pouco se irá achegando, para vivir en Vigo e en San Fiz de Margaride, Silleda: dun lado a gran cidade, doutro o campo. Concedéselle o Pedrón de Ouro en 1982; expón unha mostra antolóxica, que logo será itinerante, no Museo de Arte Contemporánea en 1983, e a Xunta de Galicia outorgaralle en 1986 o Premio das Artes.

As dúas obras, de pequeno formato, da colección de arte do Parlamento son xa dos tempos democráticos: *Paisaxe con figuras*, de 1977, óleo/lenzo asinado na parte inferior esquerda (COLmeIRO), e *Feira*, de 1980, óleo/lenzo asinado na parte inferior esquerda (M. COLmeIRO).¹⁹ Esta constitúe un multicolor conxunto de xentes achegándose aos postos do mercado mensual dun lugar galego indeterminado, aberto, no

¹⁷ Sic!

¹⁸ Todo xunto agora mais co S de maior tamaño.

¹⁹ O marco come a sinatura, en deficiente disposición visual.

medio dunha carballeira de frondosas árbores, coa xente sobre a que o sol do medio día ilumina sen apenas sombras, agás nun dos vermellos cubertos dos feirantes. O artista colócaos coma se dun friso se tratase, en subgrupos, diferenciando unha nai cunha filla no poste de diante, e un home con sombreiro no media da ringleira dobre de mulleres sentadas que ofrecen os seus produtos en grandes cestos, con degradación dos tons de cores, para semellar profundidade, facendo o mesmo coa pincelada, de grosa a suave. Dende as luminosas cores do sábreo da terra até os verdes das copas das árbores, o mundo rural e os seus ritmos tradicionais, un tema que repetirá con variantes noutras ocasións.

Aqueloutra obra é dunha escena dun labor no campo, no que unha parella de campesiños sementa patacas. A muller, diante, coa man amósanos a terra, vestida de azul e cun sombreiro cunha banda de cores como a bandeira española; el, con camisa branca e chapeu de feltro, traballa coa ferramenta na terra; diante deles está unha nena cun cesto e sombreiro de palla. Áchanse no medio das terras de labor, onduladas e en bandas de cores, co carro dos bois no medio, nun segundo plano. Detrás das terras de labor está a liña das árbores e, máis lonxe xa, outras leiras de verdes cores. O artista remata o campo visual nos ondulados e azuis montes baixos que limitan o ceo. Son os duros traballos do rural dobrando o lombo e sen sombra, mais cunhas bandas cromáticas miúdas, ao xeito de Sol LeWitt, mais aquí contextualizadas arredor da terra e das súas xentes, centro dos desexos deste artista e da súa creativa xeración entre a *Grande Guerre* europea e a Guerra Civil española. Unhas obras que transmiten a memoria dos ritmos campesiños das xentes do interior de Galicia, con liñas e volumes dos que emanan esa tranquilidade e quietude do mundo do campo, pintura de luminosidade mais con sobriedade de tintas, nunhas paisaxes que teñen sempre formas suaves.

Mais no caso de **Arturo Souto Feijoo** (Pontevedra, 1902-México D.F., 1964) o seu camiño será outro. A súa traxectoria fará del o máis cosmopolita do grupo, mais os seus postulados plásticos afastarano un tanto dos de Maside, ou Colmeiro, ao que nos referiremos máis abaixo. Fillo de pintor paisaxista, Alfredo Souto Cueiros, de quen recibe as primeiras ensinanzas, marcha logo a Madrid para facer carreira de Belas Artes, cunha bolsa de estudos da Deputación de Pontevedra, e alí únese ao Grupo de Artistas Ibéricos, cos que exporá varias veces nos anos trinta, década na que asina con outros un manifesto que rexeita a «*arte oficial, vieja y caduca y representativa de una España muerta*». Tras acadar o Premio Roma en 1934, trasládase a esta cidade, onde permanece dous anos, con viaxes a París e a España. Neste tempo as temáticas que trata son variadas, mais gusta de escenas que se poden cualificar de marxinais.

Dese mundo de nocturnidade é a obra *Catro figuras*, asinada na parte inferior dereita (Souto), un *gouache* sobre papel sen datar, no que

fai unha escena realista dese xénero burgués de virtudes públicas-vicios privados, o dun ambiente de casas de citas, dende o contraste das vestimentas. No interior dun cuarto están dous homes con sombreiro, chaqueta, chaleco e garabata, abordando un deles a dúas mulleres arredor dunha mesa, escotadas e cos ombros descubertos. O artista describe así uns fondos prostibularios, coas figuras do primeiro termo máis precisas e iluminadas, sendo as posteriores máis defumadas nas cores, como as vaporosas manchas das paredes e a da penumbrosa escuridade do corredor, situado máis alá da porta aberta. Un ar doce á hora de abordar un tema de tan pouco gusto, inspirado na Nova Obxectividade expresionista alemá, moito máis ácida nos enfoques. Colaborará durante a guerra con obras combativas e moi expresionistas, en debuxos e gravados, a prol da propaganda republicana, coincidindo con artistas como Cristino Mallo, Rafael Dieste ou Lorenzo Varela. Unha gran actividade que lle deu sona e espallou o seu coñecemento por Europa, triunfando coa súa arte en París en 1938, e na Bruxelas do gran artista surrealista James Ensor, do que se fai amigo. Exíliase e marcha a Cuba e Nova York, para recalar finalmente en 1942 en México, cunha visita a Galicia en 1962, para regresar alá, onde morrerá un par de anos máis tarde.

A outra das obras súas que posúe o Parlamento é unha alegoría que se pode relacionar coa arte que coñeceu na súa estada en Roma, *Desnudos femininos*, cera sobre papel.²⁰ A figura dourada e espida da deusa móvese con elegancia e parsimonia no centro da composición, mentres ao redor dela se axitan nuns movementos corais e de ballet. De pé na vieira, orgullosa da súa beleza e feminidade, eis a súa epifanía, cun resaibo á de Botticelli do Museo dos Uffizi, en Florencia, aínda que oposta a ela no desenvolto da pose da deusa fronte á recatada do artista florentino. Souto escolle outro punto de vista, pois as figuras que están detrás dela semella que lle retiran a túnica, causando a súa nudez un efecto de asombro nas figuras de corpos escuros, que retroceden. A un lado hai unha muller serea e uns barcos vermellos no mar. En suma, un gozo visual e culto, o aceno dun artista que estivo coas vangardas en Madrid e París e foi figura destacada do movemento renovador da arte galega, apaixonado da figura da muller e do seu corpo, que representou espido en numerosas ocasións. Na figura central queremos albiscar un simbolismo da Autonomía, que levanta o veo dos novos tempos da democracia,²¹ motivo quizais subxacente para tela engadido entón á pinacoteca parlamentaria.

O artista e intelectual **Luís Seoane López** é un caso á parte mais ben significado. Naceu en Buenos Aires en 1910, de pais coruñeses emigrantes, e con seis anos vén a Galicia, onde fará co tempo estudos de Dereito na Universidade de Compostela. Home de cidade toda a súa vida e comprometido cos movementos estudantís, relacionarase con Dieste, Eiroa ou Maside, co que o unirá amizade. Dende o debuxo e o grafis-

²⁰ O seu estado é algo deficiente, pois está rachada nun par de puntos da súa pequena superficie. A obra era denominada *Nacemento de Afrodita*.

²¹ Precisa dunha intervención restauradora pois no lado inferior dereito está rota.

mo, desenvolve un camiño como autor de viñetas e ilustrador de libros, como os *Poemas do sí e do non* de Cunqueiro, de 1933, e en revistas, e dende o ano seguinte exercerá como avogado laboral na Coruña. Coa Guerra Civil regresará á súa cidade natal e desenvolverá alí unha intensa actividade cultural que difundirá o mundo de Galicia dende Buenos Aires por Arxentina e Uruguai, a prol dos exiliados e emigrantes. O seu libro *Homenaje a la Torre de Hércules*, de 1945, foi galardoado en Nova York como un dos mellores libros editados da década. En 1958 leva a medalla da Exposición Universal de Bruxelas, do Senado da Nación Arxentina. Cultivou tamén o ensaio e foi divulgador e crítico de arte, gravador e pintor, e un consumado pintor de murais e deseñador de tapices e cerámica, actividade esta que o une a Isaac Díaz Pardo, no país do Mar da Plata primeiro, e logo con el, dende a amizade e coas ilusións renovadas, no proxecto do Laboratorio de Formas de Sargadelos, en Cervo, Lugo, en 1968, e en paralelo o Museo Carlos Maside de Arte Contemporánea e as Edicións do Castro. A súa arte hai que circunscribirla á pega da das vangardas, dende Matisse a Picasso, Braque ou, principalmente, Fernand Léger, nunha síntese plástica que foi decantando até a fin dos seus días, en 1979, na Coruña. Nela, as súas formas independízanse do espazo rural-urbano para converterse en realidades plásticas autónomas co xesto do trazo, intermitente e fragmentario, que flota nos campos de cores planas, nunha liberación total mais sen perder a esencia do contido centrado en Galicia. Neste senso está a súa *Mater Gallaecia*, símbolo da Galicia da terra e o mar, campesiña e tamén urbana.

As obras que posúe o Parlamento deste egrexio artista, escritor e activista cultural e empresarial, son mulleres sentadas, que van dun abano de case vinte anos, e todas dos anos anteriores á democracia. É a primeira delas *Mujer con corsé*, obra mixta en pastel, coa firma na parte superior dereita (*seoane*) e a data á esquerda ('57'). Trátase dunha representación feminina de grandes peitos que nos mira de fronte cos brazos no colo, que viste ampla vestimenta e calza zapatos de tacón. E sobre as súas cores negra e gris traza Seoane unhas rexeas liñas en cores violeta e amarela enmarcando-remarcando o seu corpo, dispoñendo que o rostro se mova en dous planos, e engadindo no centro dela un corpiño de cordas cruzadas contra o ventre. *Figura feminina sentada*, óleo sobre lenzo, coa data ('58') na parte superior dereita e a sinatura (*seoane*) no lado oposto, é unha obra debedora do estilo Fauve no que as cores se independizaron das formas, creando o artista con elas un mundo de volumes dende as cores planas, cun grafismo lineal de bandas grosas e negras coas que trata de asentar aquelas. A nova e vizosa muller, de gran busto e cara oval sobre esvelto pescozo, ao xeito que facía Amedeo Modigliani coa súa parella e musa Jeanne Hébuterne, está peiteada para atrás cun gran moño na caluga. Mira cos seus ollos apaisados para a esquerda, aceno que reforza co xesto da man dereita e o dedo índice apuntado cara ao chan, cara á terra..., un brazo cruzado

contra o outro, e grandes mans de dúas cores. Viste un amplo vestido laranxa con ombreiras, e senta nunha alta cadeira do estilo das que facía Charles Rennie Mackintosh, o famoso arquitecto modernista escocés. Unha muller libre, sen que a ate axustador nin xustillo.

O terceiro dos óleos de Seoane no Parlamento é *Mujer sentada*, óleo sobre lenzo, coa firma na parte superior dereita (*seoane*) e a data ('74') no lado oposto. Sobre un fondo claro gris, o mestre Seoane, con catro cores e unhas poucas liñas, ao estilo de Matisse nos anos cincuenta, fai unha acaída figura feminina, sentada en pose cos brazos por tras da cabeza e pernas separadas, coas cores carne e verde na cabeza e a gorxa, reflectindo dende elas como a iluminación incide nesta parte do corpo, e outras dúas cores para o vestido, negro por diante e azul escuro debaixo. O rostro semella ter dúas caras, de perfil e de fronte, e tamén hai dúas facianas nos peitos, uns recursos que remiten ao cubismo de Picasso e á vangarda. Consérvase ademais un cartel da «Árbore xenealóxica da cultura galega», exposición *Presencia de Galicia*, en Madrid, de 1975. A Real Academia Galega dedicoulle o recoñecemento ao seu labor literario co Día das Letras Galegas de 1994, e a Real Academia de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario dedicará o ano 2019 a exaltar a súa contribución pictórica.

Con el están outros, ante todo **José Otero Abeledo** (1908-1996), alcumado **Laxeiro**, de quen tratamos máis atrás, e Manuel Torres Martínez (1901-1995), Armando Suárez Couto (1894-1981) ou Virxilio Blanco Garrido (1901-1948), que conformaron este grupo de artistas decisivo en tantos aspectos para o porvir das artes plásticas en Galicia, que son parte d'Os novos, o movemento renovador. Outros, como Maruja Mallo (1902-1995) e o seu irmán Cristino, aínda que nados na nosa terra, apenas deixaron pegada directa nela, mais as súas propostas creativas atoparon eco nos artistas e na arte galega.

2.5. OUTRAS ACHEGAS PLÁSTICAS DURANTE OS TEMPOS ANTERIORES AOS DA DEMOCRACIA

O vigués de nacemento **José María Isidro Frau y Ruiz** (1898) viviu en Galicia nada máis que os primeiros anos da súa vida, pois a súa familia, por mor do traballo paterno, que era do Corpo de Carabineiros, móvese por distintas cidades de España. O artista vivirá en América, en México e Buenos Aires, nos anos corenta e cincuenta, para pasar a vivir a Guadalajara mediada a década dos anos sesenta. Morre en Madrid en 1976, onde viviu na derradeira década vital. Formouse de artista na Academia de Bellas Artes de San Fernando, de Madrid, e a súa primeira exposición foi en Barcelona en 1918. No Concurso Nacional de 1924 acadou a tercei-

ra medalla; no de 1932 obtén outra de segunda clase. Despois de vivir un tempo en Pittsburg, EE.UU., volve, e cando se presenta en 1943 outorgáranlle a primeira medalla por unha paisaxe, con polémica, premio compartido con Benjamín Palencia.

Esta traxectoria fálanos da súa calidade, que se amosa na obra que ten o Parlamento na súa colección de arte, un *Bodegón con flores*, óleo sobre lenzo, sen data. Dende a súa pincelada rápida, aplicada con densidade, técnica afín ao postimpresionismo pictórico, preséntanos un tema intimista, evocador dun mundo doutroa, de pazo rural, viaxes, sol e auga, dende o sombreiro e a gran cuncha mariña, buguina dos mares cálidos, que conforman unha composición con claves simbólicas, nas que non falta a alusión á música, que poderá estar relacionada coa pequena e central escena baixo unha cristalina cuberta curva cun neno pastor e animais, e aínda hai outra, máis secundaria, nunha botella nun segundo plano. Detrás hai un gran *bouquet* de flores de xardín ao que se achegan bolboretas. Mais son a parella de pegas, nunha obra de detalles, as que se presentan como portadoras de significado, levando unha delas no pico un anel. Unha obra de contido, de encargo ou familiar, dun artista que levou, seica, segundo se ten escrito, a nosa terra no corazón. A sinatura está á dereita, na parte inferior, en cursiva: 'José Frau'. A luz que entra pola dereita e cae en diagonal resalta as calidades desta elaborada composición na que destaca a disposición ondulada da mantilla branca calada.

Unha biografía ben distinta á de Frau foi a de **Urbano Lugrís González**, quen viviu sempre en Galicia. O imaxinativo pintor vocacional e de bohemia vida, nacido en Sada, A Coruña, en 1908, morreu case na pobreza, en 1973, en Vigo. Aquí malvivía dende 1965, catro anos despois de ter morto a súa muller, suceso que o abateu. Vincularase ao mundo das Misións Pedagóxicas da República con Rafael Dieste, facendo decorados do Teatro de Títeres. Foi un apaixonado lector, cunha imaxinación avivecida dende neno polo escritor Francisco Tettamancy y Gastón, padriño seu, mundo desde o que accede á pintura, sempre autodidacta. Escribe artigos e poesía co pseudónimo de Ulyses Fingal, o que denota as súas influencias gregas e atlánticas. En 1954 fundou a revista *Atlántida* na Coruña, con Mariano Tudela e José María Labra. Fixo exposicións e pintou por encargo numerosos murais, dende a taberna da Casa do Pescador en Malpica (A Coruña), ao políptico do Descubrimento para o Instituto de Cultura Hispánica, pasando polo comedor de empregados da conserveira Massó en Bueu (Pontevedra), e algunha igrexa ou algún banco como o Hispano-Suízo, logo cafetería Vecchio, entre moitas outras, decorando tamén os camarotes do iate *Azor*, do xeneral Franco.

A este artista débémolle unhas paisaxes de fermosa e enigmática beleza, preto dos mundos oníricos e surrealistas da pintura europea dos anos vinte e trinta, como a que loce na parede parlamentaria: *Paisaxe*

metafísico, un sorprendente óleo sobre táboa de grandes dimensións, nada usual entre a súa produción, datado en 1961 e firmado 'lugrís / *áncora / 61*'.²², na parte inferior dereita. É unha obra característica do seu realismo máxico, no que as formas xeométricas e esquemáticas teñen un ar simbólico, pois dicía que pintaba «en galego», o que era tanto como dicir que lle resultaba imposible ser realista... e así as augas do mar soben até o ceo, onde voa a andoriña e viven as constelacións e as estrelas. Nesta obra de paisaxe inventada, coa *áncora* afondando no universo metafísico e surrealista, hai referencias á súa costa coruñesa e tamén ao mar de Vigo coas Cíes, ante as que despreza unha mensaxe alusiva ao bautismo, en paralelo a Moisés, ao que alude no cadro dentro do cadro, e a cuncha-vieira que pendura da branca ponte no sétimo piar, que é o do Domingo, día da semana co que comeza o novo tempo, que se reinicia acotío, como a vida do coñecemento se inicia coas vogais, cultismos da súa linguaxe naif de aparencia inxenua, mais tan expresiva dun creador que valoraba sobre todo a fantasía expresada coa pincelada precisa, liviá, entre as finas liñas...

Hai aínda outros artistas de interese no panorama das artes galegas que viviron, e traballaron, nos tempos anteriores á democracia, e que continuarán a estela d'Os Novos, aínda que cuns recursos e posibilidades máis minguadas, na súa linguaxe. É o caso de Manuel Pesqueira (1911-1988), ao que a Guerra Civil tronza a súa proxección, mais da súa calidade fala o feito de que fose seleccionado en 1951 para participar na colectiva do Centro Gallego de Buenos Aires, na compañía de Díaz Pardo, Laxeiro, Maside, e Prego de Oliver, grupo que completaron cunha artista e un escultor, Minguillón e Faílde, respectivamente. A maior parte deles están presentes na colección do Parlamento. Semellante a Pesqueira na influencia da guerra é o caso de **Manuel Prego de Oliver** (Ourense, 1915-1986), mestre depurado tras a guerra, metido a pintor dende mediada a década dos anos corenta, para manter a súa familia, que se abriu camiño nas galerías de Madrid dende 1955, ano en que ilustra *Merlín e Familia*, de Álvaro Cunqueiro, e que comeza a triunfar na década dos anos sesenta dende a gran pintura mural da estación marítima de Vigo, en 1960. Desta década son as exposicións na Sala Quixote de Madrid, cando comeza a ser considerado como un artista galego importante pola crítica oficial. As antolóxicas no Palacio da UNESCO, en París, en 1981; a do Palacio Real de Pedralbes, Barcelona, en 1983, e finalmente no García Barbón de Vigo, entre 1984 e 1985, pouco antes de morrer, culminan a súa vida.²³

O artista ten unha obra na colección do Parlamento, unha *Barca*, varada e abandonada sobre a area dunha praia, sen remos, e co sol caendo en vertical, metáfora dunha vida, co mar e o ceo, ocupando cos seus azuis a maioría da tea, o segundo con finas nubes brancas, un recurso para captar capas de cores. O artista buscou até os seus derra-

²² Sic, co punto no final.

²³ LIMIA GARDÓN, F. J. [2014, II]. «Manuel Prego de Oliver (1915-1986). Na leira murada do franquismo», *Galegos de Ourense 2* (Juana López, J. de, Prada Rodríguez, J., Rodríguez Teijeiro, D., coord.), 377-394.

deiros días, dende a experimentación persoal, unha técnica que expresase a súa percepción debedora dun estilo moi baseado na literatura, con transparencias e calidades sensuais na pintura.²⁴ A obra, un óleo sobre lenzo, está asinada na parte inferior esquerda coa primeira parte do seu apelido, 'Prego'.²⁵ Malia non ter data, é posible circunscribirla á penúltima década do mestre ourensán. A temática das barcas varadas trabállaa dende finais dos anos sesenta. E nesta mesma cronoloxía está o artista que Prego descubriu en Ourense, o escultor Antón Failde (1907-1979),²⁶ que ocupou para os herdeiros da Xeración Nós o espazo baleiro deixado por Eiroa e Bonome.

O artista coruñés **Antonio Lago Rivera** (A Coruña, 1916-Altea, Alicante, 1990) foi coetáneo cronolóxico rigoroso de Prego, mais a súa vida e arte son moi distintas, pois dende mediados de século vivirá en París. Da Escola de Artes e Oficios coruñesa pasará a Madrid para estudar con Vázquez Díaz, entre outros, na Escuela de Bellas Artes de San Fernando. O ano de 1945 supón o punto de inflexión da súa vida cando vai á capital francesa coa pensión da Dirección de Asuntos Internacionais. O contacto cos artistas na galería e librería de Karl Buchholz, en Madrid, na que se exhibía obra vangardista de Tápies, Saura ou Chillida, foi relevante. Regresa fugazmente a Madrid dous anos máis tarde, mais volverá á capital francesa, onde xa se instalará, pasando amplas tempadas en Alacante, até a fin dos seus días. Tivo varias fases na súa pintura, moi distintas, achegando á pintura galega innovadoras formulacións estéticas, que influirán nos novos pintores, expoñendo na Galería Arboreda da Coruña dende finais dos anos setenta. *Desnudos en el Pardo*, a obra da colección parlamentaria, é un óleo sobre lenzo traballado con espátula en capas de cores, tons grises e marróns, e encarnacións para os corpos, como se flotasen nunha atmosfera esvaída, na que os corpos son formas que se esvaen, nunha valorización da mancha. A firma, 'Lago', en maiúsculas, vai no lado inferior esquerdo. Debaixo vai a data, '1961', en que foi pintado.²⁷ Dende esta data o artista irá abandonando este xeito de pintar, que o achegou ao informalismo e á abstracción, e recupera a figuración para tratar temas con acaídas composicións con figuras espidas, naturezas mortas, escenas de xénero en clave satírica, e paisaxes.

Constantino Grandío López (Lousada, Lugo, 1924-Lugo, 1977) é tamén, coma Lago, un artista que se achegou á abstracción, o que para el era consonte coa súa primeira vocación, a da música, pois foi un bo intérprete tanto do órgano como da gaita galega, instrumentos que definen o seu carácter retranqueiro, e a súa pintura, entre os tons ocres e verdes e os cinza. Intuitivo e autodidacta, contou co apoio de Cristino Mallo. Premio de pintura en Lugo, en 1944, medallas nas Exposicións Nacionais, na de 1959 a terceira; en 1961, a segunda; e na exposición de 1963 obtén a primeira, para levar Tino Grandío, dous anos despois, o gran premio da Dirección General de Bellas Artes. Cando dez anos

máis tarde enferma estaba a pintar de encargo un retrato de Franco, prodixioso cadro de concepto que finalmente acabou na colección de Abanca. Dende aquela Grandío deu en pintar sen parar até a súa morte.

Distintos son entre si os dous óleos sobre lenzo que de Grandío hai no Parlamento. É o primeiro unha *Pintura abstracta*, que se pode datar con precisión en 1959, pois así o sinala o artista na parte inferior esquerda.²⁸ O outro é unha *Rúa*, coa sinatura 'Grandío' e o ano '1972' debaixo. Esta é unha paisaxe en gris, da rúa e das casas, e tamén do ceo, mais os tellados e o valado do terreo no primeiro termo son escuros, dunha cor terrosa, unha extrema economía cromática. Aquela é unha obra máis hermética, con tres campos que van da cor gris ao vermellón, pintado en capas verticais cunha enigmática liña negra no centro, a modo de eixe.

José Telmo Lodeiro Fernández (1930-1996) foi un artista de Vigo, cidade dende a que fixo a esencia do seu mundo. Dende a vida familiar no barrio obreiro de Teis, o que configura moito da súa cosmovisión, marchará en 1958 a París para traballar na Citröen, e máis tarde ao cantón suízo de Saint-Gall. Regresa a Vigo en 1963 disposto a transformar o mundo coa súa pintura, facendo a primeira exposición no ano seguinte. Expoñerá nas diferentes cidades do Estado, dende Pamplona a Santander e San Sebastián, Madrid, Murcia, Valencia ou Barcelona. A súa pintura é de raiceira construtiva, baseada na xeometría, e nela busca o equilibrio, co paso dos anos, cun xeometrismo abstracto de proxenie construtivista, unha das vangardas radicais da segunda década do século, mais inserindo nela aspectos do *Op Art* e da psicodelia propia deses anos. Un traballo, o seu, coas cores en gradación e bandas, e unha técnica de óleo e pedra moída, coas que configura un estilo. Malia asinar como 'pintor de Vigo', a súa arte non é localista, pois traballa os cadros cara á totalidade dende o seu estudio na rúa Marqués de Valladares.

A obra da colección do Parlamento hai que poñela en relación coa súa Serie Erótica e outras paisaxes onduladas. *Galaxia* é un óleo con pedra mol sobre lenzo asinado e datado en 1975, unha paisaxe da súa Serie Cómica, de perfís curvilíneos, que exemplifica un amencer ideal, novo, dende a utopía das formas de arco oval que comeza a iluminarse dende un raio cenital na estrelada noite. Nos primeiros oitenta afondará nese achado visual coa Serie Futuro. Moi valorado dende o seu individualismo e anarquía, convencido do asociacionismo para avanzar nun futuro común, foi por iso moi ponderado por escritores como Blanco Amor, Xohana Torres, Cunqueiro e, principalmente, Xosé Luís Méndez Ferrín. Participa no movemento Atlántica (1980-1983), e en 1982 fai unha viaxe a México, país no que expoñerá en diferentes estados. E tamén o fixo nas cidades galegas, sendo as principais a da Casa da Parra en 1988, a da Casa das Artes, Vigo, en 1991, e a do Centro Galego de Arte Contemporánea, Santiago, entre 2007 e 2008. Foi galardoado en 1994 co Premio da Crítica de Galicia.

²⁴ Está analizado con detalle en LIMIA GARDÓN, F.J., FIGUEIRAS PIMENTEL, N. [2017]. *Prego, mestre da pintura. A creación plástica como experiencia vital*.

²⁵ A firma de cor negra é rara nesta obra, pois o artista adoitaba facelo en vermello.

²⁶ LIMIA GARDÓN, F.J. [2001]. Antonio Failde. *El escultor que escuchó la música de las piedras*. Hai edición recente en galego, 2017, corrixida e aumentada.

²⁷ A obra está rota en tres puntos, dous deles na figura da dereita, o outro abaixo, con perda da capa de cor, precisa intervención restauradora urxente, e limpeza, pois a inscrición non se pode ler completa.

²⁸ Hai unha inscrición enriba, que sería a do apelido do artista, mais está ilexible.

Coetánea súa foi a pontevedresa **Mercedes Ruibal Argibay**, nacida en Xeve, en 1928, e falecida en Madrid en 2003. Nacida nunha familia de cultura, a súa nai, Yoya Argibay, era pintora naíf, o seu pai escribía, igual que o irmán dela, José († 1999), que foi dramaturgo, e a súa irmá Ángeles era unha recoñecida cantante. Ela medra nunha familia republicana, emigra a Buenos Aires nos anos cincuenta, onde xa vivía o irmán, e entra en contacto coa pintura da man de Laxeiro, facendo en 1956 a primeira exposición. Co regreso a España, vivirá en Madrid, onde ademais de avanzar na súa aprendizaxe técnica, e facer exposicións, casa co vigués Agustín Pérez Bellas (1925-1982), arquitecto de profesión e gran debuxante, máis que pintor, vinculado á esquerda radical, o que naquela España do Réxime ditatorial de Franco lle trouxo problemas. A pintura de Ruibal é de matriz expresionista e figurativa na base, algo inxenua, primitiva e rústica, con temas de crítica social, derivados do seu compromiso político. Pasa así das maternidades e os nenos a temas de maior calado, utilizando a temática dos heroes gregos e a tauromaquia, ou os mutilados das guerras de Bosnia ou Vietnam. Así sucede co máis antigo dos dous que ten na colección do Parlamento, titulado precisamente así, *Vietnam*, óleo sobre lenzo de 1968, no que unha imaxe fragmentada dun neno escordado, cunha gran ferida na cara, flota nunha intensa cor negra entre formas informes en gris, que semellan impactos.

Foi tamén escritora, con chispa e mais élan, en *Confesiones de una volatinera con bragas de repuesto al dorso*, obra de 1978, ou, en 1986, *Y mi voz es tu nombre*. En 1993 o Concello de Vigo organizoulle unha exposición antolóxica na Casa das Artes. *Medea*, de 1984, óleo sobre lenzo, asinado 'M. Ruibal' en vermello no lado inferior do lenzo, é a outra obra súa, unha muller axeonllada flotando en negro, que nos fita dende o seu único ollo, con adornos na melena e vestimenta, e un ramo de flores na man, moi parecida á muller de 1981 da colección de Afundación, expresionismo e poesía.

De dous artistas coruñeses de longo alento e vida, Antonio Tenreiro e Felipe Criado, nados na década dos vinte e falecidos xa andado o século XXI, hai representación no Parlamento. O máis vello deles é **Antonio Tenreiro Brochón** (A Coruña, 1923-2006), quen, dende a Escola de Artes e Oficios da Coruña, vai en 1942 a Madrid para facer Arquitectura, que estuda con Manuel Vázquez Molezún de compañeiro, e compaxina cos estudos de pintura. O ambiente da capital, e o contacto coa obra de Benjamín Palencia, danlle pulos para captar a paisaxe. Relacionarase coa segunda Escuela de Vallecas e o círculo de artistas da Librería e Galería Buchholz, como Lago Rivera, amigo seu. Xa na Coruña, fará a súa primeira exposición con José María Labra, outro amigo, en 1947, con paisaxes en pinceladas grosas, que traballa ás veces con espátula. Nos anos de 1954 e 1956 formará parte do proxecto da revista *Atlántida* con aqueles amigos, Lago e Labra, no que tamén están Lúgrís e Mariano Tudela. Polo

traballo como arquitecto, seguindo ao seu pai, que deseñou o Banco Pastor, no seu día o rañaceos máis alto de España, regresa á Coruña, época de tristura e escuridade no persoal, que plasmará nas súas pinturas. Son esas atmosferas súas nas que as cores se tornan máis e máis frías, e as composicións sobrias, as características da súa época negra, cores terrosas con formas angulosas e luz escasa. Desta época, posiblemente a mellor do artista, até comezos dos anos sesenta, é a obra que está na colección do Parlamento, *Aldea de Trevinca*, óleo sobre lenzo asinado e datado con orixinalidade na parte inferior esquerda, '*a.Tenreiro 458*'.²⁹ Baixo o ceo negro e azul, os montes dun azul que semella ceo, as leiras redondas e as casas nos primeiros planos, manchas brancas e azuis, e entre medias destes e aqueles volumes, montes con árbores sen follas e unha máxica cor laranxa... Co paso dos anos, nos oitenta, recuperará a ledicia por vivir, e as obras fanse intimistas, transformándose as súas cores cos veráns na casa familiar da Magdalena, a carón do Eume.

Felipe Criado Martín naceu en Xixón (Asturias) en 1928, e morreu en Mera (A Coruña) en 2013. De pais salmantinos, por mor da profesión paterna no Corpo de Carabineiros, aliñado cos republicanos, vive na súa infancia en Santander e sofre o bombardeo alemán da Guerra Civil, que lle deixou pegada e rastro na pintura dos seus anos finais. Cando, tras a guerra, se integran na Garda Civil, o seu pai pasará a traballar en Verín, e a familia vivirá en Ourense, para mudarse ao pouco a Santiago. Aquí traba o futuro artista coñecemento con Asorey, e logo de prepararse vai a Madrid en 1954, á Escuela Superior de Bellas Artes de San Fernando. De regreso a Santiago, comeza a dar clases de modelado en Artes e Oficios e de debuxo no Colexio Peleteiro, do que será director nos anos sesenta. Gaña a cátedra de instituto, co que se traslada á Coruña para traballar no Instituto Eusebio da Guarda, cidade na que se afincou até o seu óbito. O seu estilo é figurativo, centrado nas mulleres, que gusta de pintar con curvilíneos corpos e sexuadas formas, eróticas en ocasións, e sempre eternas adolescentes. O debuxo é o fundamento das obras, coa curva como liña-base, corpos que se moven, cadenciosos, con gran expresividade nos rostros e as mans.

Ten na pinacoteca parlamentaria un bo conxunto de obras. A máis elaborada de todas é "*Wridner*": *partitura para concierto en piano azul*, de 1997,³⁰ obra-instalación con moble azul a modo de piano, e na parede un tríptico sobre madeira con dúas figuras simbólicas e, na táboa superior unha sensual moza espida e deitada. Cun concepto semellante é *A través de la puerta*, realizado en dúas portas aparafusadas nun táblex, e nos terzos superiores de cadansúa porta pinta un home e unha muller que semellan estar espidos e no medio dunha acción, con poses declamatorias e histriónicas. Nos cuarteiróns de base das portas o artista debuxa unha serie de corpos espidos e rostros que contan unha historia, pi-rogravados que son unha fina obra reveladora da súa mestría co debuxo.

²⁹ Sic. A inicial do nome en minúscula, o apelido con til, e todo subliñado.

³⁰ 'Político original de / Felipe Criado M. / La Coruña - Mera / 1997', escrito en pintura branca na parte externa dunha das portas.

Envolvente para un ritmo praxitélico é outra obra, na que unha gran figura feminina danza núa e de costas diante dun neno sorprendido e sentado. A figura da muller nesta obra, e en todas as demais do elenco, ten unhas texturas matizadas con tons dende o empaste do acrílico e co po disolvido, que van sempre entre liñas circulares que se cortan, formando unha rede ou malla. En *A propósito de una antena, una mujer... y otras cosas* a figura feminina espida sostén un balón feito con aquelas liñas e que aquí se superpón á pintura. Ao seu carón hai pétalos e flores, e dous rostros en azul, cun ar a máscaras. E así tamén en *A propósito de una ducha encontrada en la mar atlántica*, coa figura feminina enriba dun prato de ducha, elementos cos que traballa Criado dous puntos de vista, un en picado, cara aos pés, e outro de fronte cara á muller. Engádelle ademais á obra un tubo exterior coa cebola de ducha, co que a converte así na instalación dun traste, cun efecto *trompe-l'oeil*, no que se inclúe o termómetro.

A que leva por título *Vía Láctea* é un óleo sobre lenzo, asinado e datado '*Felipe Criado / 1991*', na que o máis salientable son as cores que rodean a parella. E finalmente, a *Nena diante dun mural*, sobre liño, obra que tamén vai asinada '*Felipe Criado / 1989*'. Son unha parella de xoves músicos que tocan nun pub, ela o contrabaixo, el o piano, vistos dende as costas, ocupando a muller a parte fundamental da obra. No extremo esquerdo, mirando para nós e sentada ás carranchapernas, unha mociña de cabeleira azul. Eis a obra máis suxestiva entre todas as comentadas.

O lucense de Vilalba **José López Guntín** (1929-Lugo, 1996) foi un artista formado en Madrid na Escuela de Bellas Artes de San Fernando, onde vai coa bolsa da Deputación. Foi profesor de Debuxo de ensino medio en Lugo, e tivo por inquedaanza achegar as súas obras ao público, facéndoo co Grupo dos Urogallos, no que estaban Antonio Estrada, Jesús Blas Lourés, Luís Gómez Pacios, Manuel Cancio e Tino Prados. Con eles expón no Hotel Ferreirós, abrindo con posterioridade un estudio na praza de Santo Domingo, o que dinamizará a vida artística de Lugo. O pintor ten unha evolución que vai dende a figuración realista, en que pinta grandes conxuntos de xentes en romarías, entre características cores verdes e azuis claras esvaídas, caso de *Festa na Aldea*, na que os gaiteiros tocan na rúa maior dunha aldea ateigada de xente, até outros temas nos que dissolve as formas nas cores pastel das que tanto gustaba, para amosar formas moi suxestivas como en *Deuses en loita*, óleo sobre lenzo de notables dimensións, de imaxinativo desenvolvemento de acceso conceptual máis reducido polas súas esvaídas formas figurativas.

3. COS TEMPOS DO PARLAMENTO



Dunas de Camposancos **Xavier Pousa Carrera**

Comeza un tempo novo, en España e tamén en Galicia, un tempo de novas elites á fronte do Estado, convertido en Reino, cos seus Reis, dende que o 29 do mes de decembro de 1978 a Constitución española entra en vigor. E con eles xorden os Parlamentos, cos seus presidentes á fronte. Hai así, ante todo, nos parágrafos que seguen, unha atención para o espazo da gran sala para as recepcións solemnes e representativas desta casa, á que acoden xentes civís e militares, e outras do común, que por variados motivos se xuntan cos representantes do poder popular. E a continuación, recuperamos a historia de Galicia a partir dos artistas, moitos deles protagonistas principais dos distintos movementos plásticos, os máis vellos entre eles nados a finais da década dos anos trinta, aínda que a maioría o fixera nas décadas dos anos corenta e cincuenta. A súa pegada artística, como espíritos creadores destes novos momentos para a vida e a convivencia, co réxime político da democracia, dende o derradeiro cuarto do século XX até os nosos días, está a ser un feraz territorio no que a convivencia dende a diversidade de propostas se comparte sen imposicións.

3.1. SALA DOS REIS E PRESIDENTES, ESPAZO DE HONRA

O pintor **Manuel Matas García** foi escollido para facer varios retratos de persoeiros tanto do Estado como do Parlamento. Nado en Salamanca en 1928, marchou a Bilbao estudar. Continuará os estudos en Madrid, que afondará nas estadias en Venecia e Londres. Dende 1958 viviu un tempo en Caracas, Venezuela, con visitas a EE.UU., en Porto Rico e Miami, Florida, no continente, ademais de Nova York, e deste periplo vén a súa sona de gran retratista de políticos e personaxes públicos. Regresou a España nos anos oitenta, e residiu no Rosal, Pontevedra, de onde era a súa muller. Morreu en 2004 en Santiago de Compostela.

O primeiro dos retratos, por orde de representación institucional, é o de **Victorino Núñez Rodríguez** (1936-2010), quen, dende que fora elixido deputado en 1990, se converteu en presidente entre 1990 e 1997, na terceira e a cuarta lexislaturas. Con anterioridade fora presidente da Deputación de Ourense. Asíno o artista como 'M. Matas', no extremo inferior dereito, e representa o ourensán adoptivo, nado en Quiroga (Lugo), sentado nunha butaca baixa de coiro negro, e a luz pola dereita, fitándonos e cun leve sorriso, coas mans unha sobre a outra. Nunha butaca semellante, aínda que sentado máis recto, as pernas en paralelo, coloca a **José María García Leira** (n. 1934), que foi o presidente do Parlamento entre 1997 e 2005, e deputado dende 1990. Antes fora alcalde de Vilalba, a súa terra, entre 1979 e 1990 e, en paralelo, vicepresidente da Deputación de Lugo. Coloca un foco de luz sobre o rostro, que se reflicte nos cristais das lentes e nas canas, realzando a súa figura con mestría co intenso fondo verde detrás.

O artista pintou en 1995 os dous retratos de **El-Rei Xoán Carlos I de Borbón** e da súa muller **Sofía de Grecia**, raíña consorte, óleos sobre lenzo. Naquel o rei está con uniforme militar e as condecoracións ao uso representativo de pé, nun lugar sobreelevado do terreo, cos pés na terra clara. A man esquerda enriba da dereita, en eixe co rostro e os pés. Detrás coloca a paisaxe dun pequeno val, cun regato, herba e vexetación máis escura nos verdes, e máis clara despois, e cara á esquerda, onde os ceos se abren, xa sen nubeiros. O da raíña Sofía, sorrindo con franqueza, vestido elegante e vermello escuro con faixa bordada, mans e rostro nun eixe tamén, situándoa nun salón, cun fondo verde degradado pola luz. Anos despois, en 1997, fará os retratos deles como parella rexia, os **Reis de España**, a máis alta representación institucional do Estado, aínda que aquí os pinta de rúa, nunha pose familiar, firmando a obra á dereita deles.

Nas outras obras de retrato o pintor pode ser máis creativo, xa que os persoeiros son personaxes históricos: Asíno o artista como 'M. Ma-

tas', e representa a **Rosalía de Castro**, e **Castelao**, ídem., que teñen un ar de familia dende a composición. Aquel, o da gran dama das Letras Galegas, represéntaa no extremo dun salón alto, que pecha unha cortina e unha balaustrada aberta á paisaxe verdesciente, ao xeito do verso de Pondal do Himno Galego, e entre aquela e a poeta, sobre o moble, van dous libros pechados.³¹ No segundo, sitúa o persoeiro ao pé da varanda do balcón, coa cidade de Santiago cara á catedral e o pazo de Raxoi, cun intermedio vexetal, a tópica vista dende a Alameda da Ferradura. En ambas as obras os retratos ollan de pé para nós, como interpelándonos, sorrindo o de Rosalía. E, finalmente, unha paisaxe, temática na que este artista foi un mestre. Trátase de *Santiago desde o Pedroso*, unha inusual vista baixa da cidade histórica coas moles arquitectónicas do convento dos Franciscanos, o beneditino de San Martiño Pinario, a facultade de Medicina e o Hostal dos Reis Católicos, co pazo de Raxoi, a sede municipal, que pecha a praza do Obradoiro. O artista consegue así que as torres da catedral emerxan até a liña do horizonte, co monte Gaiás á súa esquerda, e a cidade á dereita dela. En primeiro termo, a vexetación do Pedroso e as dúas liñas de casas brancas cos tellados de cor, entre os lameiros, falan da súa competencia compositiva, dende a parte superior dereita coa pequena póla. 'M. Matas 93', no extremo inferior esquerdo, é a súa sinatura e data neste bo óleo sobre lenzo. Foi un dos máis destacados pintores realistas de Galicia.

Rogelio Puente Díaz de la Rocha pinta a **Tomás Pérez Vidal** (Casaio, Carballeda de Valdeorras, Ourense, n. 1954), que foi presidente do Parlamento entre maio de 1986 e xaneiro de 1990. Neste óleo sobre lenzo feito entre 1990 e 1996, que asina 'Rogelio Puente', represéntao na cadeira nunha distendida pose e fitándonos, sendo aquela de madeira e coiro vermello, e o protagonista coas mans en descanso sobre unha perna e pendurando do brazo da cadeira, coa luz en diagonal, iluminando o rostro, creando reflexos no fondo vermello. Dende a maxia do debuxo, o artista fai perenne un instante fugaz, o da pose de costado, unha escena cotiá e elegante, que o revela como un magnífico retratista. O artista nacera na Habana, en 1936, dunha acomodada familia de indianos españois. Regresou a España cando tiña catorce anos e instalouse na Coruña. Estuda Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, que completa en Inglaterra. A súa relación coa arte comeza co Museo del Prado, cando viaxa a Madrid, seguindo logo a Italia e Francia, e malia comezar con Arquitectura acabará cursando a carreira de Artes Decorativas. Outórganlle en 1976 premio na Bienal de Pontevedra, ano no que comeza a expoñer en diversas salas de Galicia, e tamén en Brasil, México, República Dominicana, Arxentina e Francia. Falece en 1996 na Coruña. A exactitude con que pinta os ambientes, con precisas perspectivas, derivada da súa práctica en arquitectura e dos seus coñecementos no campo da decoración, fan deste artista hiperrealista un gran evocador do tempo pasado.

³¹ Que ben puideran ser tres, *Cantares gallegos*, *Follas novas* e *En las orillas del Sar*, os seus libros de poemas...

Xavier Pousa pintou para o Parlamento varios retratos. O primeiro deles é o do que fora o primeiro presidente da Xunta preautonómica de Galicia, **Antonio Rosón Pérez**, quen estivo á fronte do Parlamento como o seu primeiro presidente desde o 19 de decembro de 1981 até a súa morte o 24 de abril de 1986, é dicir, a primeira lexislatura e parte da segunda. O artista, que asina a obra en 1987, sitúao co seu escuro traxe sobresaíndo dun fondo escuro, coa cara volta cara á dereita nunha mirada asertiva, xesto que equilibra coa posición das mans. Na década final da súa vida fai outros importantes encargos de retrato representativo e institucional dos que sae airoso. O da **Raíña dona Sofía**, do ano 1993, cun vestido de ar de peplo clásico grego, reactualizado, branco e liso, cos brazos paralelos ao corpo, e o do seu fillo, **Felipe de Borbón** como Príncipe de Asturias, obra de 1994, coas mans unha sobre a outra, e a carón dunha mesa, destacando a ambos os dous persoeiros dende uns sutís fondos claros, máis neutro no caso do herdeiro da Coroa. En todos estes cadros representativos de institucións estatais Pousa fai que domine a calidade humana do retratado fronte ao hieratismo que emana do cargo.

Hai, ademais destes retratos, outros a seguir do de García Leira. Son os das últimas presidentas do Parlamento, **Dolores Villarino Santiago** (Xinzo de Limia, Ourense, n.1945), quen estivo á fronte da institución entre 2005 e 2009, obra firmada por **Puri del Palacio**, que a retrata de pé e de fronte, cos brazos cruzados sobre o peito, nunha acaída instantánea, contra un suxestivo e colorista fondo de campos cromáticos; e **Pilar Rojo Noguera** (A Coruña, n. 1960), quen o foi entre 2009 e 2016. Este é xa unha foto, cambio notable que afecta tamén ás novas imaxes de **El-Rei Felipe VI Borbón**, de traxe e cos brazos sobre o peito, firmada por 'D. Virgili'; e **El-Rei con D^a Leticia, raíña consorte**, retrato que tenta ser moderno e próximo dende o xesto do brazo por tras dela, mais a presenza da mesa dianteira e a columna branca detrás indican o significado xusto con sutileza e precisión.

3.2. ARTISTAS DE VARIAS XERACIÓNS QUE COMPARTEN

Inspirado na obra de Virxilio Fernández Cañedo, *Diego Sarmiento de Acuña Conde de Gondomar*, realiza o tapiz que preside a significada sala la deputación permanente **Xabier Rodríguez Gómez (Vigo, 1961)**. En 1983, en Cedeira, forma xunto con Fina Sedes "Tapices Galicia". Despois dunha longa etapa de formación con diversos artistas e artesáns, marcha a Barcelona onde comeza a súa profesionalización do tapiz da man do mestre Clemente Condor. A súa obra está practicamente dedicada a Galicia, á súa arte, xente e cultura.

Parándonos a analizar o mencionado tapiz, observamos que na banda de enmarque, sobre fondo verde, corre unha inscrición en letras capitais e cor vermella dividida en tres partes na que se le 'en 1613 chega a Portsmouth como embaixador', di a primeira, 'en Londres e negase a abater os estandartes de', que continúa 'España ante os do rei de Inglaterra.', e a continuación unha serie de siglas en cores, iniciais dun nome. No lado inferior dereito hai un grupo de nobres, dúas mulleres e dous homes, ataviados con roupas de comezos do século XVII, entre os que se destaca un, con espada desenvaiñada, que nos mira. Ao lado dos seus pés vai a sinatura do artista da obra orixinal, 'vfc', iniciais do seu nome en minúsculas. O famoso noble, que foi embaixador de España, viviu entre 1567 e 1626, e chamóuselle o Maquiavelo español, segundo se ten escrito na historiografía inglesa, e foi admirado e temido nas chancelerías europeas. Foi o Defensor do Voto en Cortes para o Antigo Reino de Galicia, demanda conseguida en 1622 xa co Rei Felipe IV, e foi ademais un mecenas das artes e das letras, erudito e bibliófilo, cuxa gran biblioteca está hoxe na Real Biblioteca de Madrid. O campo do tapiz está dominado por tres galeóns coas velas e os pendóns ao vento con proa cara a terra, onde hai un compacto burgo. O vizoso velame está decorado con fusos e losanxes, e o mar aparece picado, con bandas azuis en dous tons nas que engade esas pequenas volutas súas tan características a modo de ronsel. A imaxe do tapiz está baseada no primeiro dos debuxos que conforman unha carpeta de serigrafías que Virxilio Fernández dedicou a aquel célebre noble galego da época do Rei Filipe III Habsburgo. Constaba de catro follas, que foron estampadas por Carlos González Villar no seu taller de Tamallancos, Vilamarín (Ourense) nos meses de verán de 1992. Trátase dunha obra histórica que, dende a súa orixe no papel, pasando pola serigrafía, muda a escala no tapiz para acadar un nivel representativo dende un persoeiro varal na historia de España, con condado no contorno do Val Miñor e da vila Real de Baiona, e o seu importante porto, nos que o seu pai gobernou.

Virxilio Fernández Cañedo (Ourense, 1925-2011) estudou na Escola de Artes e Oficios de Ourense co acubillo do seu director, Luis Fernández Pérez, e, seguindo a influencia de Cándido Fernández Mazas, foi a París, onde foi admitido na École National Supérieur des Beaux-Arts, mais apenas asistía ás clases, deixándose influír polo ambiente cosmopolita, polo que debeceu. Con Arturo Baltar xuntáranse por unha tempada ao grupo dos *Artistiñas*, De Dios, Acisclo e Quessada, nacido tras a morte de Risco, aos que se unirán Buciños e Pousa, grupo de *Siete artistas gallegos* que, apadriñados por Otero Pedrayo, expoñen en 1965 en Santander, Vigo e A Coruña. En 1972 vai a Milán para expoñer nunha mostra de Amnistía dedicada a España, fai exposicións en Ourense e Vigo, e as ilustracións da Gran Enciclopedia Gallega e en capas de libros, de Xesús Rábade ou Uxío Novoneyra, entre outros. Expoñería en 1975 en Berlín. Viviu en Co-

lonia, cidade da R. F. Alemaña, onde vivía unha boa colonia de galegos e naquela altura, xa cunha idade madura, expuxo alí e tamén en Bonn, a capital federal, sendo a de Frankfurt en 1987 a súa derradeira exposición alí. A fama do artista áchase en ter acadado un recoñecido estilo dende táboa como soporte para dispoñer miúdas capas de areas mesturadas, técnica en relevo que o caracteriza dende as formas curvas e pequenas volutas, con intensas cores. Foi ademais un gran debuxante a pluma.³²

Un dos seus máis acaídos temas é o da vendima, e as mulleres, ás que coloca pequenos relevos nos peitos, composicións sen tridimensionalidade apenas, e cun realismo inxenuo e primitivista. Así, *Vendima de Monterrei*, sen datar e asinado 'vfc', no antigo val de Baroncelli, sueste da provincia de Ourense, terra de antigos viños arredor do val do río Támega. Cinco mulleres cubertas por amplos vestidos e panos nas cabezas están entre as vides baixas, e colocan os acios no coleiro. Os tons vermellos dominan a obra. Mais na outra, *Vendima*, o ton é anil. Son agora catro as mulleres arredor dos coleiros colmados de acios. Da mesma cor ca esta última é *Fruteiros*, tres ensimesmadas mulleres que miran nun cuberto dobre de ar gótico nunha feira, sentadas nun banco corrido. Un óleo sobre lenzo é un suxestivo *Bodegón con membrillos*, unha rama dun marmeleiro que pendura dunha corda, entre as follas verdes. Hai ademais outras dúas pequenas obras, tintas sobre cartón ou papel, que falan da súa calidade como debuxante, un *Bodegón*, asinado e datado 'vfc 74', obxectos nun aparador do comedor, cunha teteira destacada, e no fondo unha xerra con follas de loureiro. O outro, *Bosque*, é unha vista fragmentaria dun conxunto de árbores, posiblemente piñeiros, pintados dende os seus miúdos troncos, que vería nas inmediacións do seu taller do Cumial. Esta é de 1974, sendo a única de todas estas obras súas do Parlamento que firma como 'Virxilio'.

Abelenda (Alfonso Pedro Abelenda Escudero, A Coruña, n. 1931) é un artista de referencia na súa cidade. De familia con árbore xenealóxica que se remonta a María Pita, a heroína da defensa da Coruña fronte a Francis Drake en 1589, e coa vea da arte como un valor nela, coa súa nai pintora e o tío-avó fora un escultor de sona. Con este substrato recibe leccións do artista Antón García Patiño, e comeza a expoñer a comezos dos anos cincuenta, abandonando os estudos universitarios. Unha característica súa é a vis humorística, irónica e satírica, que lle abre camiño en *La Codorniz*, recibindo no Salón Nacional de Humoristas a primeira medalla en 1968. Fixo exposicións en Londres ou París, México, Venezuela, e vive en Madrid até os anos setenta, para instalarse dende entón na Coruña. Unha vista dela, realizada en 1993, e titulada precisamente *A Coruña*, está na colección do Parlamento. É unha das súas variadas vistas paisaxísticas da cidade cunha deformación secuencial de planos horizontais no mar, que se fan verticais nas referencias arquitectónicas, coas características cores, azuis e moradas, definatorias do seu estilo.

De **Javier Varela Guillot** hai no Parlamento diversas acuarelas sobre papel, e de temática mariña. Así *Dársena, Barco varado e Marina Sosiego*, dende as que Guillot, que así adoitaba firmar, xoga coa luz e a auga coa súa gran técnica de transparencias para transmitirmos calma e tranquilidade. As outras dúas, *Muíño de Melide e Añoranzas de Portugal*, son representativas doutra das súas especialidades, os temas urbanos. A última é unha vista cunha gran torre, do estilo dos Clérigos no Porto, mais non, que é unha vila cun pequeno mercado e xente, e non se sitúa na gran cidade do norte de Portugal chea de tráfico, e así a torre esváese, que todo son saudades... O artista era natural de Vigo, onde naceu en 1933, mais viviu bastantes anos en Allariz, Ourense, onde naceron os seus cinco fillos, varios deles artistas. Nos últimos anos vivía en Oleiros, A Coruña, onde morreu en 2018. Formado na Escola de Bellas Artes de San Fernando de Madrid, estudou tamén piano no conservatorio. Foi un grande da acuarela, á que engade tintas, e óleo, dominando tamén o pastel.

Carlos García Mourón (Pontevedra, 1935-2016), vinculado á localidade de Ponte Caldelas, fixo Belas Artes en Madrid, e cando regresa especializarase na acuarela conseguindo, dende unha acaída técnica, unha gama de cores ocres moi singular, que lle dá fama. No *Cruceiro de las cinco calles*, obra sobre papel que asina de maneira elaborada no lateral esquerdo, *'Mouron 90'*, inserindo un *'f'* (*fecit*), o artista pinta este famoso cruceiro do casco histórico-monumental da cidade, sito na praza denominada hoxe de Rogelio Lois, mais o lugar era así denominado dende antigo, polas rúas do Barón, de Isabel II, de Paio Gómez Chariño, San Nicolás e Princesa. O cruceiro procede de Etribela, na parroquia de Santo André de Lourizán, Marín, onde o debuxou Afonso D. Rodríguez Castelao para *As cruces de pedra na Galiza* (A Coruña, 1964) como *'Etribela / Marín'*, e foi trasladado para aquí en 1962, sendo alcalde Filgueira Valverde, parente do artista, e Pons Sorolla no Patrimonio, reversión que está hoxe en día a ser reclamada para reintegralo na localización orixinaria para o que foi feito en 1773, como deixa ver a presenza de Santo André no varal. Na praciña pontevedresa hai unha casa na que viviu o grande escritor e dramaturgo coruñés Ramón M^a del Valle Inclán, que nesta cidade estudou bacharelato, e que lle serviu de inspiración para escribir *Femeninas*, en 1894, o seu primeiro libro.

A obra de **Xavier Pousa Carrera** (Goián-Tomiño, Pontevedra, 1931-Vigo, 2000) parte do mundo ribeirán e miñoto do Rosal, terras limítrofes con Portugal, separadas pola raia húmida do Miño. Esta é a cor do seu mundo, e de aquí tira moitos dos temas que fixo como o pintor paisaxista e realista que foi. Os seus pasos vitais esenciais levarano dende noviño á pintura, e a tomar clases co artista paisaxista conveciño Antonio Fernández Gómez, que estivera en Brasil e Italia. Vai cunha bolsa de estudos a Madrid, recibindo clases de debuxo no

³² LIMIA GARDÓN, F.J. [2014, IV], «Virxilio Fernández Cañedo (1925-2011). Síntese outsider lírico da Galicia preindustrial», en *Galegos de Ourense 2* (Juana López, J. de, Prada Rodríguez, J., Rodríguez Teijeiro, D., coord.), 495-512.

Círculo de Bellas Artes, e faise copista do Museo do Prado, antes do seu ingreso na Escuela Superior de San Fernando, onde estará dende 1951 a 1956. Do nivel acadado fala o premio en 1953 na materia de Colorido e Composición, e a bolsa de paisaxe de El Paular, Segovia. Danlle o Premio Sésamo en 1956 e regresa a Galicia, expoñendo en Vigo. En Ourense farao tamén en 1962, unha cidade decisiva esta para el, onde casa, e a amizade con Manolo de Buciños. Xuntárase así co grupo dos *Artistiñas*, Quessada, de Dios e Acisclo, expoñendo con eles en clave de 7 *artistas gallegos*, con Virxilio e Arturo Baltar. En Vigo, cos colegas da taberna do Elixio, entra en 1968 na Estampa Popular Galega, e prepara exposicións. Entra de asesor artístico de Caixa Nova en 1980, e organiza os ciclos sobre *Plástica Gallega* con Colmeiro e Antonio Quesada.

Relevante no seu caso son as viaxes dende a que fai a Italia en 1953, e por Europa, que son actividade formativa constante, viaxes coa familia, e amigos como Buciños. A pintura de Van Gogh impresionarao, e a forma de pintar de Monet deixará nel fonda pegada. Os campos marelos e as papoulas foron a súa paixón, e prefería pintar *au plein air*, a técnica directa en contacto coa natureza.

De aquí xorde a maior parte das súas obras que hai no Parlamento, paisaxes, principalmente, das luminosas terras do suroeste de Galicia, que firma 'Xavier Pousa' nos *Campos en outono*, e a data '87', o tema dunhas vides de tons cálidos que nos transmiten a lentura dunhas terras coa luz do Rosal; e en *Primavera*, de 1995, son os verdes e violetas, co ceo apenas unha breve alusión nos dous casos. Hai o mesmo contraste en *Castiñeiros*, de 1987, obra na que dominan os verdes, mentres que no *Camiño de Carrasquedo*, de 1988, desenvolve o argumento nun outono, coa paisaxe a contraluz, nun cruzamento de camiños de bocarribeira, coa luz gris que ascende dende o val. Pinta *Amendoeiras (Almendros)* en 1987 a carón dunhas casas, un óleo do final do inverno que é cando están en flor. A auga no encoro é o centro en *Castrelo de Miño*, daquel mesmo ano, mais o interese da obra non está nela ou nas vides, que semellan durmir, pois é inverno: son as mimosas en flor dende o perfil topográfico recoñecible da vista ourensá deste Ribeiro do Miño. Así sucede tamén con outra das obras denominada *Dunas de Camposancos*, A Guarda, datada en 1994, pois é de aquí, da paisaxe fluvial da desembocadura do Miño, con Caminha, Portugal, do outro lado, a realidade que lle interesaba ao artista, a vexetación de cores sobre a compacta area, sendo a auga e a terra comparsas nesta mariña. E por último *Mimosas*, de 1992, un bodegón singular, sutil e delicado, unhas pólas de mimosas contra un fondo negro, nunha xerra de estilo portugués, que se asenta nunha puntilla, sobre unha mesa de cor marela que equilibra e complementa a gama cromática das mimosas.

Foi requirido tamén para o retrato, no que amosa ter grandes recursos. Nos fondos do Parlamento están os do presidente Antonio Rosón, o da raíña dona Sofía e o de Felipe de Borbón como Príncipe de Asturias, obras dos anos oitenta, xa comentadas máis atrás. A elas débese engadir o de *Ricardo Carballo Calero*,³³ unha das súas derradeiras obras. O persoeiro viste a toga azul celeste de Filosofía e Letras, indumentaria académica como profesor da Universidade de Santiago. Falecido en 1990, a súa biblioteca e arquivo persoal foron adquiridos polo Parlamento de Galicia en 1997 e están nunha sala anexa á Biblioteca que preside o seu retrato, encargado ao artista en 1999. Todos estes retratos seus son realmente magníficos e cálidos, mais neste último imponse unha sensación de inacabado, pola pincelada máis solta. En toda a década dos oitenta o artista seguiu facendo exposicións na sala Macarrón, de Madrid, ou en Vigo e Ourense. Unha das últimas foi a da Casa da Parra en Santiago con Buciños en 1993. CaixaVigo faille unha retrospectiva no ano seguinte, sendo tamén de entón cando se xuntan aqueles *Siete artistas gallegos* na apertura da Galería de arte Volter en Ourense.

Manuel García Vázquez é Buciños (n. 1938). Así o sabemos xa dende que tratamos da escultura da fachada do Parlamento, que no máis alto o coroa dende 1989,³⁴ obra que nos serve como introdución ás súas obras do Parlamento. Ten desenvolvido este artista unha traxectoria co bronce como material fundamental, aínda que durante algúns anos inseriuno coa pedra, nun diálogo conceptual, conseguindo así un efecto plástico certamente moi expresivo, e co bronce efectos pictóricos. O artista quixo dende moi cedo que o coñecesen como Manuel de Buciños relacionándoo coa súa orixe, neste lugar da parroquia de San Miguel, no concello lucense de Carballedo. O seu avó ebanista viu nel aptitudes, co que o baixaba a Ourense para o bacharelato e clases de debuxo co director da Escola de Artes e Oficios. Foi despois a Madrid, ingresando na Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, na que se licenciará en 1962, traballando neste tempo con Pablo Serrano, membro do grupo El Paso. Mais o seu destino era estar vinculado ás terras do val do Miño, e volve a Ourense, onde se instalará dende 1963, comezando a traballar a pedra, que foi o seu material preferente nos comezos, e coa que fará salientables obras públicas, como as pezas que coroan en Vigo a fachada principal do Centro Cultural Caixa Vigo, desde 1985, como se fosen uns mascaróns de proa dun barco. Mais decontado comeza a traballar o bronce, e dende a aprendizaxe nunha fundición industrial, acaba montando a súa na Barrela, Lugo, onde antes estivera a ebanistería do avó, sendo un taller pioneiro entre os do gremio. Co grupo dos *Artistiñas* —de Dios, Quessada e Acisclo—, formado tras a morte de escritor Vicente Risco, quen así os denominara, para distinguilos de Failde e Prego, vaise relacionar de preto, pois con Xaime compartira aulas en Madrid. Con Xavier Pousa, Baltar e Virxilio

³³ Carvalho Calero, firmaba o ilustre filólogo, achegando o seu apelido galego á grafía moderna portuguesa, nunha declaración de intencións con respecto ás normas escritas que debían rexer o idioma falado na Comunidade Autónoma de Galicia.

³⁴ Nunha das salas do edificio hai unha reprodución a escala en bronce.

Fernández expuxeron xuntos nos anos sesenta; e na igrexa de San Pío X de Ourense, fai con Acisclo a iconografía relixiosa interior en 1964.

Nos primeiros tempos fai esculturas públicas como o San Rosendo en Celanova en 1977, mais gusta que os proxectos estean mais de preto coa xente, caso das de Ourense a Otero Pedrayo, a de Xosé Manuel Rey de Viana, ou a Castelao, e así tamén as de Castelao, en Carballo, a dedicada en 1991 aos mariñeiros en Marín ou a de Rianxo de 2003, coa Rianxeira no centro dun estanque. Para o Castelao de Pontevedra, colocaraa directamente no pavimento, e na praza do barrio de Bouzas en Vigo, inventa un encontro entre Saramago, Cunqueiro, Otero Pedrayo e Valle Inclán; como fixera na dedicada ao emigrante en 1989 na Lama-Pontevedra. A proximidade co pensamento galeguista e o contacto cos seus distintos persoeiros, coa literatura no fondo, teñen sido sempre para el motor e temática. Así, a columna simbólica dedicada a Brañas, en Carballo (A Coruña), nos anos oitenta; o monumento en Ourense a Alexandre Bóveda, unha árbore que reverdece cos nenos; e os relacionados coa cultura, a homenaxe ao libro, da Coruña, como unha familia que le, ou a do Paseo de Recoletos en Madrid, e tamén a recente da Insua dos Poetas do Carballiño dedicada a Carlos Casares, unha man cun libro aberto. Sempre este xogo cos ocos e os espazos, como no monumento de 2003 á auga en Mondariz-Balneario. Así é nas obras do Parlamento, como *Maternidade*, de 1993, coa figura da nai de pé e en bronce, sólida e lixeira a un tempo, e o fillo de costas en pedra que trepa por ela cara ao pescozo. Os ocos da vestimenta e o brazo dereito danlle movemento grácil e lixeiro. No caso da *Venus*, de 1994, tamén bronce e granito, cambia o paradigma, pois se naquela as dúas figuras eran de dous materiais, aquí o corpo da deusa vai en pedra, e a roupa de bronce, como unha vestimenta explícita. Núa, inspírase nas obras clásicas das 'venus púdicas' do Helenismo e o mundo de Roma. A lixeireza da obra dende o pé de apoio, e o granito traballado cun fino abuxardado de mestre canteiro. Na terceira das obras, *Nenos con pombas*, dos mesmos anos que as anteriores, xoga cos dous materiais, utilizando a pedra para os corpos dos nenos, e sobre as mans deles dúas pombas de bronce en voo, unha sobre a outra, en acaído xeito de expresar o equilibrio. Esta obra estivo en tempos no xardín exterior, mais coa chegada do *Home con pomba* de Víctor Corral, pasou á parede norte do andar alto. Consegue así dende a fantasía transmitir emocións, sempre delicado e cunha exquisita sensibilidade, buscando que convivan bronce e pedra, metáfora da comunicación e da vida dende as súas diferentes texturas e durezas, coa certeza dun intuitivo anegado pola tenrura.

Acisclo Manzano Freire (n. 1940), ourensán do casco vello, é un dos maiores artistas da estatuaria pública en Galicia, sendo por iso moi coñecido. Estudou na Escola de Formación Profesional Acelerada, e na de Artes e Oficios en Santiago de Compostela, con Liste. Aínda mozo,

xuntarase con Xaime Quesada e Xosé Luís de Dios arredor de Vicente Risco no bar do Tucho, logo rebautizado *O Volter*, no Eirociño dos Cabaleiros. Comezou coa talla directa en vellas madeiras que saían das casas, e aquel grupo de *O Volter* viaxa por Europa. Con posterioridade, e para unhas exposicións en 1965 e 1966, o grupo ampliase a *Siete artistas gallegos*, como sabemos. Mais el vai estar á sombra de Quesada sempre, amigo e admirador, co que ten exposto por Europa e feito varios proxectos escultóricos, caso do *Fauno* e a *Serea*, en Ourense, ambos os dous de 1995, firmado obras conxuntas, caso da *Escultopintura*, de 1988, que está na colección do Parlamento. É unha peza que xunta, sen mesturarse, a pintura de proxenie abstractiva de Quesada arriba, e a escultura cerámica súa abaixo. Xuntos expuxeran no andar baixo deste pazo santiagués da rúa do Hórreo co gallo do Xacobeo 93, *Galicia hoxe, Galicia sempre*, coincidindo co 57º aniversario da aprobación en referendo do Estatuto de Autonomía de Galicia. Con el fai *Búsquedas y Encuentros* en 1990 en Santiago, e tamén en Lisboa; ou en 2000 *Memoria e Liberdade*, en Barcelona. Velaquí, dende un mutuo interese, a fonda amizade con Xaime, co que pasou tempadas en Eivissa, Illes Balears, nos anos setenta, lugar onde descobre o seu material de referencia, a terracota da súa cor natural. Dende a súa influencia, e a súa propia reflexión, fai as cabezas do Parlamento, de proxenie surrealista, que semellan tiradas dalgún dos debuxos do Picasso do *Guernica*, polo que tanto se apaixonou Xaime... Dende 2008 está na Real Academia Galega de Belas Artes. En 2017 recibiu o Premio Otero Pedrayo *ex aequo* con Manolo de Buciños.

Así pois, este renovador da plástica escultórica en Galicia, coa madeira primeiro e o ferro ultimamente, é un camaleónico artista expressionista que non fai bosquexos previos, e que tampouco posúe taller fixo, malia asentarse en Viduedo, no concello de San Cristovo de Cea (Ourense). Na colección do Parlamento ten varias obras en barro, caso da *Cabeza tumbada* de 1989, un rostro feminino a partir do ángulo do eixe, converténdose nun busto-folla o corpo, forma que adoita utilizar até convertela nunha das súas formas plásticas características. Do mesmo ano é *Ninfas das Cobas*, en grafito refractario, á que dispón de pé, cuns leves acenos ao corpo, dende unha tea que se cingue a el nunha sutil técnica de panos mollados. De 1990 é *Lalín*, daquel mesmo material e técnica, á que lle engade tres botóns en vertical na parte alta, como facía Virxilio arredor dos peitos.

Mais o paradigma entre todas é *Dona dos oito*, obra icónica do creador ourensán, feita en 1989, como aquelas, ano significativo pois foi o do traslado do Parlamento a esta nova sede. Coa súa silueta a modo de folla característica e a simplificación antropomórfica do torso feminino, de perfís curvilíneos e sen extremidades dende as coxas, trátase dunha terracota que é unha abstracción figurativa representa-

tiva da renovación da plástica galega dende os anos setenta, sendo a alusión á vestimenta os botóns do escote, aos que engade outros no corpo, acenos pícaros dun sentir, unha forma plástica xurdida dende o pulo da casa de Xaime Quessada nas Baleares. *Victoria* é un torso deitado, cortado polo medio das coxas, sen cabeza nin brazos, que é semellante a outro de pé, e de maior tamaño, unha gran lámina en grafito refractario que parece aludir aos torsos masculino e feminino, metade e metade, e leva por título *Xeitavo*. Están logo as esculturas das súas enigmáticas caras, como *As Baleas*, pesada e volumétrica terracota con tres caras; *Cabezas de Portavoces*, de 1987, gran volume ao que apenas lle fai unhas rabuñadas cunha espátula para o cabelo, e tamén a outra terracota, *Jano*, dúas caras de grandes beizos. Hai, en fin, outras dúas pezas, de menor tamaño, torsos de terracota vermella, sendo unha delas, *Ondina*, case abstracta, e a outra un *Torso*, unha muller querendo incorporarse, de suxestiva pátina.

Jaime Quesada Porto (Ourense 1937-2007) é Quessada. Este guerreiro da arte e do compromiso ético con Galicia naceu para a arte arredor de Vicente Risco. Da súa inspiración xurdiu, tras a morte súa en 1963, o grupo dos *Artistiñas*, formado por Xaime, Xosé Luís de Dios e Acisclo Manzano, e camiñou da man de Ramón Otero Pedrayo despois.³⁵ Gran debuxante, ingresa en 1956 na escola de Bellas Artes de San Fernando, Madrid, e ao rematar os estudos, en 1960, viaxa por Europa, fai exposicións e estuda en París técnicas de gravado. Gaña ese ano o Premio nacional de arte xuvenil, e obtén a terceira medalla na Exposición Nacional de Barcelona, e acada en 1967 o Premio na Exposición Nacional de Bellas Artes. Até 1972 viaxa, e absorbe de museos e artistas. Expón con Acisclo no Arqueolóxico de Ourense en 1963, feito que será outra das súas constantes, pois xuntos farían tamén nos comezos do Parlamento nesta sede co gallo do Xacobeo 93. Fíxose coincidir co 57º aniversario da aprobación en referendo do Estatuto de Autonomía de Galicia, aspecto de compromiso que o artista sempre buscou. A súa vivenda de Ourense foi unha comuna de creación, na que latexaba un espírito fraterno, un sentir galeguista antifranquista que o moveu sempre. Dende *Réquiem por el Ché*, de 1967, a súa implicación socio-política coa arte é constante. Foi detido en Madrid e ingresou no cárcere de Carabanchel, o que dá orixe á Serie Negra, e outras, relacionadas coa tortura, que fai extensibles cos anos a Vietnam, ou á Segunda Guerra Mundial. Pinta moito, facendo unha exposición simultánea en tres salas de Ourense en 1975, proceso que repetirá dez anos máis tarde. Fai exposicións retrospectivas, e outras con Acisclo, caso de *Búsquedas y Encuentros*, en Santiago, en 1990, e *Memoria e Liberdade*, en Barcelona, no ano 2000. A súa colaboración con el esténdese ás esculturas e mais ás *'esculto-pinturas'*, unha das cales está nos fondos do Parlamento, xa mencionada. A Xunta de Galicia concédelle a Medalla Castelao das Artes en 2004.

Dende a súa gran imaxinación, que plasma en gravados, en serigrafías ou murais, e tamén como escritor, en *La singular y triste historia del Recristo del Baraña*, ou *Lucenza*. O seu é un mundo plástico que depende de Goya e máis aínda do Picasso do Guernica, e partindo sempre das ensinanzas académicas viaxa cara á abstracción. As obras desta temática que posúe o Parlamento, *Xignografía*, de 1982, *Materia e Espazo*, de 1985, *Expresión abstracta*, de 1984, fálannos da súa capacidade para traballar o espazo e os planos, no primeiro caso, e duns sintagmas narrativos construtivistas, baseados nas vangardas rusas, sendo o terceiro unha *Mancha xestual*,³⁶ de cor negra sobre fondo gris en ascenso dende a firma, con máis densidade cara á zona de tons cálidos superiores.

Unha das súas obras do Parlamento máis comprometidas é un significado póster de 1979, *Cartel da Autonomía*. Nel un mozo corre nun plano negro cara á bandeira azul e branca, no que está escrito *'Xornadas pola Autonomía'*. Fóra, nunha ancha banda granate de enmarque outra que di *'coa Autonomía Galicia / empeza a ser mais nosa'*, coa grafía destacada en Autonomía Galicia, e na parte inferior a convocatoria *'día 4 de Decembro ás 12 no Pabellon de Deportes de Ourense'*. Dende a Constitución de 1978 xorde o desenvolvemento do Estatuto de Galicia de 1981. Os parlamentarios galegos reunidos en Asemblea o 25 de xullo de 1978 fixeran un texto elaborado pola *'Comisión de los 16'* que foi posto en dúbida, sendo a resposta das forzas públicas manifestacións nas principais cidades galegas o día catro do mes de Nadal, convocatoria que é a orixe do cartel de Quessada, quen así o asina na parte inferior esquerda. O outro é *A Bandeira*, de 1984, no que o mestre ourensán presenta en clave de disputa a bandeira galega que agarra unha nena, en disputa cun ser híbrido con corpo humano mais con rabo e cabeza monstruosa de touro. A obra está en relación coas composicións *O neno e a besta*, da mencionada Serie Negra.

O *Can azul* é unha obra de empeño que reflicte o compromiso do artista co seu tempo histórico. Durante tres anos, de 1994 a 1997, constrúe unha alegoría de proxenie surreal nun espazo no que plasma un mundo asimétrico en clave binaria, con loita de ideas, nunha serie de figuras en teatrais poses enriba do pavimento axadrezado moi cartesiano, expresión do seu temperamento dramático e dunha liberdade visceral que transmite dende a viveza da cor. Esta gran tea é o cumio dun camiño iniciado na década dos setenta coa *Imaxe surreal de Galicia*, dos anos 1972-1976, e *En Galicia un día*, de 1975, obra no Parlamento. Nela está xa aquel can, con un xeneral-ave de presa que se senta nunha cadeira do outro lado, un vello militar, e no medio deles unha mociña con paraugas, e vestimentas moi da primeira metade do século, síntese do seu ideal museo dende unhas constantes éticas e sociais, arte e testemuña que se encarna nel con paixón como en ningún outro artista galego contemporáneo.

³⁵ LIMIA GARDÓN, F. J. [2014, III]. 'Jaime Quesada Porto (1937-2007). Guerreiro da arte e do compromiso ético con Galicia', en *Galegos de Ourense 2* (Juana López, J. de, Prada Rodríguez, J., Rodríguez Teijeiro, D., coord.), 477-494.

³⁶ Así a denominou, en *Quessada-Acisclo. Búsquedas y encuentros*. Exposición Universal de Lisboa, setembro - outubro de 1998, 110 x 100, 54.

Hai no Parlamento diversas obras saídas do seu fértil maxín das décadas nos anos oitenta e noventa do pasado século. Así *O neno de Siríux*, 1982; *O paraugas xeolóxico*, 1984; *Tempo e moda*, 1986; *O unicornio*, 1988; *O sono*, e *O sono do moucho máxico*, 1989; *Metamorfose máxica*, 1986; *O ensaio*, e *O estudio*, de ballet, de 1991. De 1992 son *O cabalo vermello* e *Interior laranxa*; e de 1994/1995, *Antroido I*, *Antroido II* e *Antroido III*. En *A nena e o mar*, de 1986, inclúe no ceo a enigmática presenza de dous cubos brancos, ao xeito dalgunha das obras surrealistas de Dalí. En *O Gramófono*, de 1989, hai, como noutras deste elenco, unha escena nun cuarto, con *burguesitos* e *burguesitas*, como adoitaba dicir, nenos e adolescentes, e unha fiestra cara ao souto de grandes caracochas, que tamén aparecen en *O dragón*, de 1979, e *O Castiñeiro*, de 1992, semellantes ás da súa casa Lucenza, en Vilar Dastrés, á beira da cidade de Ourense, onde morrería.

Algunhas das súas obras remiten ao seu mundo persoal, da infancia e adolescencia, na casa familiar da rúa ourensá de Lamas Carvajal. Alí, no salón, a súa nai daba clases de música. De aquí *Nena tocando un piano*, 1970; *Bailarina*, 1992; ou a *Música III*. Esta é unha obra dunha serie que fixo a finais dos anos noventa (ca. 1997), co piano da nai omnipresente, e as bailarinas. Delas emana unha doce sensualidade adolescente, nunha escena con moitos planos acoitelados, reveladores da súa obsesión, coa cor vermella de fondo que é febril. Mais o fundamental en Quessada é o tratamento das ideas, para o que utiliza estilos dende o op-art ao hiperrealismo, pasando polo expresionismo abstracto, o conceptualismo ou o neosurrealismo, versatilidade que sempre se lle recoñeceu. Con iso foi un renovador dende antes do movemento Atlántida, entrando estas novas xeracións de artistas polas portas que foi abrindo cara á contemporaneidade.

Moi relacionado con Quessada estivo **Alexandro** (Alejandro González Cruz, Ourense, n. 1945), quen viviu na xuventude en Berlín e París. Fixo as súas primeiras exposicións a comezos dos anos setenta en Compostela, Ourense e na sala Toisón de Madrid, e tamén en 1981 en Barcelona, cidade na que viviu un tempo, para asentarse en Ourense. Aquí pinta os murais do cárcere do Pereiro de Aguiar, con Quessada e Vidal Souto, e leva as súas obras a Valladolid en 1989, e Nova York en 1992, mais dende entón foi Galicia o seu raio de acción. Deuse a coñecer con grandes rostros, durante anos, en grandes formatos con óleo, ao que lles engade elementos extrapictóricos en po para darlle relevo e volume, un neoexpresionismo, ou neofiguración, estilos da plástica dende os que traballa, sendo a súa obra sobre papel, máis que bosquejos, con valor en si mesma. Así, nalgunhas das súas obras do Parlamento de 2013, *Serie: retratos anónimos*, e outra sen título, de 2006.

Na última década está a vivir en Muxía, A Coruña, que ten influído no cambio de paleta, con azuis máis intensos, e amarelos, ademais de contribuír a ampliar a temática, medusas, mexillóns, mariñeiros ou sardiñas. De todo isto hai exemplos nas obras da colección do Parlamento. *Os peixes* e *Na Praia* son dúas obras de 2003, en técnica mixta sobre tea, que responden ao que sinalamos. Nesta hai un heteroxéneo, nunha escena de fantasía onírica máis que real, unha das claves da súa arte. As súas figuras solitarias, caso de *O home con paraugas* de 2015, ou *Persoa con paraugas*, de 2017, son un concepto que vén traballando dende 2004, no que a silueta en negro dunha figura humana, acompañada ou non dun can, loita coa chuvia e o vento que move o paraugas e a area ao seu redor. A súa relación con Yoshiro Tachibana, artista xaponés asentado en Muxía, e o ourensán Xosé Manuel Vidal Souto, cos que ten exposto, revela unha influencia na súa pintura. Outra das súas temáticas dos últimos anos ten como fondo a Crucifixión. Son de agora as escenas nas que as figuras en interacción semellan flotar en campos, azuis, marelos ou verdes, compartindo discurso con polbos e cans, e ás veces grandes masas de cores, nas que latexan, suxestivas formas do expresionismo abstracto.

Teresa Quiroga Bouzo (Ourense, n. 1942), artista de minguada presenza en Ourense, pois leva unha vida afastada do mundo das exposicións de arte, ten na colección do Parlamento varias obras, caso dos *Bodegón Floral*, de 1991 e 1992, respectivamente; *Flores*, de 1992, e finalmente, *Paisaxe de Leiro*, de 1990, asinada 'Quiroga', que é unha vista a carón do río Avia, cun carreiro fluvial.

O pintor pontevedrés de Forcarei **José María Barreiro** Gómez (n. 1940) ten nos fondos do Parlamento unha significativa obra que conmemora a decisión dos ministros europeos de cultura da UE de concederlle á cidade de Santiago a categoría de Capital Cultural, *ex aequo* con Aviñón (Francia), Bergen (Noruega), Boloña (Italia), Bruxelas (Bélxica), Cracovia (Polonia), Helsinki (Finlandia), Praga (República Checa) e Reikiavik (Islandia). *Santiago 2000, Capital europea* é o título deste óleo sobre lenzo de gran formato, que firma 'bareiro/ 4-2' neste ano. A obra semella o comedor dunha casa coas portas de cristais abertas cara ás traseiras do Pazo de Raxoi e a Catedral, nunha noite, co ceo cheo de estrelas. Ante unha mesa ateigada, que enmarcan unha cadeira marela e unha guitarra, o artista amosa un libro aberto coa palabra 'SANTIAGO', que comparte protagonismo cun bodegón. A partitura no atril completa a obra deste artista instrumentista. E se aquí as portas de par en par son un símbolo de liberdade, noutra das súas obras, *Faro da Illa de Ons*, de 2013, co mar e o veleiro dende un bodegón con música, o artista, nunha equilibrada composición de formas e cores, é tamén quen de amosalo.

Ten ademais *O Gaiteiro*, tocando unha gaita dun roncón cun gran chapeu, e un ar a Dufy, pintor que admirou en París. O autodidacta artista, que comezou a expoñer xa de adolescente, con premios en Vigo e Pontevedra, viaxou por Europa, e viviu en París. Invitado por Laxeiro marchou a Buenos Aires para expoñer alí, e quedou varios anos. Nos anos sesenta en Vigo acolle no seu taller e casa ao artista coruñés Urbano Lugrís, e afincarase na Cela, Bueu, o que lle fai sentir as cores con paixón.

Alfonso Sucasas Guerra, nacido en Goiás, Lalín (Pontevedra) en 1940, foi un dos grandes da neofiguración plástica expresionista, dende a fonda raiceira da terra e as xentes do interior galego. Tras os primeiros estudos na Escola de Artes e Oficios de Pontevedra, o seu camiño na arte quedou inicialmente truncado ao non poder acceder á Academia de Bellas Artes de San Fernando de Madrid, fuxindo para Venezuela, e ao pouco vaise para São Paulo, Brasil. Coñece o gran pintor Cándido Portinari (1903-1962), co que, ademais de perfeccionar a súa formación pictórica, aprende a disciplina do debuxo e sentido da composición, absorbendo a esencia do seu estilo dende o muralismo e a pintura social. Cando volve en 1968 os ambientes das tabernas e das partidas de cartas son tema dabondo, cos paisanos do mundo deste interior do rural, e os ciclos anuais da relixiosidade, centro dende entón da súa plástica pictórica.

Un dos seus grandes temas é o tempo das mascaradas, dende finais do mes de decembro até o gran martes de entroido, con disfraces e máscaras, celebración festiva de fonda raizame no sentir das nosas xentes. Así, o *Antroido*, da colección do Parlamento, firmada e datada 'Sucasas.88'. A figura principal dela é unha muller disfrazada que encabeza unha comparsa popular. Ela e o grupo de músicos, tamén disfrazado, son o cortexo anunciador deste gran balbordo do ciclo festivo anual, festa rachada de seu, cerne do país galego. Mais Sucasas introduce outras figuras con vestimentas de cidade, o que lle dá á obra discurso dende a tensión bipolar. Hai outra, *Entroido*, coa xente disfrazada con roupas vellas, e nun segundo plano outras figuras que transmiten ledicia e a retranca cos rostros e os xestos, unha expresión moi súa. Son obras con orientación social, agochada debaixo de formas de costumismo finxido, cunha linguaxe transcendida. Así na *Magdalena*, de 1986. Outras tres obras súas do Parlamento son as *Follas*, que revelan outro xeito de proceder, nun acaído xogo de gamas cromáticas cálidas e frías. As súas curvilíneas formas teñen moito de láminas escultóricas metálicas, nun espazo indefinido. Así tamén o seu *Tríptico das follas*, formas que se achegan á abstracción no *Tríptico da árbore*, de 1986. Neles vese a súa boa man no debuxo, mais expuxo apenas en galerías.

Outro artista formado lonxe é o noiés **Alfonso Costa Beiro** (n. 1943), que viviu en Barcelona dende a súa adolescencia, e que medra nunha familia na que varios dos irmáns son pintores. Na súa primeira exposi-

ción en 1967 o crítico Rodríguez Aguilera, de profesión xurista, fixarase nel, e impúlsao no medio artístico catalán, obtendo a bolsa de estudos da Banca March, coa que vai a Florencia, en Italia. Estas terras da Toscana foron decisivas na súa formación. Á volta realiza un gran mural entre 1981-1984 no Instituto Frenopático de Barcelona; e o chantadino Xavier Costa Clavell dedicoulle unha monografía. En 1985 o Ministerio de Cultura concédelle unha bolsa, e neste mesmo ano o Concello de Noia faille entrega da medalla da Vila, pintando a cúpula do Liceo. Deste momento é a obra súa do Parlamento, *Zapato roxo*, de 1986, un óleo sobre tea asinado con fino trazo e en minúscula. Son figuras que se apertan sentadas nunha butaca, unha parella, mais sen que a cabeleira defina os xéneros, agás nun primeiro termo, polas pernas e as cadeiras, ademais do zapato de cor vermella, que lle dá nome á obra. Nela utiliza o artista esa linguaxe pictórica súa, tan evanescente, e con deformacións ao xeito de Bacon. Esta é unha práctica que continuará a facer até a primeira década do noso século: un poderío físico animal na parte inferior do corpo e un estudo esvaído na parte do tronco, o que lle confire unha expresividade conceptualizada.

A súa versatilidade é notable, facendo tamén gravados, carteis e ilustracións de capas de libros. Expón por toda España, e acada premios en Barcelona, A Coruña, Istednd (Bélxica), Palma, Jaén ou Córdoba, sendo algún deles relacionados co deporte. Fixéronlle exposicións antolóxicas en 2005 no Palacio de Fonseca e na Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela. A Deputación da Coruña dedicoulle un libro, sendo un recoñecemento recente unha exposición itinerante que se amosou en Vigo, Pontevedra e Ourense en 2010.

O artista **Antón Pulido Nóvoa** (n.1944), vigués urbano mais ourensán de corazón rural de Bóveda de Amoeiro, comeza nunha primeira fase de mestre no rural ourensán até que o seu traballo docente o levará a Barcelona, onde afonda na formación plástica inicial de Ourense, licenciándose en 1983 de pintura e gravado na Facultade de Belas Artes de Sant Jordi. É na segunda, xa en Vigo de docente de debuxo, deseñador gráfico no mundo editorial e obrigas culturais colectivas como director xeral de Cultura, e logo director do Centro Galego de Arte Contemporánea en Compostela. Malia todo iso, ten unha traxectoria plástica longa, na que hai de son de fondo unha pescuda da beleza dende o xesto pictórico e cromático, expresada con segredos ritmos musicais, concepto este que é neste artista unha constante.

Algúns dos seus máis coñecidos temas están nas paredes do Parlamento, caso do músico que toca o clarinete nun acantilado, ou do home que camiña baixo os nubeiros. A primeira é *Camiñante VII*, obra de 2005. A figura vén cara a nós, camiñante dunha senda estelar retroiluminada, baixo dun ceo no que escintilan as estrelas. E detense nun punto invisible

entre as lúas exteriores, antes de pisar a senda luminosa, chea de cores, que anticipan as súas Kermeses. Nesta arte de fitos sutís e simbólicos móvese o artista nos últimos anos. Antes o seu eran angulacións expresionistas con encadres cinematográficos en composicións sempre figurativas, familiares ou de espazos urbanos nos anos setenta e oitenta, década esta na que comezan as parellas e os solitarios, que son alegoría no seu conxunto e símbolos para a terra galega, seres en situacións extremas enfrontados á súa rocha Tarpeia, actuando o artista con cores *fauve* coma se dun Quirón se tratase. Así tamén noutra obra, *Músico*, de 2008. O seu camiñar creativo, con carpetas de gravados e grandes exposicións, ten un punto de inflexión coa Praza das Apertas en Vigo, de 2015-2016, coas súas vitais quermeses, creación urbanística que está no espírito do noso tempo.

Jaime Francisco Lorenzo Cabanas (A Coruña, 1953- 2003), coñecido como Xaime Cabanas no ambiente da cidade herculina, é un bohemio artista autodidacta que en 1980 participou en Baiona na primeira exposición do grupo Atlántica, reivindicando a apertura plástica e a acción, estendéndoa mediada esta década á Coruña co GrupOrzan. Acode a exposicións dende Milán a Xapón, Holanda e Alemaña, ademais de EE.UU., mais dende un accidente illarase durante lustros. Lírico e dramático, *outsider* 'bravú' dende o seu expresionismo e conceptualismo, que non lle impide deseñar para a cervexeira Estrella Galicia o logo do centenario en 2006. Pinta e fai escultura tamén, acode á primeira mostra Unión Fenosa en 1989 e ao ano seguinte á Bienal de Pontevedra, expoñendo tamén no Kiosco Alfonso da Coruña en 2001 ou na Galería Ana Vilaseco dous anos máis tarde. A obra do Parlamento, *La Retranca*, de 1991, sobre lenzo, é hermética, da súa época da pedra, interesado polo medievo, e as canteiras, cun poderoso debuxo en clave de signo e técnicas de colaxe.

Javier Correa Corredoira (n.1952) é un pintor e escultor que desenvolve a súa traxectoria na cidade da Coruña, onde naceu. En 1994 fixo a *Rosa dos Ventos*, praciña con mosaico no Parque das Esculturas da Torre de Hércules; e uns vinte anos antes, en 1979, estivo en México por un ano cunha bolsa do Ministerio de Cultura, viaxe que lle cambiou a vida. Á volta participou no Colectivo Atlántica de Vigo nas exposicións de Baiona, Madrid, Salvaterra de Miño e Compostela, movemento transformador da arte galega, coa que comparte unha actitude crítica e comprometida que quere modernizar as artes. E crea o GrupOrzán nos anos 1984-1986 con Pedro Muiño e Pepe Galán.

A obra dos fondos da colección do Parlamento é reveladora das súas lecturas e teimas plásticas, dende a reflexión dun artista auroral da arte contemporánea, Marcel Duchamp. Trátase de *A Rosa Selaví*, de técnica mixta sobre lenzo, coa inscrición '1989, A Rosa Selaví 88 Corredoira', que a data neses anos. É unha obra fragmentaria, feita con varias follas na que hai varias figuras femininas espidas e deitadas. Son tres,

unha a seguir da outra, sendo as dos lados de branca pel, mentres que a central, que se superpón sobre aquelas sen confundirse, ten a pel escura. *Rose Sélavy*, apelido que é un xogo de palabras, era o alter ego feminino de Marcel Duchamp (1887-1968), artista da vangarda europea que en 1917 presentara na Sociedade de Artistas Independentes un urinario que chamou *Fountain*, asinado R. Mutt, mais presentado por unha amiga. Dende a ambigüidade que sempre fomentou, e o suxestivo das súas rompedoras propostas artísticas, xorde esta obra, homenaxe do mestre da arte contemporánea datado vinte anos despois da súa morte. Dende o xogo de palabras '*arroser, c'est la vie*' («regar, así é a vida»), de onde *Rose Sélavy*, exemplifícase que o xénero é una construción. O peso do literario neste culto e autodidacta artista coruñés amplíase ao gravado e á creación literaria, pois ten publicado libros de poesía, e traducido o *Rubaiyait* de Omar Khayyam.

Nicolás González Aller (Lalín, Pontevedra, n. 1953). A súa obra na colección do Parlamento, *A Lenda Triacastela-Vª dimensión*, óleo sobre lenzo datado en 2001, enmárcase na temática xacobeá do Camiño Francés, un mundo este da imaxinación moi querido para o artista dende sempre, ao que engade un acaído cromatismo influenciado polos anos vividos en Costa de Marfil. *O Unicornio e o seu mundo*, na igrexa da Universidade de Santiago e *Mergullos de amor, xogo, símbolo, festa*, de 2017, tamén en Compostela, explican dende os títulos o seu camiñar temático na plástica galega.

César Taboada Varela (n. 1954), artista de orixe santiaguesa graduado en 1987 de Artes plásticas, deseño en interiores e deseño gráfico, licenciouse en Belas Artes en 1995. Ten unha longa traxectoria de traballo docente, dirixindo en Ourense a Escola de Arte e Superior Deseño. Poucas foron por iso as súas exposicións, pois as de 2002, no centro cultural da Deputación e a do Museo Municipal en 2012, ambas en Ourense, ademais da realizada na santiaguesa Casa da Parra, foron as únicas realizadas. Nas obras propiedade do Parlamento plasma a súa versatilidade con técnica mixta e serigrafía sobre lona, sendo as dúas de 2006, mais teñen un fondo vermello que as unifica: *CNH*, representa unha parella de circo no alto do trapecio; e *THRN*, unha escena de interior. E logo está *GTRR*, de 2007, serigrafía sobre óleo. Un aspecto coidado polo artista é o de converter os títulos das súas obras en aparentes xeróglifos, facendo desaparecer as vogais, ou o do nome co que asina, 'CZAR', de orixe publicitaria.

Carmen Lamas Pérez (Vigo, n. 1954). Dende Deseño Gráfico en Madrid e unha primeira exposición en 1982 na Galería Buades da cidade capital, baixo o influxo do expresionismo abstracto norteamericano, tras o camiño percorrido en 1980 aboia en Atlántica con *Últimas tendencias das artes plásticas en Galicia* en Baiona, que ela pon en marcha con

Guillermo Monroy, Ánxel Huete e Antón Patiño, e o impulso e dirección do médico e coleccionista Román Pereiro. Con Corredoira, Mon Vasco e Xaime Cabanas, a conexión da Coruña, á que foron uníndose Silverio Rivas, Francisco Mantecón, Antón Lamazares, Ignacio Vasallo ou Din Matamoro. Participa na feira de arte ARCO, Madrid, dende 1984, cos seus cadros de grandes formatos nos que amosa a paixón polas cores e os seus campos, caso da obra dos fondos do Parlamento, *Esfera Cromática*, de 2005, con claves conceptuais. Outra delas é o desexo de estar dentro da obra, como habitándoa, impulso que plasma aquí, co argumento figurativo do busto en negro que levanta os brazos de costas a nós cara á esfera de cores que domina este óleo sobre lenzo. Menchu Lamas engade as tiras tonais a toda a superficie do cadro nunha rede de paralelismos alterados unicamente por dúas estampacións douradas no alto, que funcionan como acenos conceptuais dos que ás veces gusta de proxectar en formas bipolares, positivo-negativo. Neste ano 2018 foi nomeada académica da Real Academia Galega de Belas Artes.

O artista lalinense de Maceira (Pontevedra) **Antón Lamazares (Antonio Manuel Lamazares Silva)** (n. 1954) traballa dende as táboas e madeiras industriais ou palés, como soportes, e utiliza co cartón como lenzo, que verniza, en cuxa superficie engade elementos nos que desenvolve unha posta en escena moi do informalismo e a abstracción. Mais en esencia todo remite á influencia franciscana, pois estudou no convento de Herbón (A Coruña) na década dos sesenta. Nesta altura sentíase escritor-poeta, mais unha viaxe a Francia, Países Baixos e Inglaterra farao virar cara á pintura, en Madrid dende 1978, con Alfonso Fraile. A influencia de Laxeiro dun lado e a dos poetas Carlos Oroza e Uxío Novoneyra, do outro, dende a fonda amizade, sempre o acompañan. Coa bolsa Fulbright en 1987 viaxa a Nova York, e a comezos dos noventa cunha bolsa da Cité des Arts vai para París, para instalarse dende 2004 en Berlín, onde estará até o 2016. Ten feito grandes exposicións en Budapest, en Nova York no Queen Sofia Spanish; en Xapón, no Museo Marugame Hirai, ademais do Museo de Arte Contemporánea e o Nacional Reina Sofía, ambos en Madrid.


Na que fai en Ourense en 2010 exhibiu as súas amplas series *E fai frío no lume* e *Domus Omnia*, comisariada polo poeta Luís González Tosar. Dela é *Domus Omnia Maceira XXIII*, obra datada en 2008, na que aboia unha casa da súa terra xerminal, cun campo de labor, en suspensión sobre unha intensa cor verde, que semella a da herba. Algo anterior é outra da colección do Parlamento, *Bés de Santa Baia*, de 1996, pintura apaisada e de grandes dimensións, vernizada sobre cartón e madeira. A obra xurdiu naquel lugar da parroquia de Matalobos (A Estrada) no tempo de verán, de onde proceden esas intensas cores verdes e beixe, e un suxestivo ar dos campos de cultivo a vista aérea. Co «Alfabeto Del-fín» da súa invención fusiona poesía e pintura, e crea o logotipo do VIIIº

centenario da peregrinación de san Francisco de Asís a Santiago en 2013. Con el escribe en pintura *Galicia pequeniña / sola cousa de todos*, de 2016, obra recente da colección do Parlamento, que procede da exposición *Flor Novoneyra*, dedicada ao poeta lucense na Cidade da Cultura de Compostela. Galicia, e a súa natureza, dende a intensidade poética de Uxío Novoneyra, cantor do Courel, coas súas capas de verniz brillo, como as da chuvia nas follas e na herba. O Minimal, sensual-espiritual esencial.

De **Jorge Serafín Peteiro Vázquez** (A Coruña, 1959-Oleiros, A Coruña, 2013) posúe esta institución unha obra que podemos cualificar de representación dela, co título de *Parlamento de Galicia*. O encargo, un óleo sobre lenzo de grandes dimensións, firmado e datado 'Peteiro 2.003'.³⁷ Cun desenvolvemento de vidreira, reproduce a fachada do edificio, aberto e sen valados, entre árbores. Nela non falta o escudo de Buciños cos tenantes na cima do eixo da porta e escalinata dianteira. O ceo azul está percorrido por estrelas, cometas e estrelas. Este campo heráldico é invadido por un Santiago dacabalo co escudo de Galicia na bandeira. Con el hai aínda outras tres figuras do santo nesta banda externa, un escribindo, outro cunha filactería e un cuarto co bordón de peregrino. Nos extremos dunha imaxinaria cruz coloca os escudos das catro provincias, coas vieiras, o intersignum xacobeo, e a vermella Cruz de Santiago, a prestixiosa Orde Militar medieval á que pertenceron sinalados membros do estamento nobiliario. Velaquí unha composición afortunada, que repetiu para cidades ou edificios, caso de Betanzos, A Coruña, Lugo, Valença do Minho (Portugal), a catedral de Santiago ou a igrexa de Mera, A Coruña, entre outros. Malia que o levou unha enfermidade aínda novo, o artista era moi coñecido polos seus murais públicos na Coruña. Formado na Escuela Superior de Bellas Artes de San Carlos, Valencia, foi profesor de Debuxo en diversos institutos. As súas cores, ledas e que transmiten optimismo, foron cualificadas de hipnóticas, e teñen un gran impacto visual.

A obra de **Moreiras (Baldomero Moreiras Blanco)**, Celanova-Ourense, n.1955) no Parlamento é *Vía da Prata*, acrílico sobre lona firmado e datado 'Moreiras / 1999'. Está baseada no itinerario do camiño xacobeo a Compostela do mesmo nome que se desvía da verdadeira Vía da Prata Sevilla-Astorga na Granja de Moreruela (Zamora) cara a Ourense. Son dezaseis pequenas escenas de xenéricas paisaxes, entre as liñas negras da lona; e a do río e a ponte alude a Ourense e o río Miño. Esta é unha obra que fala do artista dende a lona, o seu medio expresivo característico. Na década dos oitenta participou na Vª Bienal de Arte de Pontevedra; e na colectiva *Espello do interior*, da Xunta de Galicia. É un artista fundamentalmente descritivo, debedor dun contido ou narración, como amosou nunha exposición itinerante da Consellería de Cultura por Galicia. O literario como fonte de inspiración nunha exposición dende *Merlín e familia* de Cunqueiro, ou a recente centrada nas mulleres esquecidas na historia compendio do estilo e inquedanzas deste artista.

³⁷ Sic. E mágoa que tanto nesta obra como noutras adoiten poñer o ano como se foran cantidades, co punto...



4. DISIECTA MEMBRA...

Blindfolded archer I P. A. II/V Roberto González Fernández

Xuntamos aquí un dispar conxunto de artistas, a grandísima maioría deles aínda vivos, con algúns nados arredor dos anos da chegada da democracia. Un parágrafo este como os fragmentos sen organizar na culta imaxe do poeta latino Horacio, quen así o escribe en Sátiras (I, IV, 62), «*disiecti membra poetae*», concepto que estendemos a esta xeira de artistas e de obras.

4.1. CO GALLO DO XXV ANIVERSARIO DO PARLAMENTO...

A celebración dos 25 anos da creación do Parlamento de Galicia contou con actos conmemorativos nas sete cidades máis grandes de Galicia. Dende o concepto-base do Diálogo, xurde en Compostela a exposición *Diálogos desde o invisible*, que se desenvolveu nos meses centrais do ano 2006, e as obras destes novos artistas que chegaron aos fondos. De **Sabela Vieites Dopazo** (Santiago de Compostela, n. 1975) é *Entomofilia II*, 2005, fotografía dunha muller-araña sobre unha cama, semiespida, á que engade a artista catro pernas, composición dende o feminino e o feminista. *Entomofilia III*, tamén de 2005, amosa o privado dunha viaxe, efémera, cun plano-rueiro dunha cidade catalá. Do ilustrador **Mario Feal Romero** (Ferrol, n.1977) son as *Ladys Coruñasas II e III*, 2006, en acrílico sobre táboa, senllas mulleres na rúa, unha elegante, como de revista, e a outra con zapatillas e unha bolsa, que ten un xesto reprobatorio.

A do vigués **Federico Fernández Alonso** (n. 1972) é un óleo sobre lenzo, *Aquí temos tecnoloxía arcaica*, título inserido na parte baixa. O robot, que no interior leva unha manchea de elementos, calza botas campeiras e di 'No amo', nun bocadillo de cómic. Este licenciado en Belas Artes por Pontevedra, na especialidade de pintura, é profesor na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo, e recibiu o primeiro premio nacional ás mellores ilustracións de libros infantís e xuvenís de 2002 por *¿Dónde perdió Luna la risa?*, da escritora Miriam Sánchez. Da súa xeración e anos é **Noemí Otamendi Corrales** (A Coruña, n. 1975), que tamén se formou en Pontevedra, na facultade, mais o seu foi Deseño e Audiovisuais, con máster fotográfico no Reino Unido, e ten feito exposicións colectivas no Metro de Londres ou na Mostra Unión Fenosa, xa en Galicia. A súa obra, *Sistema de zonas (análise dunha paisaxe natural)* de 2004, é un esmalte sobre vinilo que reflicte o seu interese polo territorio, que divide en campos. De **Francisco Rodríguez Martínez** é unha reprodución en grandes dimensións dun orixinal seu, *O orgullo do condado*, de 2005, con moito de sátira, baseado no primeiro premio dun concurso agropecuario en EE.UU. cunha familia posando co seu xigantesco fillo.

Dúas artistas, finalmente. Ten a tudense **Marisa Torres de Benito**, multidisciplinar creadora que traballa entre Barcelona e Nova York, dúas foto-colaxes, *Ollos e Bocas*, de 2005, respectivamente. Estudou na Complutense de Madrid e no Pratt Institute de Nova York, nos anos finais do século XX, sendo dende entón coñecida polas súas instalacións. E **María Viñas Pena** (Vigo, n. 1976), artista da que é a obra *Renascimento*, pintura de técnica mixta sobre madeira, tamén en 2005, un cadro no que o acto transgresor de rachar a tea para que se vexa o bastidor en cruz, que pinta de distintas cores, é, coma outros seus, un recurso destes anos. A artista está licenciada en Belas Artes pola facultade de San

Carlos de Valencia, e especializouse no doutoramento na facultade de Ciencias da Información da Complutense de Madrid en «Técnicas y procesos en la creación de imágenes». Gañou varios concursos a comezos da década do 2000, tendo colaborado na película de Julio Médem *Caótica Ana*, facendo con iso unha exposición itinerante. Dende unha exposición en Madrid, en 2011, co recurso dos mándalas está a desenvolver un traballo pioneiro con fractais de flúor, e a solidificación da pintura por superposición de veladuras.

4.2. OUTRAS ACHEGAS PLÁSTICAS

Iniciamos este parágrafo con catro gravadores e as súas probas de autor que están nos fondos do Parlamento. Víctor Casas Julián (n.1936) é un premiado artista en concursos, medalla de ouro en 1971 no Nacional de Ponferrada, León, e de bronce en 1981, na Bienal Nacional de Pontevedra. A súa obra, *Veladores I*, que asina como 'Casas', é unha terraza con fortes contrastes.

O monfortino **Roberto González Fernández** (n.1948) estudou Belas Artes na Escuela de San Fernando, Madrid, marchando en 1977 para Edimburgo (Gran Bretaña). A The New York Foundation of the Arts concédelle unha bolsa en 1984, movéndose dende aquela entre a capital escocesa e Madrid. Son da súa autoría dous gravados, *Blindfolded Archer*, de 1994, unha enigmática muller que colle o arco cos ollos vendados, e *Cómeme*, do ano seguinte, unha augaforte, técnica da que é un consumado mestre. A man metida na boca do modelo revela unha obsesión, como de psiquiátrico.

Rosa Elvira Caamaño Fernández, de Bueu, Pontevedra, onde naceu en 1954, é doutora en Arte pola Complutense, Madrid, dende 1991, logo de licenciarse en Belas Artes na Escuela Superior de San Fernando. Ten impartido docencia por diversas cidades de España, e dende 1993 faino na Facultade de Pontevedra, da Universidade de Vigo, como profesora de Técnicas Pictóricas. En 1995, en Florencia, comeza a facer gravado na Academia Raffaello de Urbino, do que é mostra a obra que está nos fondos, *Niña con gato* que procede da IVª Bienal de Gravado de Caixa Ourense, en 1996, ano no que se datará.

Alejandro González Caporale (La Plata, Argentina, n. 1972), fixo estudos na Escola de Gravado e Deseño de Madrid. *Bitá*, o pequeno e suxestivo gravado sen datar, revela a senda pola que transita dende a sombra do seu pai, Carlos González Villar, magnífico gravador asentado en Ourense, ao que nos temos referido ao tratar de Virxilio Fernández. Ten feito algunhas exposicións e labor de comisariado.

Arturo Cifuentes Pérez é un artista castelán de Ávila (n. 1934) que vive en Galicia. Presentouse á Bienal Nacional de Pontevedra; foi distinguido na de 1972 cun accésit, e na de 1977 coa medalla de bronce. Na Trienal de Santiago de 1974 recibiu a de ouro. Moitas das súas pinturas de paisaxe están feitas dende perspectivas altas, como de aviador, caso destas *Carballeiras* de 1993, un óleo sobre lenzo de denso cromatismo e empastes.

Fernando José Prieto López-Prieto (A Coruña, n.1947) é un artista que gusta de facer que as súas obras amosen mensaxes de fondo calado. Así en *Se nos escapa la paz*, de 2008, que colga das paredes do Parlamento. Esta teatral obra, na que os brazos saen por detrás dun gran papel e unha pomba en voo, é unha composición saída do universo dos soños. A obra foi unha das destacadas que presentou en «*Retendo o tempo*», exposición de 2009 no Kiosko Alfonso. Dende unha técnica hiperrealista e alegórica na temática, con resaibos de Magritte, achéganos a súa mensaxe, que ten moito de onírica. Nela as sombras falan da luz, e da súa efectista posta en escena.

De **José Vázquez Castro** (Ferrol, A Coruña, n. 1951) son catro *acuarelas* firmadas, de pequeno formato e sen datar, campos de cores de gamas cálidas, máis que de nubes, formas libres aínda que nunha delas semelle inspiración directa dunha vista cara o mar. O artista é de familia relacionada coa Mariña, sendo seu pai o pintor Xosé Vázquez Doce, co que se inicia no debuxo e na pintura. Trasladarase a Madrid en 1979 e formarase como escenógrafo con Santiago Doria e o dramaturgo Jaime Salón, facendo tamén unha exposición de acuarelas. Terá ocasión de exercer en 1984 en Santiago coa escenografía de *Eclipse Total*, de Christopher Hampton; facendo tamén a escenografía d'*A Pousada de Petra Cotón*, en 2001. No ano seguinte cofunda a Asociación de Artistas Plásticos Galegos, ARGA, da que foi presidente.

É **Ernesto Muntaner Pedrosa** (Pontevedra, n. 1951) un pintor de boa man, que lle virá da súa profesión de arquitecto, mais o seu é a arte, que practica dende novo. A obra do Parlamento que asina, *Recordando el mar*, é un óleo sobre lenzo datado en 1991, de boa factura dende uns finos trazos no debuxo e un acaído tratamento das cores, para darlle a esta muller nova que toma o artista como modelo unha axeitada expresión, facéndoa posar en diagonal e coa mirada perdida, co que está a lembrar un tempo xa esvaecido mais cheo de sensacións pracentei-ras, en clave soñadora.

Carlos Crego Rodríguez (n.1961): *Accións de guerra* é unha obra deste artista nacido en Vigo que vive en Cataluña. En Barcelona, e tamén en Atenas, principalmente, ten amosado as súas obras, ademais de Compostela, A Coruña e a súa cidade natal. O artista, que tamén é gravador, gusta

de traballar as formas planas en fortes contrastes entre a luz e a sombra, con cores ocre, sienas e negros, como na obra do Parlamento. Nela achégase ao expresionismo lírico. Vai asinado coas súas iniciais 'CR.'

A traxectoria expositiva de **Aurora Pereira Carballo** dá comezo coa exposición en 2004 na Galería Sargadelos de Santiago, até Vigo, Tui e Ourense. Aquí expón *Meu Courel imaxinario*, dende a inspiración de Uxío Novoneyra, amigo seu. Os seus comezos como artista iníciaos dende as leccións de Carlos Maside, na súa casa da Rúa do Vilar, en 1956, e máis tarde nos anos setenta co contacto con Luís Seoane. Entre medias foi a Madrid, e recibiu clases de pintura no Casón del Buen Retiro. A obra de Aurichu Pereira na colección do Parlamento é *Paxaro de Fogo*, óleo sobre lenzo de 2003, coas cores esvaídas, suxestivo.

Tamén abstracta na súa concepción máis figurativa é a obra de **Michèle Barbé**, *Flux-Influx 74*, un acrílico sobre lenzo datado en 1992, que remite a unha rede de bandas, que cruzan dun lado a outro da obra pola súa parte máis ancha e da que o espectador o ignora todo, máis alá do feito de estaren entendidas e entre elas, emerxendo outras que se entrecruzan formando ángulos agudos; aquelas son *Flux*, pois flúen, estas *Influx*, influíndo nelas e en toda a composición... Son ademais dúas as súas gamas cromáticas, frías unhas, cálidas outras, dominando a composición as dúas bandas de cor marela que se cruzan. Elas atan, e son forma, e orde, neste espazo de caos.

Xulio García Rivas (Borraxeiros, Agolada, Pontevedra, n. 1947) fixo deseño na Escola de Artes Aplicadas da Coruña nos anos setenta, e en Barcelona cursará Belas Artes na Facultade de San Jorge, estudos que remata en 1982, para exercer de docente de Debuxo no Instituto de Tui. Expón en Vigo dende 1977. Gusta da poesía do vigués José María Álvarez Cáccamo, quen lle presentou en Ourense unha recente exposición. A obra do Parlamento, datada en 2012, é *Paisaxe 7.10*, un acrílico sobre lenzo de grandes dimensións, intimista máis que conceptual, de gama cromática en grises, que é un xeito consonte co seu espírito de figuracións espirituais, con nebulosidades que xeran imprecisión na percepción, nunha estética do silencio, con acenos orientais.

Juan Manuel Vieito Fuentes (Vilachán de Abaixo, Negreira, A Coruña) é un médico na Universidade de Santiago que pinta e asina as súas obras como Xan Vieito. Así ten participado en exposicións colectivas e tamén individuais. Dunha delas procede á dos fondos do Parlamento, *Universo de Papel XI*, de técnica mixta sobre táblex, data do ano 2010, e ten un ar ás placas do interior dos corpos que trata a cores, creando universos suxestivos, co que teñen de descoñecidos malia acharse tan preto de todos. Algo así semella o óleo sobre tea de **Manuel José Pérez Penín**, de significado título dobre, *Luz de Bajada. El Descenso*, obra de

2006, coas súas formas verdes e laranxas pintadas en óleo sobre a tea, maremagnum de formas tipo amebas, na que o artista reflicte un *horror vacui* no tratamento do espazo.

Cando **Jesús Sánchez Gallego** (Padrón, A Coruña, n.1936) fai *A Catedral* en 1988, dende as escaleiras colaterais que están a seguir da Reitoría universitaria na praza do Obradoiro, de Santiago, cantas fotos, e cantas veces terán feito colectivos e turistas dende as seus chanzos ao longo das décadas, lugar tradicional na escolla que engaden os visitantes á fachada sen restarlle protagonismo, cantas teremos feito os que nos temos achegado peregrinando a Compostela... Logo de tela plasmado o artista, estourou o *boom* dos Anos Santos xubilares composteláns —1993, 1999, 2004 e 2010—, segundo secuencia-ciclo tradicional, e secular, que se confunde coa do Plan Xacobeo de turismo da Xunta de Galicia iniciado co Xacobeo 93.³⁸ O cadro, *Fachada do Obradoiro*, é a icona esencial de Santiago co ceo azul enriba das torres. Outros cadros seus na colección parlamentaria son *Gamela en Cambados*, que debería denominarse *En Combarro*, pola súa recoñecible e famosa ringleira de hórreos á beira da ría; *Catedral vista desde el paseo de la Herradura* de e *Valeiros*, na que un pesqueiro chega ao peirao.

En relación temática con aquelas obras de Sánchez Gallego está a mariña de **María Esther Novo Carreira**, que asina 'E. Novo C.'. Nela, a flotilla de barcos ancorados na ría e protexidos dos ventos polos montes rochosos é o mundo agreste que pinta en calma con pinceladas de groso empaste.

De **Ricardo Segura Torrella** está no Parlamento *Muller Galega*, óleo lenzo asinado e coa data «81'. Representa unha vella muller con mandilón e vestida de negro cun pano atado arredor da cabeza que olla para nós. Ela é unha dona do rural, nun interior indeterminado, que podería ser a súa cociña, é a nosa avoa, que vén da horta, a avoiña de toda as hortas galegas. Hai outra velliña, *Unha anciá*, de **José Sánchez Fernández**, sentada nun banco de pedra, con mantón e pano na cabeza, obra menor e pequeno formato, de 1991, sobre papel, pintada con rotulador.

O escultor de Cambados (Pontevedra) **Manuel Paz Mouta** naceu en Santa Cruz de Castrelo, en 1957. Foi mestre da Escola de Canteiros de Poio, e antes estudara en Artes e Oficios de Santiago de Compostela. Comezou a expoñer co gallo da Vª Bienal de Pontevedra, en 1979, á que seguiron outras colectivas como ARCO, en Madrid, e individuais por España, Portugal ou Panamá. Ten colocado algunhas das máis significadas obras monumentais, caso dos *Menhires por la Paz*, no parque escultórico da torre de Hércules, A Coruña, de 1994, que xunta tradición e modernidade en harmónico desfrute plástico, obra que define o seu estilo no traballo da pedra. O granito, nas súas diferentes variedades, non ten

segredos para este mestre, incorporando tamén dende comezos desta década o granito azul de Bahía (Brasil). Ten nos fondos do Parlamento unha obra, *Capela*, de 2013, un traballo de reflexión dende a roda do círculo, nunha estrutura bloque/bolo con cruz a modo de celosía no centro do núcleo. Hai que poñela en relación coa cruz dunha das obras da súa casa-museo en Quintáns, á beira do estuario do río Umia, que se abre no noso maxín dende catro ocos cadrados. E tamén coa cruz que fixo para o altar do Papa Benedicto XVI na Praza do Obradoiro en 2010, aberta como oco entre dous bloques.

Jaime José Quesada Blanco (Ourense, 1975-2006). Son dez os anos de traxectoria plástica que acadou este pintor, morto cando comezaba a ser considerado no gremio. Fai a súa primeira exposición en 1996 na Galería Sargadelos de Ourense, recoñecendo dous anos máis tarde que comeza o camiño da arte en serio cando lle perde o medo á comparación co seu pai, o recoñecido artista Xaime Quesada († 2007). Medrou á súa beira, e tiña taller na casa familiar, logo do abandono formativo na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Os estilos das vangardas abstractas dos anos vinte, como o suprematismo e o construtivismo, e o cine en branco e negro, nomeadamente a estética expresionista de Metrópolis de Fritz Lang, axudan a entender as súa inspiración. Foi un artista do seu tempo e xeración, traballando coa música tecno e as imaxes electrónicas dende o ordenador. A pintura en suspensión e a reprodución dixital son medios complementarios. Os intensos campos de cor e os conceptos espaciais, afíns ao posformalismo e á nova abstracción, definen a súa estética, da que é mostra *Win Zip XX*, unha das obras de *Control+P*, exposición amosada en dúas salas de Ourense e despois en Santiago en 2003. Ao ano seguinte fixo unha exposición conxunta co seu pai, e cando morre estábao a facer nunha sala en Suecia.

³⁸ Que ía ser único. Dende os antecedentes das Olimpíadas de Barcelona e a Expo 92 de Sevilla, e co renacemento da espiritualidade xacobeá impulsado por Elías Valiña Sampedro (Sarría, 1919-1989), cura do Cebreiro quen, dende 1959, e tras promover a restauración do núcleo tradicional coas sentleiras pallozas, deu en pintar dende os anos finais da década dos setenta as frechas amarelas dende Francia até Compostela. Del é a famosa obra *El camino de Santiago: estudio histórico-jurídico*, 1971, Premio Antonio de Nebrija 1967, que fora a súa tese de doutoramento, e *El Camino de Santiago. Guía del peregrino*, 1985. Foi o principal valedor, logo de convencer a párrocos e alcaldes, avivando as brasas do sentimento xacobeo que aínda existía nalgunhas asociacións de peregrinos.

5. AS PENÚLTIMAS OBRAS ENGADIDAS

DE ARTE

COLECCIÓN



Cadro n°35 Ramón Borrajo Domarco "Moncho Borrajo"

Seguen a entrar obras, e os fondos artísticos a seren ampliados, van completando o elenco representativo, que queda ademais así acrecentado e enriquecido. Na escolla o comité asesor pondera a pertinencia das distintas propostas, e suxire a súa localización nos corredores e salas xerais de reunións. No momento de pechar a redacción deste texto estas son as obras e os autores novos, que reunimos neste parágrafo.

PARLAMENTO

DE GALICIA

De **Antonio Quesada** entrou *Gaiteiros no camiño*, obra de 2002, que chega na calor da súa recente exposición-homenaxe en 2018 en Vigo. Nesta cidade vivía dende 1966, e alí morreu en 2015. Nacido en Ourense en 1932, a súa infancia discorre durante a guerra civil, coa adolescencia e xuventude na época da ditadura franquista, a do bloqueo político e a autarquía económica. Os estudos levarano a Madrid, e xa con destino en Zamora, en 1953, o xove artista e funcionario de Facenda completará a súa formación artística, máis alá de Ourense e os 'Artistiñas', sendo agora a presenza e estímulo de artistas como Antonio Pedrero, e os poetas Jesús Tundidor ou Claudio Rodríguez, cos que se relaciona. Xorden así grandes paisaxes premiadas, na Bienal de Zamora, en 1971, e na Bienal de Pontevedra de 1972, na que acada a medalla de ouro. Á busca dunha expresión sintética da paisaxe, con énfase lírica e idealista, nas súas amplas áreas cromáticas aboian os contrastes e o movemento, amosando a súa paixón pola natureza, que plasma como paisaxe abstracta mediante a mancha, os xogos de luces e as tonalidades, dende os estados do espírito, lonxe xa dos comezos, en que era un realista. Firmaba 'A. Quesada', sen dúbida para distinguirse de Xaime, quen engadira un ese ao apelido paterno, ou Fernando, debuxante viñetista de sona, ou Carlos, caricaturista.

De **Pedro Solveira Collazo** (Vigo, n.1932) é *Contrabajista*, de 1968, unha obra en altorrelevo realizado en ferro oxidado e aceiro calmado cincelado, técnica na que o autodidacta artista é un consumado mestre. A pintura e o deseño teñen sido tamén medios expresivos. Ten exposto dende os anos sesenta en Caracas, Buenos Aires, París, Xénova, Xenebra, Tokyo, Berlín ou Londres, e nos anos setenta en diversas cidades de EE.UU. Xa nos anos noventa traballa con sistemas técnicos propios das segundas vangardas con novos materiais como o metacrilato, e unha concepción construtivista. O músico exposto semella un profeta en diálogo coa inspiración, nunha composición de gran alento creativo.

Manuel Rodríguez Moldes (Pontevedra, 1949-2017). Profesor da Facultade de Belas Artes da súa cidade, integrante da Real Academia de Belas Artes de Pontevedra da Universidade de Vigo, membro fundacional do Grupo Atlántida, co que expón entre 1980 e 1984, para enfiar as súas inxerencias cara a Galicia, logo de expresarse na linguaxe e temas das correntes plásticas contemporáneas internacionais. Comezou a expoñer en 1970. Ten 2006 unha breve estadía seminal en Nova York que transforma o seu estilo, que tiña sido bastante xestual, na liña de Pollock e o expresionismo abstracto. Un anos antes xa rachara con ela en certo modo, tratando de amosar o seu mundo interior, ensinando *links*, ou enlaces con claves simbólicas, da que é mostra a súa obra do Parlamento, *Electric-man-link-01*, de 2001. Así, ela funciona como sedun *input* se tratase. É a irrupción na súa plástica das tecnoloxías electrónicas, cunhas cores que en Manolo Moldes nunca son inocentes.

Manuel Quintana Martelo (Roxos, Santiago de Compostela, n.1946) denominado *MAR a VIÑAS*, óleo sobre tea a modo de tríptico, de gran formato, datado entre 2013 e 2018 e asinado 'QM'. A peza é a parte polo todo dun gran proxecto desenvolvido entre 2011 e 2013, exposto en Santiago. Centrado en Manuel Viñas, pescador de Campelo (Poio, Pontevedra), e a súa dorna, un personaxe que toma como modelo, e plasma con minuciosos debuxos previos, tamén en esculturas de bronce. O artista, que tivo a Goya, Rembrandt ou Hockney no seu museo imaxinario, formouse en Barcelona, estudando na Escola de Belles Arts, e viaxou con bolsas de estudos por Europa, para regresar nos anos oitenta a Galicia. Participou no Grupo Atlántica, e ten feito numerosas exposicións, e colaborado coas súas ilustracións en libros. Dende 2010 fai tamén escultura. Pintor matérico, realista e hiperrealista, un grande co concepto de bodegón, que renova cunha praxe de entomólogo, para capturar o que temos ao noso carón, e a súa luz.

Xoguete soñado para un monicreque sen nenos, 2003, é una escultura de madeira de cerdeira e castiñeiro policromada e notables dimensións da autoría de **Francisco Pestana Díaz**. Este é o escultor **Paco Pestana**, nacido en Peredo-Castroverde, Lugo en 1949. O autodidacta artista comezou coa escultura arredor dos trinta anos, e ten feito dende entón dúcias de exposicións. Mais Pestana séntese dende o seu ser de labrego, e filósofo práctico, sempre un poeta. É un *outsider*, un dos últimos libertarios da arte, na que se expresa con obras que teñen moito de *totem*, como esta do Parlamento. As instalacións son de evocación surrealista e dadaísta, dándolle moita importancia á palabra. É marca súa o estilo efectista e irreverente, no que mestura o cotián e o insólito, cun extraordinario poder magnético que non deixa indiferente a ninguén.

P. del Palacio (Purificación del Palacio Solá) é unha artista madrileña viguesa de adopción, asentada na cidade olívica dende hai décadas. Titulada na Escuela Superior de Bellas Artes de San Fernando, Madrid, ten feito exposicións dende finais dos anos sesenta principalmente na cidade olívica e o seu entorno. É unha apaixonada do corpo humano, que ten pintado espido con insistencia, ou durmindo. Outra das súas temáticas preferidas é a das naturezas mortas. A decoración, a escenografía e a roupa son traballos complementarios que configuran o seu mundo. Ademais do retrato da presidenta Dolores Villarino Santiago, xa comentado, hai na pinacoteca do Parlamento outra obra súa, *Manzanas y uvas*, de 2017, un hiperrealista bodegón.

Calma al ocase 2017 é a paisaxe que **Marisa Redondo Sayáns** ten nos fondos pictóricos parlamentarios. A súa actividade como pintora actívase logo da súa xubilación docente, para plasmar a súa terra na costa do mar de Arousa. Co ceo nunha arroibada vermella, realizado con óleo e técnica mixta, amosa unha visión real e unha sensación de plenitude nun día de calor pouco antes do solpor.

Ramón Borrajo Domarco (Baños de Molgas, Ourense, n. 1949). Este coñecido artista do espectáculo, coñecido como **Moncho Borrajo**, ten desenvolvido un camiño no eido da pintura, dende que deixa os escenarios en 2009, aínda que xa o tiña feito dende os anos setenta, de forma esporádica. *Cadro n° 35* é a súa obra nos fondos do Parlamento, un óleo e técnica mixta sobre tea, coa reprodución do retrato de Rosalía de Castro, nunha composición formada por distintos segmentos e texturas onde revela o seu gusto polo decorativo dende o xeométrico. Na súa fase formativa estudou na Escuela Superior de Belas Artes San Carlos de Valencia, en paralelo aos da Escola Superior de Arquitectura.

José Antonio Fondevila García (Fiestras-Silleda, Pontevedra, n. 1952). A obra *Realidade mutante*, de 2017, unha instalación escultórica realizada en madeira pintada e cantos rodados, é a suxestiva obra de Fondevila, que exemplifica aquilo que explicara Artístoteles na súa *Metafísica* (libro IX,1) do ser en potencia e ser en acto. Dende os coios de ríos dous conxuntos de paralelepípedos medran cos seus torsos simétricos en espiral, hélices da vida. O artista de Lalín estudou no politécnico de Pontevedra e traballou de funcionario municipal no campo da electricidade. Comezou a expoñer en 1993, logo de diplomarse na Universidade de Miami, EE.UU. Dende entón ten amosado as súas obras en diversos países de Europa e América. É principalmente pintor, sendo as súas propostas escultóricas abstraccións dende o volume coa xeometría como base.

Los Argonautas del sur, de Francisco **Xavier** Fernández-Contente **Magalhães** é unha das súas obras no Parlamento. Trátase dun tríptico realizado ao xeito antigo pintado tamén no reverso, do artista coñecido como **Xavier Magalhães**, co apelido da súa nai lisboeta, peza datada en 2012, ao igual que as outras da colección, *Argonautas*. Nado en Pontevedra en 1953, mais vigués de adopción, é un artista poroso coas obras cheas de correspondencias entre cores e emocións, que expresa con intensidade. Así nas obras seleccionadas, co drama das xentes de África cara a Europa. O influxo de Laxeiro, quen o acubillou durante anos, é patente. Dende as exposicións da Casa da Parra, Compostela, en 1992, e a do Castelo de Soutomaior, Pontevedra, dous anos despois, o seu estilo defínese polos trazos enérxicos e as liñas anchas, como esqueleto da obra.

Da artista natural de Vigo **Paula Mariño Pazó** (n.1958), con residencia en Pontevedra, é o seu díptico *Sima n° 1* e *Sima n° 2*, realizado en 2016, sobre lenzo con óleo, pigmentos e verniz. Licenciada na Universidade de Santiago e na de Vigo en Historia da Arte moderna e contemporánea, e en Belas Artes en pintura, gravado e estampación, respectivamente, é unha estudiosa dos movementos artísticos, publicando artigos da súa especialidade en revistas especializadas. Como escritora, ten publicado un libro de relatos, *Na derruba*, en 2006. Esta artista visual, que

emprega a fotografía e o gravado, técnica coa que comezou a expoñer en 1993, é docente na escola municipal de Artes e Oficios de Vigo, e comisaria de exposicións. O suxestivo da obra do Parlamento é a súa capacidade evocadora de pensamentos dende esvaídos campos cromáticos, realidades imaxinadas que atrapa no ar como posibilidades. A outra obra do Parlamento, sen título, da serie '*A Sima*', e do mesmo ano que o díptico, é unha suxestiva peza con resaibos figurativos femininos.

Ten o artista **Xosé Luis Otero Becerra** (Nocelo da Pena-Xinzo de Limia, n.1967), con residencia en Vigo, dúas obras na pinacoteca do Parlamento. Datadas en 2015, e técnica mixta, tanto dende os soportes como no que atinxe á utilización do óleo ademais dos vernices, tintas, arxila ou cola. Dende eles pode así expresar a contemporaneidade. O abstracto delas é superficial, pois falan dende os sentimentos e as emocións en diálogo coa tradición. Nos seus reversos, sobre o liño que procede da súa casa familiar limiá, escribe o artista textos que as contextualizan. Escribe así Otero en *Negra sombra*: «*A ferida na alma que non hai vendaxe que cubra. O sangue abrollando a través das fendas polas que se precipita a melancolía. Lonxe, moi lonxe...*»; e en *Viúvas dos vivos*: «*o mar nunca deixa pegadas, non hai mariñeiros na praia, e do porto levanta áncora, longa e dura travesía aquela, dos que navegan na procura...*». O lenzo como espazo de conflito, con pinceladas cheas de vigorosos empastes, coa popa do buque e a praza que remiten aos seus primeiros tempos na figuración e neofiguración, praxe que agora é matérica e informalista. O artista ten exposto en diferentes cidades españolas e países estranxeiros, con obras en edificios públicos, caso dos hospitais do Meixoeiro e o Álvaro Cunqueiro.

El lavatorio de Tintoretto, datada en 2017, é o cadro de **Víctor Mejuto Seoane** (Barcelona, n.1969) na colección de arte do Parlamento. Este acrílico sobre loneta de grandes dimensións, como o orixinal do Museo do Prado, foi a primeira dunha serie de obras que centraron a súa atención na pinacoteca madrileña, e que tivo como resultado unha exposición en Ourense. O artista, que é tamén fotógrafo, quíttalle ao cadro todos os seus personaxes para quedarse co espazo seleccionado por aquel artista veneciano. Deste xeito proponnos unha nova forma de ver aquela obra clásica do renacemento, dende campos xeométricos de cores planas. Este é o seu sistema de proceder, na procura dun diálogo co espectador dende o enxeño.

Víctor López-Rúa (A Coruña, n. 1971) é un artista figurativo, un creador de espazos na procura da inquietante beleza do contorno cotián, que está a expoñer dende 1999. *El juego del escondite*, un óleo sobre lenzo datado en 2006, é a súa proposta do Parlamento. Esta obra exemplifica o seu dominio na pintura de interiores cuxos protagonistas son, como os propios espazos, do seu contorno, a familia e a casa. Son así os seus cadros retratos do seu mundo. O artista coruñés foi discípulo

de Antonio López Rodríguez, formación ampliada en Florencia e Roma. Dende a súa praxe plástica López-Rúa é un experimentador que está a desenvolver a pintura estereoscópica, técnica paradoxal coa que se poden percibir as obras dun xeito volumétrico. Recentemente ilustrou a edición das Sonatas de Valle-Inclán.

Antón Sobral Iglesias (n. 1952, Marín, Pontevedra) é un artista no amplo sentido do concepto, dende a pintura, o deseño e a ilustración, e tamén a música e a poesía, cunha personalidade que se fai forte dende a complicidade do plural, con Galicia como *topos*, e a cultura por norte. E malia todo, ama o silencio e a calma. Foi docente na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, en Pontevedra. Leva facendo exposicións dende 1976, para moverse con elas por Europa na década dos anos noventa. Os seus cadros son unha fiestra cara ao mar, e del tira o artista moito do seu discurso plástico. Co movemento da auga, as ondas e a súa espuma, quere provocar a serenidade. O seu é un paisaxismo da natureza, que presenta sen referencias nun exercicio de abstracción, no que hai lirismo e unha espiritualidade panteísta dende o gozo de vivir. Así en *Maruxía*, de 2013, obra da colección pictórica do Parlamento. Un impulso de alento romántico, «*le vent se lève... Il faut tenter de vivre!*» (Valéry), auga, espuma e nubes, nunha gama cromática azul, a súa cor.

Isidro Rodríguez Tascón (n. 1971, León). Artista multidisciplinar que traballa nos campos da pintura e da escultura, instalacións, e o tratamento dixital das imaxes, ademais do gravado. Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Salamanca, os dous últimos anos concluíunos en 1994 en Kassel (Alemaña), participando nas Documenta X, de 1997, e na XI, de 2002. Foi premiado en diversas ocasións pola Junta de Castilla y León, e acadou en 1999 en Madrid o premio de litografía. Ten residido e exposto Alemaña, Suíza, Bélxica, Italia ou Portugal. Algo característico de Tascón é a súa continua reflexión cos materiais, tanto cos máis usuais como co feltro, co que gañou o Premio Carriegos, León, en 2003, como os máis tecnolóxicos dos últimos traballos. *Neurome*, de 2016, impresión dixital e esmalte, é unha das súas obras nas que achega unha sensación de orde dende o efémero, fronte á desmesura da información e imaxes en avalancha que nos encamiñan cara a unha nova forma de fealdade.

F O N T E S

BIBLIOGRAFÍA

A arquitectura do Parlamento de Galicia, A Coruña, (sen datar), [ca. 2012].

COUSELO BOUZAS, J. [1950]. *La pintura gallega*.

GONZÁLEZ-ALEGRE ET ALII [2008]. [González Alegre, A., Bernárdez, C. L., Martínez-Antelo, I., Poncela López, N.], *Parlamento de Galicia. Arte contemporánea*, A Coruña.

PABLOS HOLGADO, F. (2013). *Arte no Parlamento*, Pontevedra.

MARTÍNEZ, F. F. (2013). *Os símbolos de Galicia*, Parlamento de Galicia, Santiago.

RUEDA ALONSO, M. (Coord., 2003)). *Guía de artistas de Galicia*, Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Santiago.

DA NET

<http://www.parlamentodegalicia.es/arte/>

Contido

1		325
O EXTERIOR DO PARLAMENTO DE GALICIA, UNHA BENVIDA DENDE AS ICONAS REFERENCIAIS DUNHA TERRA E DUNHA AUTONOMÍA		
	1.1 ANTE A FACHADA PRINCIPAL	326
	1.2 POLAS PORTAS DE HONRA, ATÉ O VESTÍBULO, A ESCALEIRA PRINCIPAL E O HEMICICLO	330
	1.3 A SALA DAS LETRAS GALEGAS	336
	1.4 ATÉ A ENTRADA COTIÁ...	338
	1.5 E NO COMEZO...	341

2		345
ANTES DA DEMOCRACIA, AS ARTES NA COLECCIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA		
	2.1 DOMINGO FONTÁN COMO SÍMBOLO. TERMINUS ANTE QUEM DUN PAÍS DENDE DUNHA TERRA DE SEU	346
	2.2 OVIDIO MURGUÍA DE CASTRO E RAMÓN PARADA JUSTEL, DENDE A XERACIÓN DOENTE	349
	2.3 NOS ALICERCES DA PINTURA GALEGA	351
	2.4 OS NOVOS E A XERACIÓN NÓS, NA CERNA DE GALICIA	359
	2.5 OUTRAS ACHEGAS PLÁSTICAS DURANTE OS TEMPOS ANTERIORES AOS DA DEMOCRACIA	365

3		375
COS TEMPOS DO PARLAMENTO		
	3.1 SALA DOS REIS E PRESIDENTES, ESPAZO DE HONRA	376
	3.2 ARTISTAS DE VARIAS XERACIÓNS QUE COMPARTEN	378

4		397
DISIECTA MEMBRA...		
	4.1 CO GALLO DO XXV ANIVERSARIO DO PARLAMENTO...	398
	4.2 OUTRAS ACHEGAS PLÁSTICAS	399

5		405
AS PENÚLTIMAS OBRAS ENGADIDAS		

ISBN

978-84-17702-49-6

DEPÓSITO LEGAL

C 2329-2018



9 788417 702496